



**Concello de Vigo**

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
Sesión do 3 de novembro de 2023 (1568/1102)**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira  
D<sup>a</sup> Elena Espinosa Mangana  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D. Carlos López Font  
D. Angel Rivas González  
D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro  
D<sup>a</sup> Patricia Rodríguez Calviño

**NON ASISTEN:**

D. Jaime Aneiros Pereira

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día tres de novembro de dous mil vinte e tres e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(887).- APROBACIÓN ACTAS.** Apróbase a acta da sesión extraordinaria e urxente do 23 de outubro e ordinaria do 27 de outubro de 2023.. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

**2(888).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE MANTEMENTO DO SISTEMA DE CONTROL HORARIO. EXPTE. 10189/113.**

Visto o informe xurídico do 17/10/2023 e o informe de fiscalización do 24/10/2023, dáse conta do informe-proposta de data 16/10/2023, asinado polo xefe do Servizo de Administración Electrónica, a técnica media de Relacións Laborais, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira-delegada da Área de Goberno e polo concelleiro-delegado da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

## Lexislación aplicable

- Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.
- RD Lex. 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas de modernización do goberno local.
- RD Lex. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia.

## Antecedentes

O Contrato de mantemento do sistema de control horario (expte. 39066-220), adxudicouse por Acordo da Xunta de Goberno Local de 10 de novembro de 2022, á empresa BASTET INGENIERÍA, S.L., por un prezo de 36.989,70 euros IVE incluído.

O contrato formalizouse en data 13/12/2022, entrou en vigor o 14/12/2022 e remata o vindeiro 13/12/2023.

Consta no expediente resolución da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, de data 20 de setembro de 2023, dispoñendo se proceda a instruír a primeira e única prórroga do contrato por ser necesario continuar ca prestación do servizo da empresa contratada.

## Fundamentos

1. O artigo 29 da LCSP dispón, no seu apartado 2º, que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas, e que a prórroga será acordada polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu aviso previo se produza polo menos dous meses antes do prazo de duración do contrato, salvo que no prego do contrato se estableza un maior.  
No apartado 4 do mesmo artigo, establécese que os contratos de servizos de prestación sucesiva terán un prazo máximo de duración de 5 anos, incluíndo as prórrogas, salvo que se trate dalgunha das excepcións recollidas nese apartado.
2. Neste contrato resulta que:
  - Na cláusula 7 “Prazo”, do PCAP, figura que *“Este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC, que será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o preaviso se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de preaviso os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses”*.
  - No apartado 4.C das FEC indícase: *“Unha única prórroga de tres (3) anos”*.
  - Prorrógase segundo os conceptos e importes do exercicio 2022.
  - No apartado 12 das FEC, sobre o réxime de pagamento, indícase que *“O pago da parte correspondente ao subministro de licencias aboarase ao comezo de cada exercicio, procedendo o primeiro pago trala formalización do contrato. A parte correspondente á asistencia técnica facturárase previa xustificación das horas empregadas para o cal a adxudicataria deberá presentar, previamente á*



## Concello de Vigo

*emisión das facturas, informe detallado das tarefas realizadas e horas consumidas, que será validado polos/as técnicos/as responsables dos servizos correspondentes”.*

3. Prezo da prórroga:  
O prezo total da prórroga ascende a 110.969,10 euros, dos cales 19.259,10 euros corresponden ao IVE.
4. Financiamento:  
A prórroga financiarase con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias e exercicios:

Exercicio	Concepto	Aplicación orzamentaria	Importe
2023	Mantemento Software	9207.2279902	35.989,70 €
2023	Servizos e Traballos Técnicos	9207.2270603	500,00 €
2024	Mantemento Software	9207.2279902	35.989,70 €
2024	Servizos e Traballos Técnicos	9207.2270603	1.000,00 €
2025	Mantemento Software	9207.2279902	35.989,70 €
2025	Servizos e Traballos Técnicos	9207.2270603	1.000,00 €
2026	Servizos e Traballos Técnicos	9207.2270603	500,00 €
<b>Total</b>			<b>110.969,10 €</b>

5. A empresa *BASTET INGENIERÍA, S.L.*, no transcurso do período contractual desenvolveu os traballos de acordo cos criterios marcados no prego de condicións técnicas e tamén coa súa oferta polo que se considera que o servizo se prestou de xeito satisfactorio.  
Precísase tramitar esta prórroga debido á necesidade de continuar co servizo de mantemento do sistema municipal de xestión de control de presenza horaria dos empregados públicos e do soporte técnico.  
A tramitación deste expediente de prórroga non supón unha nova actuación, posto que é continuación dun servizo que se ven desenvolvendo con anterioridade e polo tanto encádrase na Lei 5/2014, do 27 de maio de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3: "En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias: a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos."
6. Consta no expediente notificación número 97052/2023 recibida pola empresa con data 21 de setembro de 2023 que contén o preaviso de execución da prórroga que se comunica coa antelación mínima esixida, conlevando que dita prórroga sexa obrigatoria para o contratista.
7. O expediente de prórroga do contrato iníciase polo órgano de contratación, estando delegada no Concello de Vigo polo acordo da Xunta de Goberno Local do 22 de xuño do 2023 de delegación de competencias nos concelleiros delegados da Área. A tal fin, consta no expediente resolución da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, de data 20 de setembro de

2023, autorizando o inicio de este expediente da primeira e única prórroga do contrato.

8. Deberá incorporarse ao expediente de prórroga o certificado de existencia de crédito e a fiscalización previa da Intervención Xeral nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.
9. A competencia para a resolución do presente expediente e aprobación do gasto correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación de conformidade ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público.

**Á vista do exposto**, ante a necesidade de continuar coas prestacións ás que se refire o presente expediente de contratación, en beneficio e defensa dos intereses municipais, previos informes xurídico e da Intervención Xeral, coas conformidades da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal mailo Concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA**:

- 1.- Acordar a PRIMEIRA E ÚNICA PRÓRROGA DO CONTRATO DE MANTENIMENTO DO SISTEMA DE CONTROL HORARIO (39066-220) polo período de tres (3) anos, do 14 de decembro de 2023 ao 13 de decembro de 2026, polo importe total de **110.969,10 €** IVE engadido.
- 2.- Autorizar o gasto de **36.489,70 euros** (IVE incluído), con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias e exercicios:

Exercicio	Concepto	Aplicación orzamentaria	Importe
2023	Mantenimento Software	9207.2279902	35.989,70 €
2023	Servizos e Traballos Técnicos	9207.2270603	500,00 €
<b>Total</b>			<b>36.489,70 €</b>

- 3.- Asumir o compromiso de dotar orzamentariamente o gasto de **74.479,40 euros** (IVE incluído), con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias e exercicios:

Exercicio	Concepto	Aplicación orzamentaria	Importe
2024	Mantenimento Software	9207.2279902	35.989,70 €
2024	Servizos e Traballos Técnicos	9207.2270603	1.000,00 €
2025	Mantenimento Software	9207.2279902	35.989,70 €
2025	Servizos e Traballos Técnicos	9207.2270603	1.000,00 €
2026	Servizos e Traballos Técnicos	9207.2270603	500,00 €
<b>Total</b>			<b>74.479,40 €</b>



## Concello de Vigo

4.- Notificar este acordo ao contratista, con indicación de que contra el caberá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (Arts. 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98).

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **3(889).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO ALUGUER, NA MODALIDADE DE RENTING, DE ELEMENTOS DE TRANSPORTE SEN CONDUTOR PARA O DESPRAZAMENTO DE TRABALLADORES/AS DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO. EXPTE. 19981/77.**

Visto o informe de fiscalización do 27/10/2023, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada en data 26/10/2023, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación do aluguer, na modalidade de renting, de elementos de transporte sen condutor para o desprazamento de traballadores/as do Plan Municipal de Emprego (19981-77)

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto simplificado para a contratación do aluguer, na modalidade de renting, de elementos de transporte sen condutor para o desprazamento de traballadores/as do Plan Municipal de Emprego (19981-77)

### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 21 de xullo de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

*“1º Aprobar o expediente de contratación (19981-77) por procedemento aberto simplificado do ALUGUER, NA MODALIDADE DE RENTING, DE ELEMENTOS DE TRANSPORTE SEN CONDUTOR PARA O DESPRAZAMENTO DE TRABALLADORES/AS DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO.*

*2º. Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares, de 21 de abril de 2023, e o prego de cláusulas administrativas particulares, de 30 de xuño de 2023, que rexerán a contratación do ALUGUER, NA MODALIDADE DE RENTING, DE ELEMENTOS DE TRANSPORTE SEN CONDUTOR PARA O DESPRAZAMENTO DE TRABALLADORES/AS DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO.*

*3º.- Aprobar o gasto de 70.422,00 euros (IVE incluído de 12.222,00 €) para a contratación do ALUGUER, NA MODALIDADE DE RENTING, DE ELEMENTOS DE TRANSPORTE SEN CONDUTOR PARA O DESPRAZAMENTO DE TRABALLADORES/AS DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO, con cargo á aplicación orzamentaria 2410 2040000 ALUGUER DE ELEMENTOS DE TRANSPORTE (P. EMPREGO), do orzamento do Concello de Vigo, distribuído do xeito seguinte:*

- 17.605,50 € correspondentes ao ano 2023*
- 35.211,00 € correspondentes ao ano 2024*
- 17.605,50 € correspondentes ao ano 2025*

*4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente establecida.”*

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), na sesión que tivo lugar o 8 de setembro de 2023, adoptou o seguinte acordo:

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto simplificado para a contratación do aluguer, na modalidade de renting, de elementos de transporte sen condutor para o desprazamento de traballadores/as do Plan Municipal de Emprego (19981-77):*

	<b>Licitador</b>
1	AUTOS BREA, S.L.

*Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, AUTOS BREA, S.L., para que presente, no prazo de sete días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 23 do prego de cláusulas administrativas particulares.”*

**Terceiro.-** Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, AUTOS BREA, S.L., o día 15 de setembro de 2023, que presenta a documentación requirida os días 19 e 20 de setembro, dentro do prazo concedido, e o día 9 de outubro de



## Concello de Vigo

2023, fora deste prazo. Documentación, esta última, que é admitida en base ao criterio sostido polos tribunais de recursos contractuais que defende a posibilidade de emenda desta documentación (entre outras, Resolución nº 806/2019, do 11 de xullo, do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais).

Revisada a documentación, a Mesa de Contratación, na súa sesión do 13 de outubro de 2023, acordou conceder un prazo de 3 días a AUTOS BREA, S.L., para que puidese emendar a documentación á que se refire o artigo 150 da LCSP. Durante o prazo concedido o devandito licitador presentou, a documentación requirida.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 26 de outubro de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por maioría dos/as membros presentes coa abstención de D. Xabier Pérez Igrexas, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar AUTOS BREA, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por AUTOS BREA, S.L., de conformidade co acordo da Mesa de Contratación de data 8 de setembro de 2023 polo que se acorda outorgar a este licitador a máxima puntuación ao abeiro do previsto na cláusula 16.3 do PCAP.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a AUTOS BREA, S.L. o procedemento aberto simplificado para a contratación do aluguer, na modalidade de renting, de elementos de transporte sen condutor para o desprazamento de traballadores/as do Plan Municipal de Emprego (19981-77) por un prezo total de 70.422,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 12.222,00 euros, e coa seguinte condición:*

- a) Propón unha porcentaxe de desconto do 2 % a aplicar aos prezos unitarios recollidos no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **4(890).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE FORMACIÓN E POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO ORAL NO CENTRO DE INTERPRETACIÓN DA ORALIDADE DE VIGO (CIOV). EXPTE. 3124/334.**

Visto o informe de fiscalización do 27/10/2023, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada en data 26/10/2023, que di o seguinte:

#### **11.- Propostas de adxudicación**

- b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de formación e posta en valor do patrimonio oral no Centro de interpretación da oralidade de Vigo (CIOV) (3124-334)

## **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de formación e posta en valor do patrimonio oral no Centro de interpretación da oralidade de Vigo (CIOV) (3124-334)

## **ANTECEDENTES**





## Concello de Vigo

**Primeiro.-** Con data do 1 de decembro de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

*“Primeiro.-Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria para a contratación do servizo de formación en materia de improvisación e narración oral en lingua galega do Centro de Interpretación da Oralidade de Vigo (CIOV).*

*Segundo.-Aprobar o Prego de prescricións técnicas particulares asinado pola técnica de Normalización Lingüística e pola concelleira delegada con data do 3 de outubro de 2022.*

*Terceiro.-Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá o contrato redactado pola técnica de Administración Xeral e pola xefa do Servizo de Contratación con data do 18 de outubro de 2022.*

*Cuarto.-Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de 58.576,10 €; cun importe correspondente ao 21 % de IVE 5.798,10 €. O valor estimado do contrato de 79.167,00 €.*

*Quinto.-Por ter o financiamento carácter plurianual, establécese a correspondente condición suspensiva de existencia de crédito nos exercicios correspondentes; será cargado á aplicación orzamentaria 3341.227.99.06 (Centro de Interpretación da Oralidade de Vigo) segundo a seguinte distribución de anualidades:*

*Sen prórroga:*

Partida orzamentaria	2023	2024
3341.227.99.06 (Centro de Interpretación da Oralidade de Vigo)	29.288,05 €	29.288,05 €

*Con prórroga:*

Partida orzamentaria	2023	2024	2025
3341.227.99.06 (Centro de Interpretación da Oralidade de Vigo)	29.288,05 €	29.288,05 €	29.288,05 €

*As diferentes anualidades imputaranse aos exercicios orzamentarios detallados, quedando o gasto subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento, segundo o disposto no artigo 117.2 LCSP.*

*Sexto.-Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.”*

**Segundo.-** A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 18 de setembro de 2023 adoptou a seguinte resolución:

*“Primeiro.- Tomar razón da exclusión de NORFORMACIÓN, S.L., acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 14 de setembro de 2023, por superar, a súa oferta, o orzamento base de licitación (Cláusula 5.6 do PCAP “As proposicións dos licitadores deberán ser, en todo caso, iguais ou inferiores ao orzamento base de licitación. En caso contrario, serán excluídas.”)*

*Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de formación e posta en valor do patrimonio oral no Centro de interpretación da oralidade de Vigo (CIOV) (3124-334) na seguinte orde descendente:*

**LOTE 1**

	<b>Empresa licitadora</b>	<b>Total puntos</b>
1	ASOCIACIÓN ORAL DE GALICIA	62

**LOTE 2**

	<b>Empresa licitadora</b>	<b>Total puntos</b>
1	ASOCIACIÓN ORAL DE GALICIA	64.50

**LOTE 3**

	<b>Empresa licitadora</b>	<b>Total puntos</b>
1	ASOCIACIÓN ORAL DE GALICIA	60,50

*Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ASOCIACIÓN ORAL DE GALICIA (Lotes 1, 2 e 3), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares."*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, ASOCIACIÓN ORAL DE GALICIA, o día 20 de setembro de 2023, que presenta a documentación requirida o 4 de outubro de 2023, dentro do prazo concedido.

Revisada a documentación, a Mesa de Contratación, na súa sesión do 13 de outubro de 2023, acordou conceder un prazo de 3 días a ASOCIACIÓN ORAL DE GALICIA, para que puidese emendar a documentación á que se refire o artigo 150 da LCSP. Durante o prazo concedido o devandito licitador presentou, a documentación requirida.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 26 de outubro de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por maioría dos/as membros presentes coa abstención de D. Xabier Pérez Igrexas, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarse aos



## Concello de Vigo

licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ASOCIACIÓN ORAL DE GALICIA, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ASOCIACIÓN ORAL DE GALICIA, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 11 de agosto e 12 de setembro de 2023, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *“Tomar razón da exclusión de NORFORMACIÓN, S.L., acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 14 de setembro de 2023, por superar, a súa oferta, o orzamento base de licitación (Cláusula 5.6 do PCAP “As proposicións dos licitadores deberán ser, en todo caso, iguais ou inferiores ao orzamento base de licitación. En caso contrario, serán excluídas.”)*
2. *Adxudicar a ASOCIACIÓN ORAL DE GALICIA o lote 1 “Formación en improvisación oral”, o lote 2 “Actividades en improvisación oral nos centros escolares e na rúa” e o lote 3 “Formación en narración oral” do procedemento aberto para a contratación do servizo de formación e posta en valor do patrimonio oral no Centro de interpretación da oralidade de Vigo (CIOV) (3124-334) coas seguintes condicións:*
  - *Lote 1 “Formación en improvisación oral”*
    - *O prezo total do contrato é de 8.800,00 euros, IVE excluído.*
  - *Lote 2 “Actividades en improvisación oral nos centros escolares e na rúa”*
    - *O prezo total do contrato é de 32.868,00 euros, IVE excluído.*

- Lote 3 "Formación en narración oral"

➤ O prezo total do contrato é de 11.110,00 euros, IVE excluído.

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **5(891).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE CONSULTORÍA SOBRE O TRANSPORTE URBANO COLECTIVO. EXPTE. 3896/449.**

Visto o informe de fiscalización do 27/10/2023, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada en data 26/10/2023, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

c) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de consultoria sobre o transporte urbano colectivo (3896-449)

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos de consultoria sobre o transporte urbano colectivo (3896-449)

### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 31 de marzo de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

***"Primeiro.-** Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria da contratación dunha asistencia técnica para para*



## Concello de Vigo

a elaboración do estudo técnico sobre a demanda do transporte urbano colectivo no novo ámbito da mobilidade urbana sostible. e así mesmo. establecer un proceso de modelización da rede de transporte urbano da cidade co obxecto de poder determinar todas as opcións de optimizar dita rede en relación a configuración das liñas coa demanda real e de cara á renovación do servizo de transporte público urbano para o ano 2025

**Segundo.-** Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares redactado pola empresa INTO GALICIA CONSULTING SL, e asinado polo enxeñeiro técnico industrial e apoderado da empresa Juan Pablo Guerrero García, e polo enxeñeiro de camiños, canais e portos, Cesar Prieto García na data 8 de novembro de 2022 .

**Terceiro.-** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Xefa do Servizo de Contratación en data 23 de marzo de 2023.

**Cuarto.-** Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de trescentos noventa e nove mil seiscientos oitenta e dous € con noventa e tres céntimos (399.682,93 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 69.366,46 €

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, da partida orzamentaria 4411 2270600 “Estudio sobre liñas e frecuencias del TUC” de acordo coas seguintes anualidades IVE incluído:

ANO 2023	279.778,05 €
ANO 2024	119.904,88 €
TOTAL	399.682,93 €

**Quinto.-** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.”

**Segundo.-** A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 29 de setembro de 2023 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte ao informe asinado polo xefe da Área de Inversións e a xefa do Servizo de Transportes o 25 de setembro de 2023:

1. AIE MULTICRITERI - MCRIT: por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados sen que se tivesen xustificadas ao non presentar xustificación ningunha en prazo.
2. UTE CONSULTORA ALOMON, S.L. - TEKIA INGENIEROS, S.A.: por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados sen que se tivesen xustificadas por non cumprirse os requisitos para consideralas xustificadas consonte ao devandito informe do 25 de setembro.
3. UTE INGARTEK CONSULTING, S.L. - CENTRO DE ESTUDIOS EN TRANSPORTES Y MOVILIDAD, S.L.: por conter as súas ofertas valores

*anormais ou desproporcionados sen que se tivesen xustificado ao non presentar xustificación ningunha en prazo.*

*Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de consultoría sobre o transporte urbano colectivo (3896-449) na seguinte orde descendente:*

<b>Orde</b>	<b>Empresas licitadoras</b>	<b>PUNTUACIÓN TOTAL</b>
<b>1º</b>	<b>UTE EPTISA SERVICIOS DE INGENIERÍA, S.L. - CPS INFRAESTRUCTURAS MOVILIDAD Y MEDIO AMBIENTE, S.L.</b>	<b>93,12</b>
2º	ANTEA IBEROLATAM, S.L.U.	88,15
3º	IDOM CONSULTING, ENGINEERING, ARCHITECTURE, S.A.U.	80,65
4º	TÉCNICA Y PROYECTOS, S.A.	78,80
5º	TRN TARYET, S.A.	58,72

*Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE EPTISA SERVICIOS DE INGENIERÍA, S.L. - CPS INFRAESTRUCTURAS MOVILIDAD Y MEDIO AMBIENTE, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares."*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE EPTISA SERVICIOS DE INGENIERÍA, S.L. - CPS INFRAESTRUCTURAS MOVILIDAD Y MEDIO AMBIENTE, S.L., o día 5 de outubro de 2023, que presenta a documentación requirida o 17 de outubro de 2023, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 26 de outubro de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por maioría dos/as membros presentes coa abstención de D. Xabier Pérez Igrexas e D. Fernando González Abeijón, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).



## Concello de Vigo

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar UTE EPTISA SERVICIOS DE INGENIERÍA, S.L. - CPS INFRAESTRUCTURAS MOVILIDAD Y MEDIO AMBIENTE, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por UTE EPTISA SERVICIOS DE INGENIERÍA, S.L. - CPS INFRAESTRUCTURAS MOVILIDAD Y MEDIO AMBIENTE, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 21 de agosto de 2023 e 25 de setembro de 2023, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *“Tomar razón das exclusións adoptadas pola concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 29 de setembro de 2023, por conter as ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte ao informe asinado polo xefe da Área de Inversións e a xefa do Servizo de Transportes o 25 de setembro de 2023:*
  1. *AIE MULTICRITERI - MCRIT: por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados sen que se tivesen xustificadas ao non presentar xustificación ningunha en prazo.*
  2. *UTE CONSULTORA ALOMON, S.L. - TEKIA INGENIEROS, S.A.: por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados sen que se tivesen xustificadas por non cumprirse os requisitos para consideralas xustificadas consonte ao devandito informe do 25 de setembro.*
  3. *UTE INGARTEK CONSULTING, S.L. - CENTRO DE ESTUDIOS EN TRANSPORTES Y MOVILIDAD, S.L.: por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados sen que se tivesen xustificadas ao non presentar xustificación ningunha en prazo.*

2. Adxudicar á UTE EPTISA SERVICIOS DE INGENIERÍA, S.L. - CPS INFRAESTRUCTURAS MOVILIDAD Y MEDIO AMBIENTE, S.L. o procedemento aberto para a contratación dos servizos de consultoría sobre o transporte urbano colectivo (3896-449) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 319.440,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 55.440,00 euros.
- b) Propoñen un incremento da experiencia laboral do “Director/a Proxecto” con respecto ao mínimo esixido de 5 anos.
- c) Propoñen un incremento da experiencia laboral do “Especialista en modelización mobilidade urbana” con respecto ao mínimo esixido de 5 anos.
- d) O/a Director/a Proxecto ou o/a Especialista en modelización mobilidade urbana teñen formación específica no ámbito da xestión do transporte urbano.
- e) Comprométense á realización dunha acción formativa en liña dirixida ao persoal técnico que designe o Concello de Vigo en relación aos procesos de simulación calibrado da rede de transporte urbano de Vigo, así como os distintos modelos para a definición de propostas de optimización da rede de transporte urbano de Vigo a través dos procesos de modelización utilizados, dunha duración mínima de 10 horas.

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## **6(892).- PRÓRROGA DA “CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO, DO SERVIZO DE XESTIÓN DAS INSCRICIÓNS, CLASIFICACIÓNS E CRONOMETRAXE DO CIRCUÍTO RUNRUNVIGO”. EXPTE. 23011/333.**

Visto o informe xurídico de data 25/10/2023 e o informe de fiscalización do 27/10/2023, dáse conta do informe-proposta do 23/10/2023, asinado polo xefe do Servizo de Deportes e conformado polo concelleiro-delegado de Deportes, a concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

### **1. Antecedentes**

a) Con data 03.02.2022, a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, aprobou o expediente para a “contratación, mediante procedemento aberto, do SERVIZO DE XESTIÓN DAS INSCRICIÓNS, CLASIFICACIÓNS E CRONOMETRAXE DO CIRCUÍTO





## Concello de Vigo

RUNRUNVIGO (EXPTE NÚM. 21172-333)” (trámite núm. 140 do expediente 22172-333).

b) A Mesa de Contratación, na sesión celebrada o 17.03.2022, adoptou o acordo de clasificación de ofertas e proposta de adxudicación PARA a “contratación, mediante procedemento aberto, do SERVIZO DE XESTIÓN DAS INSCRICIÓNS, CLASIFICACIÓNS E CRONOMETRAXE DO CIRCUÍTO RUNRUNVIGO (EXPTE NÚM. 21172-333)” (trámite núm. 209 do expediente 22172-333).

c) A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de data 13.04.2022 adoptou o seguinte acordo (trámite núm. 263 do expediente 22172-333):

*“Adxudicar a TEAM RELAY, S.L. (B-36.963.601) o procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión das inscricións, clasificacións e cronometraxe do circuíto RUNRUNVIGO (21.172-333) coas seguintes condicións:*

*a) O orzamento máximo é de 12.358,83 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2.144,92 euro, cunha baixa proporcional única do 20 % a aplicar ao prezo unitario recollido no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP.*

*b) Propón os seguintes servizos complementarios:*

- Zona de control intermedio complementario en todas as probas*
- Monitor de seguimento de clasificacións na zona de chegada de cada proba cun tamaño mínimo de 55”*
- 5 Mailing masivos de promoción de carreiras pedestres ou eventos en vía pública a celebrar na cidade de Vigo organizados ou con participación municipal non incluídos no programa RunRunVigo.*
- Ampliación do prazo de inscrición de corredores ata 48h previas á celebración do evento nos casos que se solicite*
- Enlace directo no contorno web da empresa ás principais redes sociais dos organizadores de cada unha das probas e do Concello de Vigo*

*c) Propón unha porcentaxe de desconto do 20 (%) a aplicar ao prezo sinalado na cláusula 5 do PPT para o aluguer de chip desbotable ou non reutilizable ás entidades organizadoras de cada unha das probas.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

d) Con data 21.04.2022, procédese á sinatura do contrato coa mercantil TEAM RELAY, S.L. (B-36.963.601), por para a prestación do servizo obxecto da contratación, a partir do 22.04.2022, inclusive, cunha duración ata o 31.12.2022, inclusive, contemplándose tres prórrogas dun ano de duración cada unha (trámite núm. 287 do expediente 22172-333).

e) A empresa adxudicataria do Servizo, presenta documento número 220281556 de data 14.11.2022, vía Rexistro Xeral do Concello de Vigo, no que manifesta o seu interese en que se proceda a unha 1ª prórroga do expediente de “contratación, mediante procedemento aberto, do SERVIZO DE XESTIÓN DAS

INSCRICIÓNS, CLASIFICACIÓNS E CRONOMETRAXE DO CIRCUÍTO RUNRUNVIGO (EXPTE NÚM. 21172-333)” (trámite núm. 3 do expediente 22144-333).

f) Con data 22.12.2022, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria, aproba 1ª prórroga do expediente de “contratación, mediante procedemento aberto, do SERVIZO DE XESTIÓN DAS INSCRICIÓNS, CLASIFICACIÓNS E CRONOMETRAXE DO CIRCUÍTO RUNRUNVIGO (EXPTE NÚM. 21172-333)”, por un período de un ano, comprendido entre o 1 de xaneiro de 2023 ata o 31 de decembro de 2023, ambos os dous incluídos, conforme ao disposto no prego de cláusulas administrativas na prescrición 7ª, a favor da, empresa TEAM RELAY, S.L. (B36963601), o que supón un gasto de 12.358,83 €, con cargo á partida do orzamento de gastos da Concellería de Deportes 3410.2260901 “Organización de actividades deportivas” (trámite núm. 31 do expediente 22144-333).

g) Esta 1ª prórroga, notifícaselle á empresa prestataria do Servizo TEAM RELAY, SL, mediante comunicación de data 22.12.2023. Consta recepción da notificación do día 23.12.2023 (trámites núm. 35 e 40 do expte núm. 22144-333).

## 2. Fundamentos de dereito

O artigo 29 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, dispón no seu apartado segundo, que o contrato poderá prever unha o varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas. A prórroga apróbese polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu aviso previo se produza con dous meses de antelación á finalización do prazo de execución do contrato.

No devandito artigo, no seu apartado cuarto, establécese que o prazo de duración nos contratos públicos de servizos será de 5 anos máximo, incluídas todas as súas prórrogas, que en aplicación do apartado segundo dese artigo, acorde o órgano de contratación, con respecto ás condicións e límites establecidos nas respectivas normas orzamentarias que sexan aplicables ao ente contratante.

No PCAP, **cláusula 7. Prazo de execución, punto 3**, recóllese que este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC. A prórroga será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e este se lle notifique, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de aviso previo os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses. O apartado 4. C da FEC contempla a posibilidade de tres prórrogas, dun ano de duración cada unha.

## 3. Desenvolvemento do contrato actual:

A empresa dispón de todos os medios necesarios tanto humanos como técnicos para o desenvolvemento do servizo, obxecto do contrato, e vén prestando o



## Concello de Vigo

mesmo dun xeito satisfactorio (incluída a primeira prórroga), de acordo cos criterios marcados no PPT.

Na situación actual, resulta necesario propoñer a segunda prórroga do contrato cara a garantir a prestación do servizo, tendo en conta a programación de eventos deportivos incluídos no calendario.

### **4.Prezo anual do contrato incluída a primeira prórroga:**

A prezo máximo anual do contrato é de 12.358,83 euros sen IVE, sendo o IVE de 2.144,92 euros, para a primeira anualidade.

A primeira prórroga, que comezou o 01.01.2023 e finalizará o vindeiro 31.12.2023 (una anualidade), tramitouse por un importe de 12.358,83 euros sen IVE, sendo o IVE de 2.144,92 euros.

### **5.Prezo para o período desta segunda prórroga:**

Tendo en conta que esta segunda prórroga é por unha anualidade e segundo o indicado no PCAP non procede a revisión de prezos, o prezo do contrato para o período da segunda prórroga sería de 12.358,83 €, IVE incluído (importe base de 10.213,91 € e 2.144,92 en concepto de IVE).

## 6. Financiamento do contrato:

O contrato financiarase con cargo a aplicación orzamentaria 3410.2260901 "Organización de actividades deportivas", coa seguinte distribución por anualidades:

ANUALIDADE	PARTIDA	IMPORTE
2024	3410.2260901 "ORG. ACTIV. DEPORTIVAS"	12.358,83 €

Posto que o prazo de execución do contrato remata o 31 de decembro de 2023 e constátase a necesidade de garantir o servizo, faise necesario tramitar a segunda (2ª) prórroga do expediente de "contratación, mediante procedemento aberto, do SERVIZO DE XESTIÓN DAS INSCRICIÓNS, CLASIFICACIÓNS E CRONOMETRAXE DO CIRCUÍTO RUNRUNVIGO (EXPTE NÚM. 21172-333).

A tramitación deste expediente de prórroga non supón unha nova actuación, por canto se ven desenvolvendo este tipo de servizos en anos anteriores e, polo tanto, encádrase na Lei 5/2014, do 27 de maio de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3.a) "En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos".

Polo anteriormente exposto e, conforme establece o art. 127 LBRL e a D. A. 2ª do Real Decreto Lexislativo 3/2011, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, propónse a **Xunta de Goberno Local** previo informe xurídico e fiscalización pola Intervención Xeral, a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:**

1. **Aprobar a segunda (2ª) prórroga** do expediente de "contratación, mediante procedemento aberto, do SERVIZO DE XESTIÓN DAS INSCRICIÓNS, CLASIFICACIÓNS E CRONOMETRAXE DO CIRCUÍTO RUNRUNVIGO (EXPTE NÚM. 21172-333)", por un período de un ano, comprendido entre o 1 de xaneiro de 2024 ata o 31 de decembro de 2024, ambos os dous incluídos, conforme ao disposto no prego de cláusulas administrativas na prescrición 7ª, a favor da, empresa TEAM RELAY, S.L. (B36963601).
2. **Aprobar o gasto** de 12.358,83 €, IVE incluído, que representa esta prórroga anual a favor de TEAM RELAY, S.L. (B36963601), con cargo a aplicación orzamentaria 3410.2260901 "ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS", coa seguinte distribución por anualidades:



## Concello de Vigo

ANUALIDADE	PARTIDA	IMPORTE
2024 (do 01.01.2024 ao 31.12.2024, inclusive)	3410.2260901	12.358,83 €

3. **Notificar este acordo ao contratista**, con indicación de que contra o mesmo poderá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (artigos 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e coincidentes da Lei 29/98).

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **7(893).- NOMEAMENTO DAS COMISIÓNS DE SELECCIÓN DE TRABALLADORES BENEFICIARIOS DO PROGRAMA “VIGO EMPREGA” NO MARCO DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO. EXPTE. 19968/77.**

Visto o informe de fiscalización do 26/10/2023, dáse conta do informe-proposta de data 24/10/2023, asinado pola xefa de Desenvolvemento local e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

I. A unidade administrativa de Desenvolvemento Local e Emprego ten encomendado o deseño e posta en marcha da proposta de actuación de desenvolvemento denominada "Programa de Emprego para Fomentar a Inserción Laboral VIGO EMPREGA" co obxectivo de mellorar a formación e facilitar a adquisición de maiores habilidades profesionais das persoas beneficiarias mellorando así, a súa capacitación e competencia profesional.

Para desenvolver estes obxectivos, a Tenencia de Alcaldía e Concellería delegada da área de goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes E Xuventude pon en marcha o PROGRAMA VIGO EMPREGA NO MARCO DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO 2023, concretado na realización de contratos de duración determinada na modalidade de contrato para a mellora da ocupación e a inserción laboral, en ocupacións directamente relacionadas cos obxectivos do mesmo, que resultan necesarios para a execución de obras de interese municipal non relacionadas ca actividade propia da Administración municipal, de carácter substantivo e propio, aprobadas pola Xunta de Goberno Local; e diferenciadas das tarefas e funcións propias do persoal estatutario do Concello de Vigo regulado polo seu propio convenio cuxo artigo 1 ARCT-CC establece claramente que só é aplicable aos empregados municipais “integrados no seu cadro de persoal”.

II. Con data 28/03/2023, a Dirección Xeral de Administración Local, *“informa favorablemente o Programa VIGO EMPREGA no marco do Plan municipal de emprego 2023 do Concello de Vigo, coas obrigas e condicionantes establecidos legalmente”*.

III. Con data 31/03/2023 a Xunta de Goberno Local acordou **aprobar as bases de selección de persoas candidatas a beneficiarias do PROGRAMA VIGO EMPREGA 2023** que se achegan no anexo I; e **proceder á súa publicación** no Diario Oficial de Galicia, no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, no taboleiro de anuncios, na web municipal e no portal de transparencia, para xeral coñecemento. (...)

As bases da convocatoria foron publicadas no BOPPO núm. 71 de 13/04/2023 e DOG núm. 168 de 05/09/2023, así como, na páxina web municipal, prensa local e portal de transparencia.

IV. Con data 20/10/2023 a Xunta de Goberno Local acordou **Aprobar a convocatoria de selección de 75 traballadores, conforme ás BASES DE SELECCIÓN DE PERSOAS CANDIDATAS A BENEFICIARIAS DO PROGRAMA VIGO EMPREGA convocatoria do 2023** (...).

V. Para esta nova convocatoria mantense o procedemento de selección de beneficiarios de anteriores programas, previa solicitude de candidatos dirixida ás oficinas do Servicio Público de Emprego de Galicia en Vigo para a realización da sondaxe conforme aos criterios establecidos na convocatoria e, posterior realización das probas escritas e prácticas, para o que resulta necesario proceder ao nomeamento dos membros titulares e suplentes das Comisións de Selección, que serán propostos pola Concelleira delegada da área de goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude, con titulación igual ou superior á do posto ofertado, debendo comparecer todos eles a título individual e cumprindo co estipulado no art. 60 do Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.

Os membros da comisión de selección e os seus asesores especialistas, percibirán como resultado da súa participación na mesma, as dietas que a normativa en vigor establece, na contía establecida no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, no seu anexo IV Asistencias por participación en tribunais de oposición ou concurso ou outros órganos encargados de persoal, establecendo un número máximo de vinte e dúas (22) sesións (4 para a Comisión de selección de Capataces, 7 para a Comisión de selección de Peóns, 4 para a Comisión de selección de Persoal técnico-administrativo e 7 para a Comisión de selección de Oficiais), cun gasto estimado de 9.250,08€.

Dada a previsión de realización das probas ao longo do mes de novembro, o expediente para proceder ao aboamento das dietas se tramitará, previsiblemente no exercicio 2023, con cargo á aplicación orzamentaria 2410 2330000 de “Dietas de Tribunais”, e o gasto se financiará, se fora preciso, con cargo á bolsa de vinculación ou mediante modificación orzamentaria.

Estímase necesaria a constitución de polo menos as 4 comisións de selección seguintes:

- Capataces
- Oficiais de Oficios
- Peóns-Ordenanza
- Persoal técnico administrativo (Auxiliar administrativo e Técnico de FP Auxiliar de Prevención de Riscos Laborais)



**Concello de Vigo**

## **V. ÓRGANO COMPETENTE**

De conformidade cos artigos 127.1.g) da Lei 7/1985 é competente para a adopción do presente acordo e o gasto como contrapartida do estipulado, a Xunta de Goberno Local a proposta da concelleira delegada.

Con carácter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local, remitirase o expediente para informe da Área de RRHH e Formación e da Intervención Xeral do Concello.

## **VII. RÉXIME DE RECURSOS**

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fose expreso ou, se non o fose, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativo (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

De acordo co anterior, e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, previa a conformidade da Terceira Tenente de Alcalde e Concelleira delegada da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por resolución da Alcaldía-Presidencia do 17 de xuño de 2023 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias en concelleiros e concelleiras de área do Concello de Vigo" e acordo da Xunta de Goberno Local do 19 de xuño de 2023 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros-delegados de área e nos demais delegados de competencias", propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

## **ACORDO**

1. Aprobar as seguintes Comisións de Selección de beneficiarios/as do Programa VIGO EMPREGA 2023 de conformidade coas bases reguladoras da convocatoria aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local de data 31/03/2023 (BOPPO núm. 71 de 13/03/2023 e DOG núm. 168 de 05/09/2023):





## Concello de Vigo

### a) Comisión 1: Selección de Capataces:

<b>Presidenta:</b>	Carla Candia Paz	Funcionaria	A1	Xefa de servizo
<b>Suplente:</b>	Santiago Ledo	Funcionario	A2	Arquitecto técnico
<b>Secretario:</b>	Francisco J. Escudero González	Funcionario	C1	Administrativo
<b>Suplente:</b>	Cristina Gago Alonso	Funcionaria	C1	Administrativo
<b>Vogais:</b>	Alfonso Conde Rodríguez	Laboral	C1	Capataz
	F. Javier Bea Puentes	Laboral	C1	Capataz
	José Ramón Seijas Álvarez	Laboral	C1	Capataz
<b>Suplentes:</b>	Mª Concepción Martínez Murillo	Funcionaria	C1	Técnica Administrativa
	Sarai Noa Aguirre Lamparte	Funcionaria	A2	Arquitecto técnica
	Cristina Domínguez Gonzalez	Funcionaria	C1	Administrativa

### b) Comisión 2: Selección de Oficiais de oficios

<b>Presidenta:</b>	Carla Candia Paz	Funcionaria	A1	Xefa de servizo
<b>Suplente:</b>	Jose Felipe Codesido Rodríguez	Funcionario	C1	Encargado Técnico
<b>Secretaria:</b>	Lorena López Rodríguez	Funcionaria	A1	Técnica de administración Xeral
<b>Suplente:</b>	Rosa Otero Malvarez	Funcionaria	A2	Técnica de Xestión
<b>Vogais:</b>	Jose Antonio Comesaña Davila	Laboral	C2	Conductor
	Héctor Conde Lorenzo	Laboral	C2	Oficial sepultureiro
	María José Armada Pereira	Laboral	C2	Oficial Coidador de mantemento e control
<b>Suplentes:</b>	Fidel Goberna Trigo	Laboral	C2	Oficial de Oficios
	F. Javier Bea Puentes	Laboral	C1	Capataz
	Alfonso Conde Rodríguez	Laboral	C1	Capataz

### c) Comisión 3: Selección de peóns:

<b>Presidenta:</b>	Carla Candia Paz	Funcionaria	A1	Xefa de servizo
<b>Suplente:</b>	Miguel Ángel Alonso Alonso	Laboral	C2	Axudante técnico
<b>Secretaria:</b>	Cristina Gago Alonso	Funcionaria	C1	Administrativo
<b>Suplente:</b>	Sonia Pastor Dieguez	Funcionaria	C1	Administrativa
<b>Vogais:</b>	Eugenio Falque Fontan	Laboral	C2	Xestor de flota
	Ricardo Soler Vidal	Laboral	C2	Oficial de Instalacións
	Francisco J. Garcia Soto	Laboral	C2	Ofical Mantemento
<b>Suplentes:</b>	Jesus Carballo Magariños	Laboral	C2	Conductor
	Juan Carlos Rodríguez Lorenzo	Laboral	C2	Oficial de Oficios
	Carlos Igrexas Martinez	Laboral	C2	Auxiliar de arquivo

### d) Comisión 4: Selección de persoal técnico administrativo (Aux. Administrativo e Técnico FP Prevención de Riscos Laborais):

<b>Presidenta:</b>	Carla Candia Paz	Funcionaria	A1	Xefa de servizo
<b>Suplente:</b>	Mª Isabel Cabeza Pereiro	Funcionaria	A2	Técnica PRL
<b>Secretaria:</b>	Rosa Otero Malvarez	Funcionaria	A2	Técnica de Xestión
<b>Suplente:</b>	Marta del Castillo Fernandez Pacheco	Laboral	C1	Administrativa
<b>Vogais:</b>	Jose Felipe Codesido Rodríguez	Funcionario	C1	Encargado Técnico
	Santiago Ledo	Funcionario	A2	Arquitecto técnico
	Iolanda Alonso Regueiro	Funcionaria	C1	Administrativa
<b>Suplentes:</b>	Héctor Conde Lorenzo	Laboral	C2	Oficial sepultureiro
	Francisco J. Escudero González	Funcionario	C1	Administrativo
	Mª José Armada Pereira	Laboral	C2	Oficial Coidador de mantemento e control

2. Os membros das Comisións de selección de persoal beneficiario do Programa VIGO EMPREGA 2023, percibirán as asistencias establecidas pola súa participación en tribunais de selección de persoal, na contía establecida no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, no seu anexo IV Asistencias por participación en tribunais de oposición ou concurso ou outros órganos encargados de persoal, cun número máximo de vinte e dúas (22) sesións - 4 para Capataces, 7 para Peóns, 4 para Persoal técnico-administrativo e 7 para Oficiais -, cun gasto estimado de 9.250,08 € con cargo á aplicación orzamentaria 2410 2330000 de "Dietas de Tribunais", e financiar o gasto con cargo á bolsa de vinculación no exercicio 2023, o que non altera o normal funcionamento do servizo.

3. As Comisións de selección nomeadas no presente acordo, para a selección de beneficiarios/as do Programa VIGO EMPREGA 2023 iniciarán as súas funcións coa realización da proba escrita e posteriormente das probas prácticas aos candidatos e candidatas remitidos polo Servizo Público de Emprego que superen os baremos mínimos aprobados pola Xunta de Goberno Local en data 31 de marzo de 2023, conforme ás "*BASES DE SELECCIÓN DE PERSOAS CANDIDATAS A BENEFICIARIAS DO PROGRAMA VIGO EMPREGA 2023*".

Contra o presente acordo poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **8(894).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO "SERVIZO DE INFORMACIÓN CIDADÁ A TRAVÉS DO TELÉFONO 010". EXPTE. 3884/321.**

Visto o informe xurídico do 25/10/2023 e o informe de fiscalización do 26/10/2023, dáse conta do informe-proposta de data 25/10/2023, asinado pola xefa de Participación Cidadá e conformado pola secretaria de Goberno local e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:



## Concello de Vigo

### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto - Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

### **ANTECEDENTES**

Primeiro.- Mediante resolución de 8 de xuño de 2023, a concelleira da área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal autorizou iniciar o expediente de contratación do SERVIZO DE INFORMACIÓN CIDADÁ A TRAVÉS DO TELÉFONO 010.

Segundo.- No expediente tramitado ao efecto consta a seguinte documentación:

1. Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato e orde de inicio do contrato asinados pola xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e a concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal en data 8 de xuño de 2023.
2. Memoria económica do contrato, asinada pola xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local co conforme da Secretaria do Goberno Local e polo concelleiro da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (P.D. Resolución da Alcaldía de data 11/08/2023) en data 23/08/2023, e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda en data 28/08/2023.
3. Documentos contables de retención de crédito de 21/07/2023 (RCFUT núm. Operación 202300141840)
4. Declaración do redactor do prego de prescricións técnicas particulares de data 24/07/2023, asinada pola xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local.
5. Prego de prescricións técnicas particulares do contrato, de data 29/09/2023, asinada pola xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local.
6. Anexo de "Información exixida polo artigo 130 da LCSP) subministrada pola actual prestadora do servizo, a través do documento rexistrado co núm. 230296808.
7. Memoria xustificativa do contrato, co desglose dos criterios de valoración e resto de características esenciais do contrato, asinada o 6 de outubro de 2023 pola xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, a Secretaria

do Goberno Local, e pola concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal.

8. Informe do servizo de contratación, asinado en data 28/08/2023, e dilixencia de corrección do prego de cláusulas administrativas particulares asinada en data 25 de outubro de 2023 pola técnica de administración xeral e pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos.
9. Prego de cláusulas administrativas particulares asinado en data 25 de outubro de 2023 pola técnica de administración xeral e pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

**Primeiro.-** O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iniciarase polo Órgano de Contratación. No concello de Vigo esta competencia está delegada por Resolucións da Xunta de Goberno Local nos concelleiros delegados de área de goberno e nos concelleiros delegados de data 22 de xuño de 2023 e BOP n.º 123 de data 27 de xuño de 2023. A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, en resolución de 8 de xuño de 2023, autorizou o inicio deste expediente de contratación.

**Segundo.-** No expediente consta, tal e como prevé o artigo 116.3 do LCSP, o prego de prescricións técnicas asinado pola xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, e o prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola técnica de administración xeral e pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos.

**Terceiro.-** O procedemento elixido para a contratación é o procedemento aberto de tramitación ordinaria.

**Cuarto.-** No artigo 116.3 do LCSP establécese que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito, documento que se emitirá polo servizo de Intervención Xeral quen, ademais, fiscalizará previamente a aprobación do expediente.

**Quinto.-** A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda apartado 4º do LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto (artigo 117.1 LCSP).

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe xurídico favorable da Asesoría Xurídica municipal e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

- 1º Aprobar o expediente de contratación (3884/321) por procedemento aberto de tramitación ordinaria do “SERVIZO DE INFORMACIÓN CIDADÁ A TRAVÉS DO TELÉFONO 010”.



## Concello de Vigo

2º. Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares de 29/09/2023 e o prego de cláusulas administrativas de 25 de outubro de 2023, que rexerán a contratación do “SERVIZO DE INFORMACIÓN CIDADÁ A TRAVÉS DO TELÉFONO 010”.

3º.- O importe máximo do contrato plurianual é de 1.269.573,21 €, sendo o importe correspondente ó IVE a soportar pola Administración de 215.653,20 €, para a contratación dos “SERVIZO DE INFORMACIÓN CIDADÁ A TRAVÉS DO TELÉFONO 010” con cargo á aplicación orzamentaria 9204 2279901 “Teleoperadoras, 010 e envío de mensaxes, e subordínase a autorización do gasto á existencia de crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos, asumindo o compromiso da súa inclusión nos exercicios futuros, conforme ao artigo 174 do TRLFL , do xeito seguinte:

- 387.925,15 € correspondentes ao ano 2024.
- 423.191,07 € correspondentes ao ano 2025.
- 423.191,07 € correspondentes ao ano 2026
- 35.265,92 correspondentes ao ano 2027

4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente establecida.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **9(895).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE PROVISIÓN CON CARÁCTER DEFINITIVO DO POSTO DE TRABALLO DE “SECRETARÍA DE ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL” DO CONCELLO DE VIGO POLO SISTEMA DE LIBRE DESIGNACIÓN. EXPTE. 42478/220.**

Dáse conta da proposta asinada o 24/10/2023, pola técnica de Administración Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformada pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

Por resolución da concelleira delegada da Área de Seguridade, Contratación ,Festas e Xestión Municipal do 23/10/2023 (expediente 42478/220), resolveuse:

**Primeiro.-** Resolver a convocatoria para a provisión definitiva, polo sistema de libre designación, do posto de traballo de Secretaria/o de Administración Municipal referencia do posto 1100102 da vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (BOPPO nº 93 do 16/05/23), nos termos do establecido na vixente Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, e normativa de concordante e procedente aplicación.

**Segundo.-** Nomear a D. J. Villán Fuertes.- D.N.I. \*\*76456\*\*, Secretario de Administración Municipal do Concello de Vigo, en atención á motivación exposta, efectuando a súa adscripción ao posto refer. 1100102 da vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (BOPPO nº 93 do 16/05/23).

**Terceiro.-** Dar conta da presente resolución á Alcaldía, na súa condición de órgano delegante, dando conta á Xunta de Goberno Local, ao Pleno da Corporación e traslado de aquela ao órgano competente da Comunidade Autónoma e ao Ministerio de Facenda e Función Pública para publicación no Boletín Oficial do Estado, notificando igualmente aos interesados.

**Cuarto.-** Indicar que, consonte ás bases, o prazo de toma de posesión no novo destino será de 3 días hábiles, si se trata de postos de traballo da mesma localidade, ou de 1 mes, si se trata de primeiro destino ou de postos de traballo en localidade distinta.

*Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa."*

Á vista do recollido na citada resolución e conforme ao disposto no acordo de delegación de competencias da Alcaldía de data 03/07/2023, propónse ao órgano competente:

**ÚNICO.-** Dar conta á Xunta de Goberno Local da resolución de provisión con carácter definitivo do posto de traballo de "secretaria/o de Administración municipal" do Concello de Vigo polo sistema de libre designación en convocatoria pública, que tivo lugar mediante resolución da concelleira delegada da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal do 23/10/2023 (expediente 40249/220).

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local queda informada.

### **10(896).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE CRITERIOS XERAIS, CONVOCATORIA E BASES REITORAS DO CONCURSO DE TRASLADOS DOS POSTOS DE TRABALLO C1, C2 E AP DE TITULACIÓN DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 40685/220**

Visto o informe de fiscalización de data 25/10/2023, dáse conta do informe-proposta de data 23/10/2023, asinado pola técnica de Administración Xeral, axefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira-delegada de Recursos Humanos e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

#### **I.- ANTECEDENTES**

1.- Consta orde de inicio da Concelleira delegada de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal de data 08/09/2022, pola que vistas as actuacións preparatorias e técnicas practi-cadas no expediente 30104-220, así como a necesidade de proceder á provisión definitiva dispón a incoación de expediente administrativo tendente á convocatoria e bases reitoras do concurso de traslados 2022/2023 para a provisión definitiva dos postos de traballo pertencentes aos subgrupos C1, C2 e E; así como ás convocatorias públicas periódicas de



## Concello de Vigo

provisión definitiva polos procedementos legalmente establecidos conforme ao previsto no marco legislativo de aplicación.

2.- Mediante Acordo da Xunta de Goberno Local en sesión de data 16/03/23, foi aprobada inicialmente a nova Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo correspondente ao ano 2023, publicada no [Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 60 de data 27/03/23](#).

3.- Consta borrador de traballo técnico de data 04/10/22 e 17/10/22, relacionando os postos de traballo encadrados nos subgrupos C1, C2 e Agrupación Profesional en situación de cobertura provisional ou vacante, susceptibles de ser convocados para a súa provisión definitiva, excluídos os postos que teñan adscrito persoal funcionario de carreira por motivos de saúde ou rehabilitación ou por motivos de violencia de xénero. O devandito borrador de traballo foi trasladado ao Comité e sindicatos a fin de realizar as achegas procedentes, emitíndose informe técnico en data 31/03/23 á data da referencia.

4.- Sendo preceptiva a fiscalización previa de gasto o procedemento electrónico foi sometido á fiscalización da Intervención Xeral Municipal, emitíndose informe favorable de fiscalización de data 21/04/23, incorporándose de conformidade á presente proposta as recomendacións obrantes no informe da Intervención xeral. En todo caso se fai constar que os importes do complemento específico anual publícanse debidamente no Portal de Transparencia <https://transparencia.vigo.org/?id=149&tipo=ele&ita=0&lang=ga>, sen prexuízo da correspondente actualización; constando o acordo de aprobación inicial da Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 16/03/2023 (expte.40934/220), elevado a definitivo e publicado no Boletín Oficial da Provincial de Pontevedra, n.º 93, de data 16/05/23 da relación de postos de traballo do Concello de Vigo 2023.

5.-Remitida á Xunta de Goberno Local a proposta de aprobación de criterios xerais, convocatoria e bases reitoras do concurso de traslados dos postos de traballo C1, C2 e AP de titulación do Concello de Vigo (expte. 40685-220), para a súa aprobación na sesión ordinaria de data 27/04/23 foi retirado o expediente a fin de proceder á súa revisión.

6.- Realizadas as verificacións administrativas das situacións individualizadas dos empregados públicos en relación aos postos obxecto de provisión, tras a correspondente verificación e comprobación, foi solicitado en data 14/07/23 o correspondente informe técnico de aclaración e comprobación do anterior informe técnico de data 30/03/23, incorporado como Anexo III á proposta á Xunta de Goberno Local, que relaciona os postos de traballo susceptibles de inclusión no concurso de traslados, e no cal constan incluídos os postos de traballo cubertos mediante adscrición provisional ou en situación de vacante.

7.- Consta informe técnico de data 17/07/23 da relación de postos de traballo C1, C2 e AP susceptibles de ser incluídos no concurso de traslados.

8.- Con carácter previo á aprobación dos criterios xerais, convocatoria e bases reitoras do concurso de traslados dos postos de traballo C1, C2 e AP e ao amparo do artigo 82 da Lei 39/2015, foi outorgado trámite de audiencia da relación de postos de traballo C1, C2 e AP susceptibles de ser incluídos no concurso de traslados segundo o informe técnico de data 30/03/23 e posterior aclaración de data 17/07/23; ao obxecto de que posibles interesados, no prazo de 10 días hábiles seguintes á publicación do documento na páxina web municipal, e taboleiro de anuncios e edictos, puideran formular as alegacións que tiveran por conveniente e achegar a documentación oportuna.

9.- Finalizado o trámite de audiencia, segundo verificación administrativa previa constan presentadas as seguintes alegacións:

<b>Data</b>	<b>N ° de empregado</b>	<b>Nº de documento</b>	<b>Posto ante o que se alega</b>
22/07/2023	76507	230220244	01-FUNCIONARIOS-94-XEFE/A NEGOCIADO PROGRAMACIÓN CULTURAL (F10)
27/07/2023	16478	230222641	02-LABORAIS-253 - ENCARGADO/A INSTALACIÓN CULTURAIS (F10)
02/08/2023	16350	230239032	02-LABORAIS-376-ENCARGADO/A XERAL MEDIO AMBIENTE (F10)
03/08/2023 07/08/2023	77821	230263982 230264903	01 - FUNCIONARIOS-362 - AUXILIAR LABORATORIO CEDRO (I10)
03/08/2023	79640	230264051	02-LABORAIS-332-XEFE /A DE EQUIPO OFICIOS 01-FUNCIONARIOS-332-AXUDANTE TÉCNICO
04/08/2023 04/08/2023 07/08/2023 11/08/2023	21887	230264597 230264616 230265301 230268114	01-FUNCIONARIOS-278-XEFE/A NEGOCIADO CONSUMO (F10)
04/08/2023	CC.OO	230264499	SOLICITAN ACLARACIÓN XENÉRICAS SOBRE OS POSTOS CONVOCADOS
07/08/2023	78249	230265487	01 - FUNCIONARIOS-362 - AUXILIAR LABORATORIO CEDRO (I10)
07/08/2023	80495	230265404	2-LABORAIS-250 - OFICIAL CONDUTOR/A XESTOR ACOPIOS E CUSTOS (I20)
07/08/2023	14829	230265403	01-FUNCIONARIOS-208 - XEFE/A DA OFICINA DA ASESORÍA XURÍDICA MUNICIPAL (F10)
07/08/2023	22177	230265365 230265276	01 - FUNCIONARIOS-168 - XEFE/A NEGOCIADO TRANSPORTES (F10)
07/08/2023	15148	230265357	01 - FUNCIONARIOS-348 - POLICÍA-TRANSPORTES (G50)





## Concello de Vigo

Data	Nº de empregado	Nº de documento	Posto ante o que se alega
07/08/2023	80476	230265345	01 - FUNCIONARIOS-137 - RECEPCIONISTA DE CEDRO (K12)
07/08/2023	SICO	230265216	SOLICITAN REVISIÓN DOS POSTOS OFERTADOS ANTE A DETECCIÓN DE SUPOSTOS ERROS.
07/08/2023	CIG	230265120 230265075	ACHEGAN RELACIÓNS DE PRAZAS CON SUPOSTOS ERROS OU OMISIÓNS, E SOLICITAN QUE SE INCORPOREN AO CONCURSO
07/08/2023	77271	230265092	01 - FUNCIONARIOS-212 - AUXILIAR EDUCACIÓN CEDRO (I10)
07/08/2023	21835	230265515	01 - FUNCIONARIOS-189 - XEFE/A DA OFICINA DA SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL (F10)
07/08/2023	23350	230265651	01 - FUNCIONARIOS-95 - XEFE/A OFICINA ADMINISTRATIVA CONTRATACIÓN (F10)

10.- Foi solicitado informe técnico en data 13/09/23 á vista das alegacións presentadas, sendo emitido informe polo técnico en data 29/09/23.

11.- Consta aprobación do "I Plan de Igualdade do persoal ao servizo do Concello de Vigo" polo Pleno da Corporación Municipal, por unanimidade, na sesión do 15 de setembro de 2021. Sendo de aplicación transversal para o persoal ao servizo do Concello de Vigo adóptanse na convocatoria e bases reitoras do concurso de traslados todas aquelas medidas previstas tanto no obxectivo principal como nos obxectivos específicos en cumprimento do compromiso coa igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.

## II.- FUNDAMENTOS XURÍDICOS.

### 1.- Marco normativo respecto da provisión de postos e lexislación aplicable.

**Marco normativo.-** O artigo 149.18 da Constitución Española establece a competencia exclusiva do Estado sobre as bases do réxime xurídico das Administracións Públicas e réxime estatutario dos seus funcionarios que, en todo caso, garantirán aos administrados un tratamento común ante estas.

A Carta Magna prevé a existencia dunha reserva de lei do estatuto xeral dos funcionarios públicos no seu artigo 103.3, así como o acceso á función pública de acordo cos principios de mérito e capacidade, as peculiaridades do exercicio do seu dereito á sindicación, o sistema de incompatibilidades e as garantías para a imparcialidade no exercicio dos seus fun-

cións. En este sentido a Sentenza do Tribunal Constitucional 99/1987, de 11 de xuño delimita o contido da reserva de lei do estatuto dos funcionarios públicos, declarando

“c) En el primer inciso de su art. 103.3 la Constitución ha reservado a la Ley la regulación de la situación personal de los funcionarios públicos y de su relación de servicio o «régimen estatutario», por emplear la expresión que figura en el art. 149.1.18 de la misma Norma fundamental. Es éste, desde luego, un ámbito cuyos contornos no pueden definirse en abstracto y a priori, pero en el que ha de entenderse comprendida, en principio, la normación relativa a la adquisición y pérdida de la condición de funcionario, a las condiciones de promoción en la carrera administrativa y a las situaciones que en ésta puedan darse, a los derechos y deberes y responsabilidad de los funcionarios y a su régimen disciplinario, así como a la creación e integración, en su caso, de Cuerpos y Escalas funcionariales y al modo de provisión de puestos de trabajo al servicio de las Administraciones Públicas, ...

Así, a Constitución establece a competencia exclusiva do Estado respecto ao réxime estatutario dos funcionarios públicos común a todas as Administracións Públicas formulado a través de bases que poderán ser desenvoltas polas Comunidades Autónomas, e en particular sobre un dos aspectos do seu estatuto xurídico, no que aquí nos atinxe, ao modo de provisión dos postos de traballo ao servizo das Administracións Públicas. Cómpre ter así mesmo presente a competencia exclusiva do Estado sobre lexislación laboral (artículo 149.1.17ª Constitución Española).

#### **- Lexislación aplicable.-**

A provisión de postos na administración local rexérase pola lexislación básica estatal, sendo de aplicación os preceptos básicos da lexislación sobre función pública previstas no Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro (TREBEP), e función pública local da Lei 7/1985, Reguladora de bases de réxime local (LRBRL) así como aqueles preceptos básicos do Real Decreto 781/1986, de 18 abril polo que se aproba o Texto Refundido de Réxime Local.

Tras os preceptos básicos e dada a ausencia de desenvolvemento normativo do TREBEP neste aspecto por parte do lexislador estatal básico, no que atinxe estritamente á provisión de postos de traballo serán de aplicación as previsións en materia de función pública local da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, en atención ao principio de xerarquía normativa desta norma (artigo 9.3 CE 1978) Lei 2/2015.

A lei autonómica en materia de función pública desenvólvese regulamentariamente en materia de mobilidade e provisión mediante o Decreto 151/2022, de 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos de mobilidade do persoal funcionario de carreira da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais integrantes do sector público autonómico, aplicable segundo o seu artigo 2.2 ao persoal funcionario de carreira da Administración Local no non reservado á lexislación do Estado, e sen prexuízo da aplicación da lexislación específica para o persoal funcionario de Administración local con habilitación con carácter nacional, e vén a colmar as lagunas existentes na lexislación autonómica derogando en particular os artigos 1 a 17 e Disposición transitoria Terceira do Decreto 93/1991, de 20 de marzo. Pola súa banda, resulta igualmente de aplicación supletoria o Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Re-



## Concello de Vigo

gulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado. Tras a normativa legal e regulamentaria de carácter estatal e autonómico o réxime xurídico verá determinado polos regulamentos e ordenanzas locais e acordos e pactos reguladores das condicións de traballo dos funcionarios (Acordo regulador de condicións económicas e sociais funcionarios do Concello de Vigo e Convenio colectivos dos empregados integrados no cadro de persoal do Concello de Vigo aprobado polo pleno en sesión de data 28/12/1998).

### **2.- Alegacións presentadas.**

En relación coas alegacións presentadas en tempo e forma no trámite de audiencia outorgado respecto á relación de postos de traballo C1, C2 e AP susceptibles de ser incluídos no concurso de traslados segundo o informe técnico de data 30/03/23 e posterior aclaración de data 17/07/23; foron presentadas as alegacións que se detallan no antecedente nove do presente informe; sendo emitido informe técnico de data 29/09/23 en relación ás devanditas alegacións e que se reproduce segundo o seu tenor literal:

***“-Alegacións presentada pola funcionaria con NP: 21835 en data 07/08/2023 (Documento nº 230265515):***

*O fundamento primeiro da alegación fai referencia a inclusión do posto “C1 Xefe/a Oficina da Xunta Gob. Local109-Secretaría Gob. Local, (realmente o posto denomínase Xefe/a da Secretaría de Goberno Local, adscrito á unidade administrativa 109-Secretaría do Goberno Local), na relación dos postos vacantes no concurso de traslado en tramitación non resulta conforme coa situación de o dito posto, ao non atoparse vacante e, en consecuencia, non ser susceptible de ser convocado para a súa provisión definitiva.*

*Ao respecto, é necesario indicar que o posto que ocupa a interesada é un posto vacante (V) que se atopa cuberto mediante adscrición provisional (AP). Dito posto adscribiuse á nova unidade administrativa “Secretaría do Goberno Local” (Codg.109) creada, diferenciada da existente “Secretaría Xeral” (Codg. 110), recollido no expediente 32380/220, de modificación puntual da RPT. Neste punto cabe salientar que a interesada obtivo o posto de “Xefe/a Negociado Xunta Goberno Local”, adscrito a unidade administrativa “Secretaría Xeral” (Codg.110) mediante concurso de traslado correspondente o ano 2005, de data 25 de xaneiro de 2007. Dito nomeamento foi publicado no BOPP do 19/02/2007 e en aplicación do referido Acordo, con data de 21/02/2007, a interesada tomou posesión do correspondente posto de traballo, de conformidade co previsto no art. 14.3 do Decreto 93/91, de 20 de marzo da Xunta de Galicia, polo que se aprobou o Regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional e promoción interna.*

*Na XGL do 28/12/2018 acordouse a aprobación definitiva da Modificación puntual da RPT en aplicación do RD 128/2018, do 16 de marzo (Secretaría do Goberno Local). No punto primeiro da Resolución recollese o seguinte:*

- *Creación da unidade administrativa “Secretaría do Goberno Local” código 109.*

- Adscripción á nova unidade 109 os postos (...) Códg 189 Xefe/a de negociado Xunta de Goberno Local (...) ata agora adscrito a unidade 110-Secretaría Xeral e a correspondente readscripción dos efectivos (...) NP 21835.

Segundo teor literal do punto segundo da citada Resolución: “Dispoñer que todos os axustes dispostos en execución do acordo citado no presente Decreto efectúase sen prexuízo da provisión definitiva da totalidade dos postos de traballo existentes no Concello de Vigo, nos termos do informado pola Xefatura de RRHH en data de 21/03/2011, debendo ser inescusablemente provistos con carácter definitivo polo sistema que legalmente se provea, con convocatoria pública, nos termos previstos tanto no marco vixente como nos acordos adoptados coa representación sindical do persoal municipal na mesa xeral de negociación de 12/02/2016”.

Na XGL de data 26/06/2020 acordouse a aprobación definitiva do exp.: 33981/220 “Modificacións puntuais RPT- Fondo de Adecuación 2019” vixente, revisión de retribucións, redenominación de diferentes postos de traballo e, o axuste de codificación establecida na dita relación nos termos seguintes: (...)

1. (...)

29. Reconfiguración do posto 189 “Xefe/a negociado Xunta Goberno Local” mediante a súa redenominación en “Xefatura de Oficina da Secretaría de Goberno Local” e asignación do CE 305. A dito posto adscríbese a funcionaria con NP 21835 (...).

	Unidade Administrativa:	Posto:	CE
Unide. Admta. e posto Existente:	110-Secretaría Xeral	Xefe/a Negociado Xunta de Goberno Local	313
Unide. Admta. e posto de nova creación:	109-Secretaría do Goberno Local	Xefe/a da Secretaría de Goberno Local	305

A Administración Local, a través da súa potestade de autoorganización, pode estruturar os seus medios e servizos do xeito que considere mais conveniente para o mellor exercicio das súas competencias e a mais axeitada satisfacción dos seus fins, polo que cada Administración decide como articula os servizos públicos da súa competencia. Esta potestade se atopa legalmente recoñecida ás Entidades Locais polo artigo 4.1.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), que implica, entre outras, as facultades da Administración para a organización da súa estrutura en aras dunha maior eficacia, racionalización e operatividade posible da actividade administrativa, dentro da necesaria integración e simplificación de estruturas.

Conforme o artigo 74 do TREBEP dispón “As Administracións Públicas estruturarán su organización a través da Relacións de Postos de Traballo (RPT) ou outros instrumentos organizativos similares que comprenderán, polo menos, a denominación dos postos, os grupos de clasificación profesional, os corpos ou escalas, e no seu caso, a que estean



## Concello de Vigo

adscritos, os sistemas de provisión e as retribucións complementarias”, e o artigo 90 da LRBRL determina que as Corporacións Locais formarán a relación de todos os postos de traballo existentes na súa organización, nos termos previstos na lexislación básica sobre función pública; a sé mesmo, o artigo 202 da LEPG determina que as entidades locais deberán elaborar unha RPT que conteña todos os postos de traballo existentes nela.

O artigo 81.2 do TREBEP determina :

1. Cada Administración Pública, en el marco de la planificación general de sus recursos humanos, y sin perjuicio del derecho de los funcionarios a la movilidad podrá establecer reglas para la ordenación de la movilidad voluntaria de los funcionarios públicos cuando considere que existen sectores prioritarios de la actividad pública con necesidades específicas de efectivos.

2. Las Administraciones Públicas, de manera motivada, podrán trasladar a sus funcionarios, por necesidades de servicio o funcionales, a unidades, departamentos u organismos públicos o entidades distintos a los de su destino, respetando sus retribuciones, condiciones esenciales de trabajo, modificando, en su caso, la adscripción de los puestos de trabajo de los que sean titulares (...).

No expediente 1690-110 consta Informe de data 04/02/2022 da instrutora do procedemento, sobre a situación actual da RPT do Concello, onde conclúe, tras a análise normativo que debe realizarse unha revisión da situación do persoal empregado público do Concello conforme ao seguinte:

- (...)
- (...)
- A supresión dun posto de traballo e creación dun novo posto de traballo, con novas funcións e aumento ou modificación substancial de funcións implica que a adscrición a dito posto polo empregado/a público a dito posto terá carácter provisional.

No artigo 63. do R.D. 364/1995, de 10 de marzo, relativo a Adscrición Provisional contéplase que os postos de traballo poderán proverse por medio de adscrición provisional unicamente nos seguintes supostos:

a-(...).

b-Supresión do posto de traballo (...).

No presente caso tivo lugar unha supresión dun posto de traballo (Xefe/a Negociado Xunta de Goberno Local) e creación de outro novo (Xefe/a da Secretaría de Goberno Local), un cambio de unidade administrativa de nova creación (109-Secretaria do Goberno Local) a cal se adscribiuse dito novo posto e unha modificación do CE. Todo elo debidamente xustificado nos expedientes 32380/220, de modificación puntual da RPT, Exp.: 32837/220 (proposta fondo de adecuación ano-2018) e Exp.: 33981/220 (modificación puntuais de RPT-fondo de adecuación ano 2019). Polo exposto, procede desestimar as alegacións neste punto.

*No fundamento segundo da alegación, a interesada fai mención ás seguintes cuestións:*



## Concello de Vigo

*a-Remoción do posto de traballo trala modificación da RPT.*

*b-Principio de confianza lexítima en tanto, según a interesada non se cursou notificación acerca do cambio de adscrición.*

*c-Prodúcese indefensión e vulneración das garantías do procedemento.*

*d-Vulneración do principio de igualdade, na comparación do posto de traballo da interesada cos seguintes postos:*

*1-Reconfiguración do posto 171-Xefe/a Gastos, mediante a asignación do CE-305.*

*2-Redenominación do posto 174-"Xefe/a Negociado Administración Tributos"-516 Taxa Lixo Vivendas en posto 383-"Xefe/a negociado Administración Tributos At. Público ventanilla", reconfigurando economicamente as súas retribución coa asignación do código 13.*

*3-Redenominación do posto 258 "Xefe/a negociado información" en "Xefe/a Negociado Información At. Público ", mantendo o mesmo código de posto e reconfigurando economicamente o seu CE ao Código 13.*

*No que atinxe ao alegado pola interesada de producirse unha remoción do posto que inicialmente ocupaba, no presente caso se trataría dunha atribución que ten a Administración de autoorganización (art. 81 e ss do RDL 5/2015, de 30 de outubro: ... As AAPPs, de maneira motivada, porán trasladar a seus funcionarios, por necesidades de servizo ou funcionais, a unidades, departamentos ou organismos públicos ou entidades distintos a os de seu destino, respectando súas retribucións, condicións esenciais de traballo, modificando, no seu caso, a adscrición dos postos de traballo dos que sexan titulares...). En consecuencia, procede desestimar o alegado neste punto.*

*Non cabe vulneración do Principio de confianza lexítima nin indefensión nin vulneración das garantías do procedemento en tanto en cuanto os expedientes 32380/220, de modificación puntual da RPT, Exp.: 32837/220 (proposta fondo de adecuación ano-2018) e Exp.: 33981/220 (modificación puntuais de RPT-fondo de adecuación ano 2019) foron notificados ao Comité de Persoal e tratados na Mesa de Negociación. A maior afondamento, non consta exercitación do Dereito, por parte da alegante de interpoñer Recurso Potestativo de Reposición contra as Resolucións emanadas dos Acordos contidos nos citados expedientes, no consabido prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben Recurso Contencioso-Administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que puña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estimara procedente en Dereito.*

*En relación coa suposta Vulneración do Principio de Igualdade, é pertinente aclarar que no concurso de traslado incluíronse os postos de traballo pertencentes aos subgrupos C1, C2 e AP que se atopaban, salvo error u omisión, a data de sinatura dos informes técnicos, en situación de adscrición provisional ou vacante, verificándose a situación individualizada dos empregados públicos en relación aos postos obxecto de provisión, así como dos correspondentes acordos en materia de adscrición, traslados, ou demais supostos de mobilidade. Nos casos concreto dos postos citados (reconfiguración do posto Xefe/a Gastos, red denominación dos postos de “Xefe/a Negociado Administración Tributos” en “Xefe/a negociado Administración Tributos At. Público Ventanilla” e “Xefe/a negociado información” en “Xefe/a Negociado Información At. Público”). Non cabe vulneración do Principio de Igualdade en tanto en canto non son supostos iguais dado que no caso da interesada estaríamos ante unha atribución que ten a Administración de autoorganización (art. 81 e ss do RDL 5/2015, de 30 de outubro), onde se produce unha supresión dun posto de traballo (Xefe/a Negociado Xunta de Goberno Local) e creación de outro novo (Xefe/a da Secretaría de Goberno Local), un cambio de unidade administrativa de nova creación (109-Secretaría do Goberno Local) a cal se adscribiuse dito novo posto e unha modificación do CE. No concreto caso do posto: Xefe/a Gastos, configúrase dito posto, sen cambio de funcións e pertencendo á mesma unidade administrativa. No caso dos postos: Xefe/a Negociado Administración Tributos e Xefe/a Negociado Información, estaríamos ante unha red denominación dos postos, isto é, un cambio na nomenclatura dos mesmos, pasando a denominarse Xefe/a negociado Administración Tributos At. Público ventanilla e Xefe/a Negociado Información At. Público respectivamente, onde non se modificaron as súas funcións nin se readscribiron a unha unidade administrativa nova. Todo elo debidamente xustificado nos expedientes 32380/220, de modificación puntual da RPT, Exp.: 32837/220 (proposta fondo de adecuación ano-2018) e Exp.: 33981/220 (modificación puntuais de RPT-fondo de adecuación ano 2019). Polo exposto, procede desestimar as alegacións neste punto.*

*Tívoise en conta a completa depuración das respectivas situacións, a fin de unificar, clarificar e aplicar o Principio de Igualdade, no senso no que o Tribunal Constitucional vén reiteradamente pronunciándose “...No toda desigualdad de trato supone una infracción del artículo 14 de la Constitución española, sino que dicha infracción la produce sólo aquella desigualdad que introduce una diferencia entre situaciones que pueden considerarse iguales y que carece de una justificación objetiva y razonable, es decir, el principio de igualdad exige que a iguales supuestos de hecho se apliquen iguales consecuencias jurídicas, debiendo considerarse iguales dos supuestos de hecho cuando la utilización o introducción de elementos diferenciados sean arbitrarios o carezca de fundamento racional (STC 134/1996, de 22 de julio). No presente caso, creouse unha unidade administrativa nova “Secretaría do Goberno Local” código 109 e a dita unidade adscribiuse o posto 189-Xefe/a de negociado Xunta de Goberno Local ata agora adscrito a unidade 110-Secretaría Xeral, producíndose a correspondente readscripción da interesada ao posto “Xefatura de Oficina da Secretaría de Goberno Local”, trala supresión do posto de “Xefe/a de Negociado Xunta de Goberno Local”. Neste punto, temos que facer referencia a relación estatutaria dos empregados*





## Concello de Vigo

*públicos tralo seu ingreso na función pública, conforme á doutrina xurisprudencial existente ao respecto, entre outras, a STS de 17/2/99 "...El Tribunal Constitucional ha declarado, en reiterada jurisprudencia, que el funcionario que ingresa en la Administración se coloca en una situación jurídica objetiva, definida legal y reglamentariamente y modificable por instrumentos normativos, sin que pueda exigirse que la situación estatutaria quede congelada al tiempo de su ingreso o que se mantenga la situación administrativa que se está disfrutando, o que el derecho causado por el funcionario no pueda ser incompatibilizado por ley, en atención a razonables y justificadas circunstancias (...) consiguientemente, no cabe hablar de una privación de derechos, sino de alteración en el ámbito de la potestad del legislador, constitucionalmente permisible, como destaca el fundamento jurídico sexto, apartado a) de la sentencia del Tribunal Constitucional 99/8 (...). O art. 141. do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (...) asegúrase aos funcionarios de carreira nas Entidades Locais o dereito ao cargo, sen prexuízo da súa adscrición a uns ou outros postos de traballo, efectuada dentro das súas competencias respectivas polos distintos órganos competentes en materia de funcionarios públicos locais.*

*En consecuencia, e non concorrendo novos elementos de xuízo que avalen a necesidade de efectuar unha nova análise e valoración do posto de traballo obxecto de alegación, procede a desestimación da mesma, en atención á motivación exposta.*

### **-Alegacións presentada pola funcionaria con NP: 14829 en data 07/08/2023 (Documento nº 230265403):**

*Con respecto á mesma, cabe indicar que na sesión ordinaria de data 04/03/2016, a XGL acordou aprobar definitivamente o expediente de modificación puntual tramitada en exp.: 27.399/220. No punto segundo do Decreto recóllese que se aproba a modificación puntual da vixente RPT do Concello de Vigo (BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010) nos termos da motivación contida no Informe-proposta que antecede e da instrucción do servizo da Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal de data 16/12/2015, concretada nas seguintes modificacións:*

- Reconfiguración do posto de traballo de "Xefe/a de Negociado da Asesoría Xurídica" en posto de "Xefatura de Oficina da Asesoría Xurídica Municipal" asignándolle o C.E. Codg.-305, código de titulación 3, forma de provisión: Concurso (C).*
- (...)*

*Tendo en conta o art. 73 do RDL 5/2015, do 30 de outubro (TREBEP) onde se indica que: "Os empregados públicos teñen Derecho ao desempeño dun posto de traballo de acordo co sistema de estruturación do emprego público que establezan as lexis de desenvolvemento do presente Estatuto".*

Tendo en conta tamén o capítulo III, Sección 3ª da Lei 2/2015, do 29 de abril (LEPG), Reguladora dos sistemas de provisión de postos de traballo, debe considerarse que, consonte ás vixentes instrucións sobre plantilla anexas á RPT do Concello de Vigo (BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010) (...) que o posto de traballo de “xefe/a de oficina da Asesoría Xurídica” ten asignada, como forma de provisión, o concurso (C), procedería a súa cobertura temporal en adscrición provisional con un administrativo/a de Administración Xeral do Concello de Vigo, que teña, como mínimo, con categoría de Xefa de Negociado.

Considerando o contido no art. 97 da citada normativa (LEPG), no relativo á adscrición provisional: “ O persoal funcionario de carreira que cese nun posto de traballo sin obter outro polos procedementos ordinarios de provisión previstos neste capítulo quedará a disposición do órgano competente en materia de persoal da Administración pública na que este destinado, quen procederá a súa adscrición provisional a un posto de traballo correspondente a seu corpo ou escala na mesma localidade do posto que haxa ocupado con carácter definitivo e con efectos do día seguinte á data do cese”, resolveuse, no punto terceiro do Decreto: “Efectuar a adscrición ao posto de traballo denominado “Xefatura de Oficina da Asesoría Xurídica Municipal”, forma de provisión: concurso, da administrativa de Administración Xeral do Concello de Vigo. Dª C. Rodríguez Garrido, que ten a categoría de xefa de negociado, con provisión polo sistema de concurso previsto na RPT”.

Tendo en conta que dende o ano 2016 non houbo outro concurso de traslado dos postos de traballo C1, C2 e AP de titulación do Concello de Vigo, agás o que é causa da presente alegacións, procede a desestimación da mesma, en atención á motivación exposta.

**Alegacións presentada pola funcionaria con NP: 15148 en data 07/08/2023 (Documento nº 230265357):**

A Xefa de Área do Servizo de Transporte presenta escrito de alegacións no que informa, a os efectos oportunos, que o posto de policía transporte, Codg. 348, está adscrito o policía local con NP 21545.

Ao respecto procede a desestimación da alegación formulada en tanto que o citado posto: “348-Policía de Transporte”-Servizo de Transporte (449), estaba desempeñado polo policía local con NP 21545. Dito efectivo está adscrito ao posto de “Axente Unidade de Mobilidade e Transporte”, quenda de mañá e tarde, do servizo Policía Local (212), conforme a modificación da RPT-adscrición provisional 24/05/2023, Exp.: 40934/220.

**Alegacións presentada pola funcionaria con NP: 22177 en data 07/08/2023 (Documento nº 230265365 e 230265276):**

En síntese, a interesada solicita a non inclusión do seu posto no concurso de traslados dos postos de traballo C1, C2 e AP de titulación do Concello de Vigo (Expt. 40685-220), por considerar que a mesma a está ocupando, cumprindo toda a normativa legal para o acceso á mesma.



## Concello de Vigo

Ao respecto cumpre indicar que o posto que ocupa a interesada é un posto vacante (V) que se atopa cuberto mediante adscripción provisional (AP), segundo punto primeiro do Decreto emanado da Orden de servizo da Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal de data 21/02/2017 onde solicita a esta Área de RRHH e Formación que se proceda á tramitación administrativa de expediente ao obxecto de readscripción de D<sup>a</sup> I. Expósito Olalla ao posto de Xefe Negociado Mobilidade e Seguridade, dada a solicitude da interesada así como a necesidade de persoal existente en Transportes para garantir o normal desenvolvemento do servizo público. No citado Decreto se resolve “...Readscribir provisionalmente á funcionaria de carreira D<sup>a</sup> I. Expósito Olalla, con NP \*217\*, administrativa de administración xeral, ao posto cod. 168-Xefe Negociado Mobilidade e Seguridade no Servizo cód. 210- Mobilidade, Transportes e Seguridade, onde desenvolverá as funcións propias de dito posto de traballo”

A se mesmo, na execución do Acordo de aprobación definitiva da modificación de RPT aprobada por XGL en data 15/01/2018 (exp.: 30.627/220) e do Acordo de aprobación dos orzamentos municipais para 2018, dispónse a incorporación ao Programa de Xestión de Persoal (Ginpix) e ao no Programa de Xestión de Nómima, aos oportunos efectos en relación coa nómina municipal, os seguintes aspectos, en execución do disposto no Acordo de aprobación definitiva da proposta contida no expediente 30.627/220 de Modificación puntual da RPT vixente, reorganización de diferentes Servizos municipais e readscripción e revisión de retribucións de diferentes postos de traballo da Relación:

- (...)
- Readscribir ao servizo de nova creación cód. 449-“Transportes” aos postos seguintes, ata a data incluídos na Area de Seguridade, Mobilidade, Tráfico, Transportes e Extinción de Incendios: Codg Rtb 23 “ Xefe/a servizo de transportes”, posto Codg. rtb 168 redenominado “Xefe/a de negociado de Transportes” (antes “Xefe/a de negociado de Mobilidade e Seguridade”), (...). En consecuencia, deberase reasignar ao referido Servizo de Transportes, cód. 449 aos seguintes efectivos:- (...), - núm. Persoal 22177.

No punto sétimo do citado Decreto dispúxose que “...todos os axustes dispostos en execución dos acordos citados no presente Decreto efectúase sen prexuízo da provisión definitiva da totalidade dos postos de traballo existentes no Concello de Vigo, nos termos do informado pola Xefatura de Recursos Humanos en datas 21/03/2011, debendo ser inescusablemente provistos con carácter definitivo polo sistema que legalmente se prevea, con convocatoria pública, nos termos do previsto tanto no marco normativo vixente como nos acordos adoptados coa representación sindical do persoal municipal na mesa xeral de negociación de 12/02/2016”.

En consecuencia procede a desestimación da mesma, en atención á motivación exposta.

**Alegacións presentada pola funcionaria con NP: 76507 en data 22/07/2023 (Documento nº 230220244):**

Con respecto á mesma, cabe indicar que a Conselleira-Delegada da Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal, mediante instrución de servizo de data 16/07/2019, ordenou a esta Área de RRHH e Formación a tramitación administrativa do expediente ao obxecto de readscribir a funcionaria de carreira, D<sup>a</sup> M. Escariz Couso, ao posto vacante da RPT de Xefa de Negociado de Programación Cultural, á vista da solicitude de traslado da interesada.

No Informe-Proposta de Resolución, de data de sinatura, estimouse como opción viable o cambio de adscrición da funcionaria solicitante dende o posto de traballo de orixe á Xefatura do Negociado de Programación Cultural, en situación de vacante (...). En consecuencia, no punto primeiro do Decreto resolveuse a adscrición da empregada municipal en réxime funcional, D<sup>a</sup> M. Escariz Couso, con NP \*650\*, con posto de Xefa oficina administrativa da Xerencia Municipal de Urbanismo, cód. 93, ao posto cod. 94- Xefa de Negociado de Programación Cultural, na área de Cultura, cod. 328 (cambio de adscrición, ao ter a categoría de xefa de negociado adquirida por concurso de traslado) (...).

Neste punto cabe destacar que o posto de orixe (Xefa oficina administrativa da Xerencia Municipal de Urbanismo) era un posto singularizado e foi amortizado na RPT do Concello de Vigo, Exp. 35221/220, segundo informe técnico de data 27/12/2019 (tramo 12).

A Administración Local, a través da súa potestade de autoorganización, pode estruturar os seus medios e servizos do xeito que considere mais conveniente para o mellor exercicio das súas competencias e a mais axeitada satisfacción dos seus fins, polo que cada administración decide como articula os servizos públicos da súa competencia.

Esta potestade se atopa legalmente recoñecida ás entidades locais polo art. 4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), que implica, entre outras, as facultades da Administración para a organización da súa estrutura en aras dunha maior eficacia, racionalización e operatividade posible da actividade administrativa, dentro da necesaria integración e simplificación de estruturas.

De conformidade co art. 90.2 da LRBRL, "as Corporacións Locais formarán a relación de todos os posto de traballo existentes na súa organización, nos termos previstos na lexislación básica sobre función pública". Segundo o art. 74 do RDL 5/2015, (TREBEP), "as Administracións Públicas (AAPP) estruturarán a súa organización a través de Relacións de Postos de Traballo (RPT) ou outros instrumentos organizativos similares que comprenderán, cando menos, a denominación dos postos, os grupos de clasificación profesional, os corpos e escalas, no seu caso, a que estean adscritos, os sistemas de provisión e as retribucións complementarias. Ditos instrumentos serán públicos". Pola súa banda, o art. 202.1 da Lei 2/2015, de 29 de abril, (LEPG), dispón que "as entidades locais deberán elaborar unha relación de postos de traballo que conteña todos os postos de traballo existentes nas mesmas". Todo elo, como se vai argumentando, dentro da potestade de autogoberno que gozan as Administracións Públicas. Esta potestade de



## Concello de Vigo

*autoorganización é, en definitiva, o dereito da Administración a organizar os servizos ao seu cargo do xeito que estime máis conveniente ao cumprimento do interese xeral, consonte ao previsto no artigo 103 da CE de 1978, dentro do sometemento pleno á Lei e ao Dereito, e no marco dos principios constitucionais de legalidade e de interdicción da arbitrariedade contidos no artigo 9,3 da mesma norma, correspondéndolle delimitar as unidades administrativas que configuren a súa estrutura, sin trabas derivadas do mantemento de formas de organización preexistentes, polo que as modificacións propostas supoñen o xeito no que a Administración adapta a súa organización a realidade do tempo e do contexto legal e organizativo na que esta a actuar, coa finalidade da consecución, coa maior eficiencia, do interese xeral. Dentro desta potestade organizativa inclúese a ordenación dos seus postos de traballo, elemento básico de ordenación dos RRHH a la vez que supón a base da estrutura organizativa mediante as correspondentes RPT.*

*Por todo o exposto procede a desestimación das alegacións en tanto que o posto que ocupa a interesada foi por readscrición ao posto vacante da RPT de Xefa de Negociado de Programación Cultural, á vista da solicitude de traslado da interesada.*

### ***Alegacións presentada polo persoal municipal con NP:16350 en data 02/08/2023 (Documento nº 23029032):***

*En síntese, o interesado alega que seu posto sufriu unha reconfiguración, pasando de "Capataz de Desinfección"-codg-118, a "Encargado Xeral Medio Ambiente"-Codg.-376, configurado economicamente como CD 20 e CE-88, readscribíndose ao Servizo de Medio Ambiente-215, así como a Aprobación da Guía de Funcións do posto tipo "Encargado/a Xeral"; que dita reestruturación aprobada foi impulsada pola Área de Medio Ambiente, consecuencia dunha reorganización interna da referida Área, polo cal a adscrición feita en Resolución de data 15/07/2020, segundo os informe técnicos e xurídicos que a motivan, o foi con carácter definitivo e xa non figura expresamente na dita Resolución a provisionalidade desta. En consecuencia, o posto "Encargado Xeral Medio Ambiente" está cuberto de forma definitiva e, por tanto, non debe figurar como provisional nin incluírse na proposta do vindeiro Concurso de Traslados.*

*En contestación ao alegado cumpre recordar a potestade de autogoberno que gozan as Administracións Públicas, en conformidade co art. 90.2 da LBRL: "as Corporacións Locais formarán a relación de todos os postos de traballo existentes na súa organización, nos termos previstos na lexislación básica sobre función pública" e co precepto 74 do RDL 5/2015, (TREBEP), "as Administracións Públicas estruturarán a súa organización a través de relacións de postos de traballo ou outros instrumentos organizativos similares que comprenderán, cando menos, a denominación dos postos, os grupos de clasificación profesional, os corpos e escalas, no seu caso, a que estean adscritos, os sistemas de provisión e as retribucións complementarias. Ditos instrumentos serán públicos" e en consonancia co artigo 202.1 da Lei 2/2015, de 29 de abril, (LEPG) que dispón que "as entidades locais deberán elaborar unha relación de postos de traballo que conteña todos os*

*postos de traballo existentes nas mesmas”.*

*En conformidade co disposto no art. 7 do RDL 5/2015, de 30 de outubro (TREBEP) (“O persoal laboral ao servizo das Administracións Públicas se risen, ademais de pola lexislación laboral e polas demais normas convencionalmente aplicables, polos preceptos deste Estatuto que así o dispoñan ...”). Así mesmo, no RDL 2/2015, de 23 de outubro (emprego y seguridade social), polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores (ET), recollese a potestade do empregador, neste caso o Concello de Vigo, de organización e dirección do persoal a seu cargo, concretamente nos seguintes preceptos:*

- Art. 1.1 ET: Esta Lei será de aplicación aos traballadores que voluntariamente presten seus servizos retribuídos por conta allea e dentro do ámbito de organización e dirección de outra persoa, física o xurídica, denominada empregador ou empresario).*
- Art. 5 ET: Deberes laborais dos traballadores, letra c): Cumprir as ordes e instrucións do empresario no exercicio regular das súas facultades directivas.*
- Art. 20.2 ET: No cumprimento da obrigaón de traballar asumida no contrato, o traballador debe ao empresario a dilixencia e a colaboración no traballo que marquen as disposicións legais, os convenios colectivos e as ordes ou instrucións adoptadas por aquel no exercicio regular deas súas facultades de dirección e, eno seu defecto, polos usos e costumes...*

*No presente caso, na XGL do 26/06/2020 acordouse a aprobación definitiva do Expt. 33981-220 (Modificacións puntuais da RPT-Fondo de Adecuacion 2019), publicada no BOP de Pontevedra do 08/07/2020, da reconfiguración do posto Codg. 118-Capataz Desinfección” en posto Codg. 376-Encargado Xeral Medio Ambiente, configurado economicamente como CD-20 e CE-88, readscribindo o mesmo ao Servizo de Medio Ambiente. A dito posto adscribiuse o funcionario con NP \*635\*, D. Seijas Alvarez, J.R. Tal e como se recolle no punto segundo da Resolución emanada de dito acordo, “...todos os axustes dispostos en execución do acordo citado no presente Decreto efectúase sen prexuízo da provisión definitiva da totalidade dos postos de traballo existentes no Concello de Vigo, nos termos do informado pola Xefatura de Recursos Humanos en datas 21/03/2011, debendo ser inescusablemente provistos con carácter definitivo polo sistema que legalmente se prevea, con convocatoria pública, nos termos do previsto tanto no marco normativo vixente como nos acordos adoptados coa representación sindical do persoal municipal na mesa xeral de negociación de 12/02/2016”.*

*En consecuencia, procede a desestimación da alegación presentada, en atención á motivación exposta.*



## Concello de Vigo

### **Alegacións presentada polo persoal municipal con NP: 16478 en data 27/07/2023 (Documento nº 230222641):**

Na alegación contida no documento nº 230222641, o interesado expón que o posto de Encargado de Instalacións Culturais non está vacante e está cuberto mediante adscrición definitiva.

En relación con dita alegación e dentro da potestade de autoorganización recoñecida ás Entidades Locais polo artigo 4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, que contén, entre outras, as facultades da Administración para a organización da súa estrutura en aras dunha maior eficacia, racionalización e operatividade posible da actividade administrativa, dentro da necesaria integración e simplificación de estruturas, na XGL do 29/09/2016 acordouse, no primeiro punto, modificar puntualmente a RPT do Concello de Vigo-(BOP nº 220, do 16/11/2010, e sucesivas modificacións publicadas nos BOP nº 8 de 12/01/2012, nº 60 de 26/03/2012, nº 98 de 23/05/2012, nº 149 de 03/08/2012, nº 180 de 18/09/2012, nº 41 de 27/02/2013, nº 88 de 08/05/2013, nº 16 de 26/01/2016 e nº 24 de 05/02/2016, nos termos da motivación contida no Informe-Proposta que antecede, concretada nas modificacións seguintes:

1-(...)

13-Redenominacion do servizo código 328 "Area de Cultura, Festas e Museos", pasando a "Área de Cultura"

14-(...)

15-Adscricion do posto codg Rtb 253 "Encargado de Instalacións Culturais" (...) , existente no servizo 14-Museos ao servizo 328-Área de Cultura.

No punto sétimo do Decreto emanado da execución do Acordo de aprobación definitiva da modificación da RPT aprobada pola XGL en data 15/01/2018 (Expt. 30.627/220) e do Acordo de aprobación dos orzamentos municipais para 2018, dispúxose que todos os axustes dispostos en execución dos acordos citados no presente Decreto efectúase sen prexuízo da provisión definitiva da totalidade dos postos de traballo existentes no Concello de Vigo, nos termos do informado pola Xefatura de Recursos Humanos en datas 21/03/2011, debendo ser inescusablemente provistos con carácter definitivo polo sistema que legalmente se prevea, con convocatoria pública, nos termos do previsto tanto no marco normativo vixente como nos acordos adoptados coa representación sindical do persoal municipal na mesa xeral de negociación de 12/02/2016.

En consecuencia, enténdese que dita alegación debe desestimarse, ao non concorrer xustificación técnica nin legal que implique a súa estimación.

**Alegacións presentada polo persoal municipal con NP: 79640 en data 03/08/2023 (Documento nº 230264051):**

O alegante solicita o seguinte:

1º.-A inclusión do posto Xefe equipo oficios de educación no concurso de traslados para a súa provisión definitiva.

2º.-Que o persoal laboral poida concursar ao posto de axudante técnico educación e ao resto de postos con relación laboral de funcionario.

Con respecto a o primeiro punto do escrito de alegación e uha vez comprobado o programa de Xestión de Persoal (Ginpix) e a RPT do Concello de Vigo do ano 2022, aprobada mediante acordo da XGL de 23/09/22, publicada no BOP de Pontevedra nº 188 do 30/09/2022 (Exp 1690-110), así como en base ás actuacións preparatorias realizadas no expediente 30104-220, determínase que o posto :

GR	REF POSTO	DENOMINACIÓN POSTO	UNIDADE ADMINISTRATIVA	REL. EMPRO	ES	C.D.	C.E.	TP
C2	3320206	<b>XEFE/A EQUIPO OFICIOS</b>	<b>332-EDUCACIÓN</b>	02		17	409	N

Atópase vacante, susceptible de ser ocupado definitivamente.

En consecuencia, polo técnico asinante do Informe Técnico obxecto da presente alegación enténdese que dito posto que se atopa vacante e está incluído na RPT vixente, correspóndese co posto de Xefe/a de Equipo Oficios do Cadro de Persoal Orzamentario, debe ser incluído no concurso de traslado 2022/2023, polo que procede estimar as alegacións neste punto.

No concreto asunto de que o persoal laboral poida concursar ao posto de “Axudante Técnico de Educación”, unha vez revisada a RPT vixente, dito posto ofertado está reservado para persoal funcionario de carreira, polo conseguinte procede desestimar o solicitado.

En relación coa solicitude de que o persoal laboral poida concursar ao resto de postos con relación laboral de funcionario cumpre recordar que os sistemas de provisión de postos de traballo nas entidades locais teñen as peculiaridades da función pública local contempladas, con carácter xeral, na lexislación básica sobre Réxime Local; así, a Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), preceptúa no seu artigo 101 que: “Os postos de traballo vacantes que deban ser cubertos polos funcionarios a que se refire o artigo anterior se proverán en convocatoria pública polos procedementos de concurso de méritos ou de libre designación, de acordo coas normas que regulen estes procedementos en todas as Administracións Públicas”.





## Concello de Vigo

*En garantía da mobilidade interdepartamental, o artigo 7 do vixente Acordo Regulador das condicións económicas e sociais do persoal municipal, aprobado polo Pleno do Concello en sesión do 28/12/1998, contempla expresamente a periodicidade anual dos concursos de traslados, condicionada á existencia de postos de traballo para ofertar nas correspondentes convocatorias.*

*Nese sentido e dada a ausencia de desenvolvemento normativo do TREBEP neste aspecto por parte do lexislador estatal básico, e no que atinxe estritamente á provisión de postos de traballo, ámbito no cal non se efectúa a determinación legal do dereito aplicable, a diferenza do que sucede co ingreso na función pública, estímase procedente efectuar a aplicación das previsións do disposto na Lei 2/2015, do 29 de abril, de EPG, en atención ao Principio de Xerarquía Normativa desta norma (artigo 9.3 CE do 1978) sobre o Regulamento Xeral de Ingreso (RD 364/1995), éste último ditado polo lexislador estatal. Deste xeito, cómpre indicar que o concurso como sistema ordinario de provisión de postos de traballo ten a regulación na Lei 2/2015, do 29 de abril, concretamente no precepto 89, no cal, no seu punto primeiro di: “ o concurso é o procedemento normal de provisión de postos de traballo polo persoal funcionario de carreira (...)”. No seu punto segundo recóllese que: “(...) os concursos para a provisión de postos de traballo poden convocarse para a xeneralidade dos postos de traballo vacantes, para postos de traballo dun determinado ámbito ou para postos de traballo concretos, en atención ás necesidades do servizo (...), O disposto neste apartado será de aplicación en exclusiva a os postos de persoal funcionario de administración xeneral (AG) e especial AE). No caso do persoal funcionario da Administración de xustiza, persoal docente ou persoal estatutario do sistema de saúde, non será de aplicación directa, e se observará a súa regulación específica”.*

*Por outra banda, o procedemento de desenvolvemento do concurso rexerá polo establecido nas bases da convocatoria e no Regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional e promoción interna, aprobado por Decreto 93/1991, de 20 de marzo, modificado por Decreto 166/2013, de 14 de novembro, de aplicación supletoria ante a ausencia de regulación concreta en norma con rango de Lei e de desenvolvemento normativo da citada Lei 2/2015, do 29 de abril.*

*Poderá participar no concurso interno de traslados obxecto de convocatoria o persoal municipal que reúna os seguintes requisitos:*

- Ostentar a condición de funcionario/a de carreira ou de persoal laboral fixo, agás o persoal suspenso en firme, que cumpra os requisitos de titulación que en cada caso se establezan.*
- Atoparse incluído no subgrupo de titulación da praza asociada ao posto traballo ofertado no concurso.*
- Levar máis de 2 anos desempeñando un posto de traballo incluído no grupo ou escala de orixe como funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo.*

*O persoal do organismo autónomo municipal “Xerencia Municipal de Urbanismo” que conte coa condición de persoal funcionario de carreira poderá participar nos concursos internos de traslados, sempre que na RPT municipal o posto de traballo ao cal se opta se*

atope en situación de vacante, ou exista vacante adecuada para adscribir ao funcionario/a que ocupaba ese posto.

No caso de que o posto ofertado este reservado para persoal laboral, os/as aspirantes deberán asemade levar desempeñando mais de 2 anos en réxime laboral fixo un posto de traballo encadrado na categoría profesional á que pertence o posto ofertado.

En consecuencia o persoal laboral fixo do Concello de Vigo pode concursar a os postos de traballo reservados para persoal laboral e non a os postos ofertados e reservados para persoal funcionario de carreira.

**Alegacións presentada polo funcionario con NP: 21887 de datas 04/08/2023, 07/08/2023 e 11/08/2023 (Documentos nº 230264597, 230264616, 230265301 e 230268114):**

Nas alegacións contidas nos documentos citados, o interesado solicita que o posto de "Xefe/a Negociado Consumo-302 OMIC, cuberto definitivamente polo funcionario que subscribe, con NP 21887 non sexa incluído en ningún concurso de traslado.

En síntese o alegante obtivo o posto de "Xefe Negociado Medio Ambiente" mediante concurso de Traslado-2007 (Exp. 17509/220). Con data de 01/10/2009, o interesado solicita o seu traslado ao Servizo de Consumo (Doc nº 90140159) por existir o posto vacante de Xefe/a de Negociado Consumo, dita solicitude foi informada favorablemente pola Conselleira-Delegada de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, segundo escrito de data 20/09/2010. O referido cambio de adscrición, aos efectos de proceder a unha reorganización dos servizos que integran dita Consellería. Ao amparo do art. 81.2 da lei 7/2007, de 12 de abril (TREBEP), onde se contempla que as AAPP, de xeito motivado, poderán trasladar aos funcionarios por necesidades de servizo ou funcionais a unidades, departamentos ou organismos públicos distintos aos do destino, respetando as súas retribucións, condicións esenciais de traballo e modificando, no seu caso, a adscrición dos postos de traballo dos que sexan titulares.

Neste punto, temos que facer fincapé na relación estatutaria dos empregados públicos tralo seu ingreso na función pública, conforme á doutrina xurisprudencial existente ao respecto, entre outras, a STS de 17/2/99 "...El Tribunal Constitucional ha declarado, en reiterada jurisprudencia, que el funcionario que ingresa en la Administración se coloca en una situación jurídica objetiva, definida legal y reglamentariamente y modificable por instrumentos normativos, sin que pueda exigirse que la situación estatutaria quede congelada al tiempo de su ingreso o que se mantenga la situación administrativa que se está disfrutando, o que el derecho causado por el funcionario no pueda ser incompatibilizado por ley, en atención a razonables y justificadas circunstancias (...), conseguintemente, no cabe hablar de una privación de derechos, sino de alteración en el ámbito de la potestad del legislador, constitucionalmente permisible, como destaca el fundamento jurídico sexto, apartado a) de la sentencia del Tribunal Constitucional 99/8 ...". O art. 141. do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das



## Concello de Vigo

*disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (...) asegúrase aos funcionarios de carreira nas Entidades Locais o dereito ao cargo, sen prexuízo da súa adscrición a uns ou outros postos de traballo, efectuada dentro das súas competencias respectivas polos distintos órganos competentes en materia de funcionarios públicos locais. Polo tanto, a reorganización dos servizos que integraban a Consellería entran dentro da potestade de autoorganización que gozan as Administracións Locais de poder estruturar os seus medios e servizos do xeito que considere máis conveniente para o mellor exercicio das súas competencias e a máis axeitada satisfacción dos seus fins, polo que cada administración decide como articula os servizos públicos da súa competencia. Esta potestade se atopa legalmente recoñecida no art. 4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), que implica, entre outras, as facultades da Administración para a organización da súa estrutura en aras dunha maior eficacia, racionalización e operatividade posible da actividade administrativa, dentro da necesaria integración e simplificación de estruturas.*

*No caso concreto, o cambio de posto e por ente, o cambio de adscrición, tal como se recolle no Decreto do 19/10/2009, foi a instancia do interesado, dentro dunha reorganización dos distintos departamentos que integraban a Área, a un posto que estaba vacante. Aínda que o posto tiña a categoría de xefe/a de negociado, prodúcese un cambio de funcións e ámbolos dous son postos singularizados.*

*En consecuencia, dita alegación debe desestimarse, ao non concorrer xustificación técnica nin legal que implique a súa estimación.*

### ***Alegacións presentada polo persoal municipal con NP: 80495 en data 03/08/2023 (Documento nº 230265404):***

*Con respecto á mesma, cabe indicar que na XGL do 20/09/2010, aprobouse a RPT-2010, no punto segundo da Resolución emanada da XGL citada, resolveuse adscribir provisionalmente o seguinte persoal aos seguintes postos, con data de efectos de 01/01/2010:*

*-(...).*

*-D. E. Falque Fontán, NP \*049+, ó posto cód. 250-Oficial Conductor /a Xestor Acopios.*

*En consecuencia e vista a Resolución citada, enténdese que dita alegación debe desestimarse, ao non concorrer xustificación técnica nin legal que implique a súa estimación.*

### ***Alegacións presentada polo persoal municipal con NP: 23350 en data 03/08/2023 (Documento nº 230265651):***

*En síntese, o interesado solicita a non inclusión no concurso de traslado, obxecto desta alegación do posto "Xefe/a da Oficina Administrativa de Contratación", cuberto*

definitivamente polo funcionario con NP 21887 (aquí hai un erro, xa o NP do interesado é 23350 e non o indicado no solicita), xa que se trata dun posto á que accedeu mediante concurso de traslados, nos que os únicos cambios foron as condicións retributivas e un cambio de denominación, circunstancias estas que en ningún caso supoñen unha alteración do contido do posto.

En contestación ao alegado dicir que na sesión da XGL de 04/08/2008 aprobouse a RPT-2008, publicada no BOP do 10/09/2008, na que figuraban diferentes modificacións de denominacións de postos de traballo, modificacións de retribucións complementarias e modificación de determinados servizos e unidades administrativas, en concreto "Patrimonio e Contratación"-Cod. 240, pasou a denominarse "Patrimonio" e "Negociado de Contratación"-Cod. 242 pasou a denominarse "Contratación".

En execución dos citados acordo do Pleno da Corporación e da XGL, resolveuse adscribir provisionalmente o seguinte persoal municipal ós seguintes postos, con efectos de 01/01/2008: (...) D. J.M. Vietes Alén, nº persoal \*335\*, ó posto cód. 95-Xefe/a Oficina Administrativa Contratación.

En consecuencia, enténdese que dita alegación debe desestimarse, ao non concorrer xustificación técnica nin legal que implique a súa estimación.

**Alegacións presentadas polas funcionarias con número de persoal:**

**-NP: 80476 en data 07/08/2023 (Documento nº 230265345)**

**-NP: 77821 en datas 03 e 07 de agosto de 2023 (documentos 230263982 e 230264903).**

**-NP: 78249 en data 07/08/2023 (Doc.: 230265487).**

**-NP: 77271 en data 07/08/2023 (Doc.: 230265092).**

As alegacións contidas nos documentos citados contestase conxuntamente a ser supostos iguais, cuxos postos de traballo pertencen a mesma área administrativa CEDRO(315). En síntese, as interesadas alegan que seus postos foron obtidos por concurso-oposición, tras superar tódolos exercicios nas probas de selectivas derivadas das OPE, dos anos 1994, 1998 e 2005.

En data 19/11/2018 emítase Informe Técnico asinado pola Técnica de Avaliación e Formación, obrante no expediente 32837/220: Modificación puntual da RPT do Concello de Vigo (Fondo de Adecuación 2018), no cal se realiza a avaliación técnica da procedencia e viabilidade técnica e económica da mesma, así como a motivación da necesidade e a verificación da efectiva alteración do contido funcional dos postos de traballo obxecto de revisión, entre os que se atopa a modificación dos complementos específicos dos postos adscritos a CEDRO-315: Posto auxiliar de Laboratorio (CE 149 ao 97) ..., auxiliar de rehabilitación do CE 161 ao 100 ..., posto recepcionista CEDRO (CE do 161 ao 103),



## Concello de Vigo

*motivados todos eles na necesidade de modificación da súa guía de funcións de asumir a responsabilidade de penosidade e toxicidade que soportan os/as traballadores/as deste servizo e en equiparación con outros postos da vixente RPT que teñen valorados estes conceptos. Tendo en conta as reivindicacións do persoal municipal adscrito a unidade CEDRO onde viñan solicitando o recoñecemento das especiais circunstancias nas que estaban a desenvolver as funcións a desempeñar por parte do persoal adscrito a unidade 315-CEDRO en canto a especial penosidade e perigosidade dos seus postos de traballo, reivindicacións contidas nos documentos 170020187 e 160041353. Recoñecéndose dita perigosidade, establecéndose para ditos postos un complemento de produtividade. Dito complemento de produtividade considerouse de índole funcional e a súa percepción dependería única e exclusivamente do exercicio da actividade profesional dos postos adscritos a CEDRO. De tal recoñecemento derivouse que os postos que ocupaban as alegantes pasaran de ser Non Singularizados (NS) a Singularizados (S), circunstancias estas que derivaron na provisionalidade de ditos postos, motivada pola reconfiguración económica e funcional aprobada na sesión extraordinaria da XGL do 28/12/2018 da modificación puntual da RPT do Concello de Vigo.*

*En consecuencia e salvo mellor criterio, procede a desestimación das alegacións presentes, en atención á motivación exposta.*

### **Alegacións presentadas pola funcionaria con NP: 60912 en data 07/08/2023 (Docs. 230265120 e 230265075)**

*A interesada, Secretaria da Sección Sindical da CIG no Concello de Vigo, solicita que se inclúan no concurso de traslado 2022-23 as seguintes prazas, en realidade quen subscribe entende que a alegante estase a referir a os seguintes postos:*

- Un/ha administrativo/a no Servizo de Deportes.*
- Un/ha xefe/a de mantemento de instalación deportivas no Servizo de Deportes.*
- Na relación aparecen 2 conserxes de Deportes vacantes mais hai persoal adscrito provisionalmente.*
- Un/ha xefe/a de equipo Código 3320206 Oficina de Educación.*
- Un/ha axudante técnico/a Código 3320104 Oficina de Educación.*
- Un/ha xefe/a de equipo de oficios no Servizo de Vías e Obras.*
- Unha praza de Advo/a C1 Código posto 215, Oficina 113.*
- Un/ha Axudante Técnico/a Electromecánicos C1 Código posto 112, Oficina 444.*
- Un/ha técnico/a auxiliar seguridade e mobilidade, C1 Código posto 108, Ofic. 449.*
- Un/ha oficial laceiro/a C2 Código posto 241, Oficina 215.*
- Un/ha oficial condutor/a do Zoo C1 Código posto 690, Oficina 612.*
- Un/ha ordenanza EMAO E Código posto 656, Oficina 613.*

Revisado o Informe Técnico obxecto da presente alegación comprobouse que os postos que a continuación se relacionan, xa están incluídos no concurso de traslado 2022/2023:

- Un/ha administrativo/a no Servizo de Deportes (611): Este posto esta en situación de vacante e incluído na OEP-2021.
- Un/ha axudante técnico/a Código 3320104 Oficina de Educación.
- Un/ha xefe/a de equipo de oficios no Servizo de Vías e Obras.
- Un/ha Axudante Técnico/a Electromecánicos C1 Código posto 112, Oficina 444: Este posto como tal denominación non existe na vixente RPT-2022. O posto 112 do servizos electromecánicos(444) redenomínase “Encargado/a Mantemento”, esta vacante e atópase cuberta mediante adscrición provisional.
- Un/ha técnico/a auxiliar seguridade e mobilidade, C1 Código posto 108, Oficina 449: Esta praza ten asociado o posto denominado “Técnico/a Auxiliar Sinalización” (Cod. 4490108).
- Ao respecto dos 2 conserxes de Deportes vacantes mais hai persoal adscrito aclarar que ditos postos denomínanse “Conserxe Responsable Instalacións Deportivas” e na actualidade hai tres postos vacantes, susceptibles de ser convocados para súa provisión definitiva, das cales dous postos xa estaban no Informe Técnico obxecto de alegación e súmase un posto máis pola xubilación do persoal municipal con NP: \*0083. En consecuencia, na presente relación de postos de traballo en situación de vacantes, susceptibles de ser convocados para a súa provisión definitiva constarán tres postos de Conserxe Responsable Instalacións Deportivas.

Comprobado o programa de Xestión de Persoal (Ginpix) e a RPT do Concello de Vigo do ano 2022, aprobada mediante acordo da XGL de 23/09/22, publicada no BOP de Pontevedra nº 188 do 30/09/2022 (Exp 1690-110), así como en base ás actuacións preparatorias realizadas no expediente 30104-220, determínase que os seguintes postos deben ser incluídos no concurso de traslados 2022-2023 :

➤ Xefe/a de mantemento de instalacións deportivas do Servizo de Deportes (611): Posto en situación de VACANTE por xubilación, susceptible de ser convocado para súa provisión definitiva:

Nº	Gr	POSTO	SERVIZO	ES	CD	CE	TP	TITULA- CIÓN	FORM ESPE- CIF	TIPO FUNC-LAB
1	C1	Xefe/a Mantemento Instalacións Deportivas	611-Servizo municipal de deportes		18	91	S	3		Lab

➤ Un/ha xefe/a de equipo Código 3320206 Oficina de Educación: Posto en situación de



## Concello de Vigo

VACANTE por xubilación, susceptible de ser convocado para súa provisión definitiva:



Nº	Gr	POSTO	SERVIZO	ES	CD	CE	TP	TITULA- CIÓN	FORM ESPE- CIF	TIPO FUNC- LAB
1	C2	Xefe/a Equipo Oficial de Educación	332-Educación		17	409	N	4		Lab

➤ Un/ha oficial laceiro/a C2 Código posto 241, Oficina 215. Comprobado o programa de Xestión de Persoal (Ginpix) e a RPT vixente do Concello de Vigo, o posto asociado a esta praza esta vacante por xubilación.

Nº	Gr	POSTO	SERVIZO	ES	CD	CE	TP	TITULA- CIÓN	FORM ESPE- CIF	TIPO FUNC- LAB
1	C2	Oficial Laceiro/a	215-Medio Ambiente		16	157	S	4		Lab

➤ Un/ha oficial condutor/a do Zoo C1 Código posto 690, Oficina 612: Comprobado o programa de Xestión de Persoal (Ginpix) e a RPT vixente do Concello de Vigo, determínase que esta praza ten asociado o posto de traballo denominado "Condutor/a Mecánico-ZOO", cúa situación actual é de vacante por xubilación.

Nº	Gr	POSTO	SERVIZO	ES	CD	CE	TP	TITULA- CIÓN	FORM ESPE- CIF	TIPO FUNC- LAB
1	C2	Condutor/a Mecánico-ZOO	612-VIGO ZOO		16	410	S	4		Lab

➤ Un/ha ordenanza EMAO e Código posto 656, Oficina 613: Comprobado o programa de Xestión de Persoal (Ginpix) e a RPT vixente do Concello de Vigo, determínase que esta praza ten asociado o posto de traballo denominado "Ordenanza- EMAO", Cod. 6130209, estando na actualidade vacante.

Nº	Gr	POSTO	SERVIZO	ES	CD	CE	TP	TITULA- CIÓN	FORM ESPE- CIF	TIPO FUNC- LAB
1	AP	Ordenanza-EMAO	613-EMAO		14	566	N	Non se require estar en posesión de ningunha titulación das previstas no sistema educativo		Lab

*-Unha praza de Advo/a C1 Código posto 215, Oficina 113: Comprobado o programa de Xestión de Persoal (Ginpix) e a RPT vixente do Concello de Vigo, determínase que esta praza ten asociado o posto de traballo de Administrativo/a, con Cód.105 (e non o Cod. 215 indicado pola alegante), no servizo 113-Administración Electrónica, ocupado polo funcionario de carreira, con NP 81854, segundo expedientes 28420-220 e 39684/220. En consecuencia non procede o solicitado neste punto.*

*Por todo o exposto, enténdese que dita alegación, no seu conxunto, debe estimarse parcialmente, ao concorrer xustificación técnica e legal que implique dita estimación parcial.*

***Alegacións presentadas polo funcionario con NP: 23136 en data 07/08/2023 (Doc. 230265216)***

*O interesado, Secretario Xeral do Sindicato Independiente do Concello de Vigo (SICO) solicita:*

*1º- "...documentación obrante en RRHH que ha servido como base para la confección del mencionado informe, y que se abra un período haciendo partícipes a los representantes de los empleados públicos...".*

*2º-"Que se constituya un grupo de trabajo donde los representantes de los empleados públicos formen parte del mismo al objeto de conseguir un consenso en el establecimiento de los concursos de traslados a convocar...."*

*3º-"Que se revise de forma rigurosa todos y cada uno de los puestos al efecto de no vulnerar los derechos de los empleados públicos,..."*

*Ao respecto e en relación coas actuacións para a provisión definitiva dos postos de traballo, tívose en conta o Exp. 1690/110, previo á aprobación da RPT-2022, onde consta Informe da instrutora de data 04/02/2022 do procedemento, sobre a situación actual da RPT do Concello. No que atinxe ao concurso de traslados 2022/23 iniciáronse actuacións previas no expediente 30104/220 no que constan incorporados diversos trámites e informes técnicos. En base ás devanditas actuacións previas foi incoado expediente 40685-220 mediante orde de inicio da Concelleira delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal de data 08/09/22; sendo os criterios xerais sometidos á preceptiva negociación colectiva de conformidade co establecido no artigo 37.1.c) do TREBEP. Celebrada a correspondente sesión ordinaria da Mesa Xeral de Negociación do 05/12/2022 tras o debate e sometida a votación, a proposta resultou aprobada por unanimidade dos presentes (Concello, UXT, CIG, SICO), Expte. 41115-220). Así mesmo, consta acordo da XGL de data 04/11/2016 onde se aprobaron os "Criterios relativos á realización de adscricións provisionais dos empregados públicos a postos vacantes encadrados nos subgrupos C1 e C2 de titulación" (Expte. 28507-220).*





## Concello de Vigo

*A fin de incluír no concurso de traslados os postos de traballo pertencentes aos subgrupos C1, C2 ou AP que se atopaban en situación de adscrición provisional ou vacante, procedeuse a aclarar e a verificar a situación individualizada dos empregados públicos en relación aos postos obxecto de provisión, así como dos correspondentes acordos en materia de adscrición, traslados, ou demais supostos de mobilidade. Acadouse, salvo error u omisión a completa depuración das respectivas situacións, a fin de unificar, clarificar e aplicar o Principio de Igualdade, no senso no que o TC vén reiteradamente pronunciándose “No toda desigualdad de trato supone una infracción del artículo 14 de la Constitución española, sino que dicha infracción la produce sólo aquella desigualdad que introduce una diferencia entre situaciones que pueden considerarse iguales y que carece de una justificación objetiva y razonable, es decir, el principio de igualdad exige que a iguales supuestos de hecho se apliquen iguales consecuencias jurídicas, debiendo considerarse iguales dos supuestos de hecho cuando la utilización o introducción de elementos diferenciados sean arbitrarios o carezca de fundamento racional (STC 134/1996, de 22 de julio).*

*Trala verificación e comprobación, e coa finalidade de subsanar no suposto de que así procedera, calquera discordancia, a aclaración e comprobación correlativa do informe técnico de data 31/03/23, incorporado como Anexo III á proposta á XGL, dos postos de traballo susceptibles de inclusión no concurso de traslados 2022/23, e no cal constan incluídos os postos de traballo cubertos mediante adscrición provisional ou en situación de vacante; reiterouse a necesidade de ter presente o Principio de Igualdade para os mesmos supostos de feito aplicando a estes, en palabras do TC, iguais consecuencias xurídicas; todo en garantía do interese público, dos dereitos dos empregados públicos e do obrigado e efectivo cumprimento dos títulos xudiciais.*

*Tívoise tamén en conta as sucesivas modificacións da RPT no concello de Vigo, concretamente nos supostos de adecuacións retributivas, red denominación de postos, unidades, reorganización de unidades organizativas, redistribución de funcións, supresión ou creación de postos, complementos de destino ou específico. Tal e como vén fundamentado nos diversos acordos de aprobación ou modificación puntual da RPT do Concello e tal e como establece o artigo 74 do RDL 5/2015, de 30 de outubro, (TREBEP): “As Administracións Públicas estruturarán a súa organización a través de relacións de postos de traballo ou outros instrumentos organizativos similares que comprenderán, cando menos, a denominación dos postos, os grupos de clasificación profesional, os corpos e escalas, no seu caso, a que estean adscritos, os sistemas de provisión e as retribucións complementarias. Ditosa instrumentos serán públicos”. En consecuencia e en conformidade coa Disposición derogatoria única, letra b) do TREBEP, permanece vixente o artigo 15 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, trala reforma levada a cabo pola Lei 62/2003, de 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, omite a existencia de que a RPT indique as características esenciais dos postos. A Lei do EPG establece igualmente a definición e contido mínimo así como o procedemento para a súa aprobación.*

Neste senso, damos por reproducida pola súa claridade as consideracións establecidas no informe de situación da instrutora no informe de data 04/02/22 (expte. 1690/110) e reproducidos no antecedente I. B).

As situacións especialmente complexas detectadas nas verificacións relativas aos empregados públicos que ocupan postos dos subgrupos de titulación C1, C2 e AP, foron as seguintes:

-Empregados/as públicos/as que obtiveron o seu posto de traballo por concurso, sendo ao longo dos anos obxecto de sucesivas modificacións en relación á diferentes extremos: complemento de destino (CD), complemento específico (CE), denominación do posto, supresión do posto, reorganización das unidades, modificación das funcións,..

-Empregados públicos/as que obtiveron o seu posto tras a asignación inicial, ou en supostos de mobilidade que conlevou a adscrición definitiva ao mesmo e posteriormente foron obxecto de sucesivas modificacións.

En definitiva, coa finalidade de depurar e verificar a situación dos empregados públicos do Concello de Vigo que se atopaban nas citadas situacións, expónse as diversas consideracións que se tiveron en conta na confección do Informe técnico:

1ª- Aplicación do Principio de Igualdade no senso establecido na reiterada doutrina do Tribunal Constitucional.

Os cursos sobre linguaxe non sexista, prevención do acoso, sobre igualdade e corresponsabilidade e violencia de xénero recoñecidos polas administracións públicas, serán tidos en conta nos baremos de méritos para a carreira profesional.

### **5.- Titulacións académicas.**

a).- Por estar en posesión de titulación superior á esixida para o acceso á praza: 1 punto.

b).- Por estar en posesión doutras titulacións superiores, excluída a que serviu para obter a que se alega como mérito, sempre que teña relación directa coas funcións do posto e que sexa superior respecto da do apartado anterior: 1 punto.

### **6. Coñecemento do idioma galego.**

Por superar o curso/validación de iniciación: 0,50 puntos.

Por superar o curso/validación de perfeccionamento ou curso básico de linguaxe xurídico administrativa: 1 puntos.

Por superar o curso medio de linguaxe xurídico- administrativa: 1,5 puntos.

Por superar o curso superior de linguaxe xurídico-administrativa: 2 puntos.

Puntuaráse soamente o superior alegado e xustificado como mérito.

Ao/á aspirante que non acredite ter realizado ningún dos anteriores cursos efectuaráselle unha proba de coñecementos, que se valorará cun máximo de 0,50 puntos. Dita proba terá lugar sempre antes da realización da proba de coñecemento do posto ao que se opta, e convocarase a través do taboleiro de anuncios e edictos aos/ás aspirantes que non acrediten contar con ningún curso de lingua galega.

Puntuación mínima.- Para poder ter dereito a ser nomeado ao posto de traballo convocado, o/a candidato/a deberá obter un mínimo de 9 puntos conforme ao baremo de méritos anterior.

A puntuación por cada un dos devanditos apartados non poderá ser superior ao 40%, nin inferior ao 10% da puntuación total do baremo.

Criterios de desempate.- Os empates dirimiranse en función da puntuación outorgada aos méritos enunciados, pola orde establecida; de persistir pola antigüidade na administración e, por último, pola idade.

As bases deberán recoller o compromiso do Concello de Vigo coa igualdade de oportunidades entre homes e mulleres así como o compromiso das Comisións de valoración no cumprimento deste principio

#### **QUINTA.- Comisión de Valoración**

A Comisión de Valoración é un órgano colegiado de carácter técnico encargado da valoración dos méritos e capacidades e, en su caso, aptitudes dos candidatos. A súa composición responde ao principio de profesionalidade e especialización dos seus membros e se adecuará ao criterio de paridade entre muller e home. O seu funcionamento axustarase ás a las regras de imparcialidade e obxectividade así como ao disposto na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector Público e Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O órgano de selección encargado da realización do proceso selectivo terá carácter colegiado e estará integrado un número impar de membros con dereito a voto, debendo ter a condición de funcionario de carreira de Corpos ou Escalas pertencentes a un grupo de titulación igual ou superior ao esixido para os postos convocados e ter todos eles titulación igual ou superior á esixida para o acceso ao posto.

Actuarán con voz e voto -a excepción do Secretario/a-, podendo acordar o nomeamento dun/dunha asesor/a especialista na materia (xefatura da Área ou Servizo do posto obxecto do concurso), que deberá comparecer a título individual, e que asistirá con voz e sen voto.



## Concello de Vigo

### Presidente/a:

-Un/ha funcionario/a con habilitación de carácter estatal, encadrado no subgrupo A1 de titulación, ou ben un funcionario/a do Concello encadrado nos subgrupos A1 ou A2 de titulación, designado/a pola Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal en base á proposta técnica que se emita en informe previo da Area de RRHH e Formación.

Corresponde á/ao Presidente/a acordar as convocatorias das sesións ordinarias e extraordinarias, presidir as sesións, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas, asegurar o cumprimento das leis, dirimir co seu voto os empates nos termos legalmente previstos, visar as actas e certificacións dos acordos do órgano de selección e as demais que lle outorgue a lexislación vixente.

### Secretario/a:

-Un/ha funcionario/a con habilitación de carácter estatal ou técnico/a de administración xeral do Concello de Vigo encadrado no subgrupo A1 de titulación, designado/a pola Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, en base á proposta técnica que se emita en informe previo da Área de RRHH e Formación, que intervirá con voz e sen voto, con funcións de asesoramento legal ao órgano de selección, custodia dos exames e actas, elaboración de actas dos acordos e informe xurídico en relación cos recursos administrativos que podan presentarse contra os actos e acordos do órgano de selección. Igualmente deberá realizar as funcións previstas nas Lei 39 e 40/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo e do Réxime Xurídico das Administracións Públicas.

### Vogais:

-Tres funcionarios/as do Concello de Vigo integrados como mínimo no subgrupo C1 de titulación, que dispoñan do título de Bacharelato Superior, FP-2 ou equivalente, tamén como mínimo, propostos pola Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal en base á proposta técnica que se emita en informe previo da Area de RRHH e Formación, que comparecerán en todo caso a título individual.

Simultaneamente cos titulares designarase aos respectivos/as suplentes.

Os/as seus/súas integrantes deberán absterse de tomar parte no proceso selectivo cando concorran as causas de abstención e recusación contidas nos artigos 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público. Asemade, os aspirantes poderán recusar aos mesmos nos supostos previstos no artigo 24 da mesma norma.

Polo Órgano de Selección deberá acordarse na sesión constitutiva o número máximo de sesións, debendo facerse constar na correspondente acta, podendo ampliarse unicamente por causa xustificada mediante novo acordo do mesmo, debidamente motivarse na acta.

A Comisión de Valoración poderá, mediante acordo expreso documentado na acta da primeira sesión ou da sesión constitutiva, de estímalo necesario e imprescindible para o adecuado desenvolvemento do proceso de selección, solicitar o apoio técnico e administrativo do persoal adscrito á Área de Recursos Humanos e Formación, que en ningún caso poderá custodiar documentación nin actas; nin estar presente nas deliberacións, correccións e/ou avalia-

cións que se realicen polo órgano de selección, baixo a responsabilidade directa da Presidencia do órgano de selección.

A actuación da Comisión de Valoración, en canto que órgano colexiado, rexeráse no non previsto na normativa sectorial vixente polas disposicións das Lei 39 e 40/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo e do Réxime Xurídico das Administracións Públicas.

A Comisión de valoración, unha vez rematada a selección, elevará proposta ao órgano municipal competente sobre os postos de traballo a asignar, propoñendo á persoa candidata que obtivera maior puntuación, sendo a proposta vinculante sempre que se axuste a Dereito.

#### **SEXTA.- Presentación das solicitudes de participación e forma de presentación da documentación.**

##### **a).- Prazo de presentación.**

O prazo de presentación de instancias será de quince días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo das publicacións que se efectúen no Diario Oficial de Galicia, taboleiro de anuncios e edictos do Concello de Vigo e no apartado de emprego da sede electrónica do Concello de Vigo.

##### **b).- Presentación electrónica obrigatoria.-**

Os/as aspirantes deberán presentar obrigatoriamente a solicitude xunto coa documentación acreditativa dos méritos evaluables segundo a base IV anterior, mediante solicitude electrónica ao Excmo. Alcalde-Presidente no Rexistro Xeral do Concello de Vigo- sede electrónica accesible vía web municipal [www.vigo.org](http://www.vigo.org)- de conformidade co establecido no artigo 14.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e no Real Decreto 203/2021, polo que se aproba o Regulamento de actuación e funcionamento do Sector público por medios electrónicos.

No suposto de que algunha das persoas interesadas presente a súa solicitude presencialmente, requiríraselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarásese como data de presentación da solicitude aquela na que sexa realizada a emenda.

##### **c).- Constará Modelo de Solicitude normalizada e as solicitudes xunto a seguinte documentación, deberán achegarse exclusivamente dentro do prazo de presentación establecido:**

-relación debidamente numerada da documentación acreditativa dos méritos alegados polos/as aspirantes.

-documentación acreditativa dos méritos alegados polos/as aspirantes.





## Concello de Vigo

- A acreditación dos méritos de antigüidade e grao no Concello de Vigo, o/a aspirante deberá facer constar tal circunstancia na declaración responsable, a cal deberá achegarse xunto coa solicitude, desagregando a data ou datas de inicio e finalización dos servizos prestados ao Concello, así como a Área, Departamento, Servizo ou Unidade na que se prestaron. Nestes supostos a acreditación a fará de oficio, sempre que o/a aspirante alegue os mérito na súa instancia, no caso contrario deberá achegarse a correspondente certificación dos servizos prestados por parte do/da aspirante.
- A acreditación dos méritos de antigüidade e grao na Xerencia Municipal de Urbanismo, o/a aspirante deberá achegar no prazo o correspondente certificado de servizos prestados.
- A acreditación dos restantes méritos, deberá efectuarse dentro do prazo establecido, valorándose en base á documentación achegada polo/a aspirante.

Para a xustificación dos méritos, o/a aspirante que deba achegar documentación procedente doutros organismos oficiais, e que éstos non facilitasen antes da finalización do prazo de presentación de instancias, deberá achegar no devandito prazo a correspondente solicitude ou copia compulsada vía electrónica, xunto cunha declaración responsable comprometéndose a presentala nos dous días seguintes a aquél no que lle fose expedida. En todo caso non procederá a súa valoración se non fose achegada antes da data de celebración da sesión de valoración do concurso.

A comisión de valoración poderá solicitar que se complete ou aclare a documentación presentada para xustificar os méritos alegados, pero non poderá pedir nova documentación para acreditar méritos unicamente alegados e non acreditados.

d).- Expresión da orde de preferencia dos postos solicitados.- No suposto de que sexan varios os postos de traballo que se soliciten, deberá indicarse a preferencia respecto dos postos incluídos no concurso aos que se aspira, indicando a orde na solicitude de participación.

### **SÉPTIMA.- Procedemento de valoración.**

Rematado o prazo de presentación de solicitudes segundo a Base Sexta, e previamente ao inicio das valoracións pola comisión, expóranse ao público no taboleiro de anuncios e no apartado de emprego da Sede electrónica do Concello a resolución pola que se aproba a lista provisional de admitidos e excluídos, xunto cos motivos da exclusión, a fin de que os interesados/as podan promover as reclamacións pertinentes no prazo de 10 días hábiles,

que serán resoltas no mesmo prazo, publicándose a relación definitiva no taboleiro de anuncios e no apartado de emprego da Sede electrónica do Concello.

A Comisión de valoración unha vez concluídas as valoracións, publicará a proposta de valoración provisional de aspirantes por orde de puntuación no taboleiro de anuncios e no apartado de emprego da Sede electrónica do Concello, conferíndose audiencia aos interesados/as para que no prazo de 10 días hábiles efectúen as alegacións que estimen oportunas, que serán resoltas motivadamente pola comisión en igual prazo.

Resoltas as reclamacións, se as houbese e, en caso contrario, rematado o prazo dos 10 días hábiles, a comisión de valoración elevará a proposta definitiva propoñendo os nomeamentos para os postos dos candidatos que obtivesen a maior puntuación, e a súa proposta será vinculante, publicándose da mesma forma que a convocatoria.

A toma de posesión deberá efectuarse nos termos previstos na lexislación vixente.

#### **OITAVA.- Igualdade de oportunidades.**

As presentes bases recollen o compromiso do Concello de Vigo coa igualdade de oportunidades entre homes e mulleres así como o compromiso das Comisións de valoración no cumprimento deste principio.

#### **NOVENA.- Remoción do posto de traballo.**

Os candidatos nomeados poderán ser removidos dos seus postos polas causas previstas na lexislación vixente (artigo 94 Lei 2/2015, do 29 de abril) concretadas en:

- a) Causas sobrevenidas derivadas dunha alteración no contido do posto de traballo realizada a través da relación de postos de traballo que modifique os supostos que serviron de base á convocatoria de provisión.
- b) Evaluación negativa do desempeño do posto.
- c) Cumprimento inadecuado das funcións atribuídas ao posto ou rendimento insuficiente que impida realizar con eficacia ditas funcións.
- d) Valoración do desempeño do posto provisto por concurso específico, de acordo co previsto no apartado séptimo do artigo 91.

A remoción efectuaráse, en todo caso, mediante resolución motivada e, nos supostos previstos nas letras b) y c) do apartado anterior, previo expediente contradictorio, oído o órgano de representación do personal.



## Concello de Vigo

A persoa removida ten dereito a que se lle asigne un posto de traballo mediante o procedemento de adscrición provisional previsto no artigo 97 da Lei 2/2015, de 29 de abril.

### **DÉCIMA.- Outras incidencias.**

Os/as funcionarios/as ou persoal laboral fixo nomeados/as a través do presente concurso de traslados en postos non singularizados poderán ser adscritos, por necesidades do servizo, a outros postos do mesmo nivel de complemento de destino e igual importe do complemento específico.

No non previsto nas presentes bases, serán de aplicación o previsto no marco normativo de aplicación.

### **VI.- SOMETEMENTO Á PRECEPTIVA FISCALIZACIÓN PREVIA DA PROPOSTA DE ACORDO.**

Será preceptiva a fiscalización previa de gasto conforme ó establecido no RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (artigos 213 a 223) e Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico de control interno nas entidades do Sector Público Local; dado que, resulta susceptible de xerar obrigas económicas a futuro para o Concello de Vigo, polo cal o presente expediente electrónico será sometido á fiscalización da Intervención Xeral Municipal. O artigo 214 RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais establece que:

Ámbito de aplicación e modalidades de exercicio da función interventora.

*1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.*

*2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:*

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.*
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.*
- c) La intervención material del pago.*

*d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.*

En relación ao apartado I do informe de fiscalización favorable da Intervención Xeral de data 21/04/23 debe facerse constar que non existe inconveniente en que por Intervención se soliciten ao Servizo de Administración Electrónica os accesos pertinentes a todos aqueles programas, aplicacións ou bases de datos de persoal que resulten necesarios para o correcto exercicio da función fiscalizadora.

Respecto á recomendación realizada na conclusión do informe de fiscalización de data 21/04/23, e de conformidade co este, sinálase que os importes do complemento específico anual están debidamente publicados no Portal de Transparencia <https://transparencia.vigo.org/?id=149&tipo=ele&ita=0&lang=ga>, sen prexuízo da correspondente actualización conforme ao IPC; constando igualmente aprobación inicial da Relación de postos de Traballo do Concello de Vigo correspondente ao ano 2023 mediante Acordo da Xunta de Goberno Local en sesión de data 16/03/23, publicada no [Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 60 de data 27/03/23](#) segundo consta nos antecedentes, a data de hoxe en fase de exposición pública.

## **VII.- POSTOS DE TRABAJO SUSCEPTIBLES DE INCLUSIÓN NO CONCURSO ORDINARIO DE TRASLADOS.**

Segundo informe técnico de data 29/09/23, resultan de procedente inclusión no concurso de traslados obxecto do presente expediente os postos de traballo relacionados e que se atopan cubertos mediante adscrición provisional ou en situación de vacante, incorporándose a relación de postos segundo informe de data 29/09/23 como ANEXO III á presente proposta a fin de identificar os postos ofertados.

## **VIII.- PROCEDIMIENTO.**

O procedemento de desenvolvemento do concurso rexerese polo establecido nas bases da convocatoria e no marco normativo de aplicación relacionado no apartado 2 dos Fundamentos Xurídicos da presente proposta.

## **IX.- COMPETENCIA.**

O art. 4.1.a) e c) da LBRL recoñécelle ó municipios, entre outras, respectivamente, as potestades públicas de autoorganización e as de programación e planificación.

O órgano competente para a aprobación de convocatorias e as súas bases no ámbito da xestión do persoal municipal é a Xunta de Goberno local, ao abeiro do artigo 127.1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.



## Concello de Vigo

En consecuencia, coa conformidade da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal ((resolucións da Alcaldía de datas 19/06/2023, 20/06/2023 e 28/06/2023 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/06/2023) e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, sométese á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

“**PRIMEIRO**.- Desestimar en base ao exposto no Fundamento xurídico segundo as seguintes alegacións presentadas polos/as seguintes interesados/as:

Data	Nº de empregado/a	Nº de documento
07/08/23	21835	230265515
07/08/23	14829	230265403
07/08/23	15148	230265357
07/08/23	22177	230265365 230265276
22/07/23	76507	230220244
02/08/23	16350	23029032
27/07/23	16478	230222641
04/08/2023 07/08/2023 11/08/2023	21887	230264597 230264616 230265301 230268114
03/08/23	80495	230265404
03/08/23	23350	230265651
03/08/23 07/08/2023	80476  77821 78249 77271	230265345 230263982 230264903 230265487 230265092

Data	N ° de empregado/a	Nº de documento
070823	23136	230265216
040823	79370	230264499

**SEGUNDO.-** Estimar parcialmente no sentido do Fundamento xurídico segundo as seguintes alegacións presentadas:

Data	N ° de empregado/a	Nº de documento
03/08/23	79640	230264051
07/08/23	60912	230265120 230265075

**TERCEIRO.-** Aprobar os criterios xerais reitores do concurso de traslados dos postos de traballo C1, C2 e AP de titulación do Concello de Vigo, tras a negociación colectiva efectuada na Mesa Xeral de Negociación celebrada en data 05/12/2022, e de conformidade co informe-proposta que antecede e cos restantes informes emitidos e incorporados ao presente expediente electrónico nº 40685/220; criterios que se incorporan como ANEXO I e que forman parte inseparable do presente acordo.

**CUARTO.-** Aprobar a convocatoria e bases reitoras do concurso de traslados dos postos de traballo C1, C2 e AP de titulación do Concello de Vigo, de conformidade aos informes técnicos emitidos e antecedentes que constan no expediente 40685-220; bases que se recollen no ANEXO II que forma parte inseparable do presente acordo.

**QUINTO.-** Ordenar a publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e diarios oficiais que correspondan, aos efectos da preceptiva publicidade.

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa."



**Concello de Vigo**

## **ANEXO I**

### **“CRITERIOS XERAIS PARA O CONCURSO DE TRASLADOS DOS POSTOS DE TRABALLO CORRESPONDENTES AOS SUBGRUPOS C1, C2 E AP DE TITULACIÓN DO CONCELLO DE VIGO”.**

Obxecto.- Constitúe o obxecto da proposta os criterios xerais que rexerán a convocadora e bases para a provisión dos postos de traballo encadrados nos subgrupos C1, C2 e Agrupación Profesional en situación de cobertura provisional ou vacante, susceptibles de ser convocados para a súa provisión.

A estes efectos, reproducense os criterios xerais das sucesivas convocatorias e bases de concursos de traslados do Concello de Vigo, segundo o establecido na lexislación de aplicación así como no Acordo Regulador de condicións económicas e sociais dos funcionarios do Concello de Vigo e Convenio colectivos dos empregados integrados no cadro de persoal do Concello de Vigo, adaptándose ás previsións do I Plan de Igualdade do Concello de Vigo así como ás do Real Decreto 203/2021, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de actuación y funcionamiento del sector público por medios electrónicos.

Baremo para puntuación dos méritos. Os méritos que comprenden o baremo resultan en consecuencia da normativa e do acordo de aplicación integrándose polos seguintes méritos avaliáveis:

#### **1.- Coñecemento do posto ao que se opta:** Valorarase de 0 a 6 puntos.

Consistirá nunha proba práctica na que se acrediten os coñecementos específicos do posto de traballo, en atención ao destino concreto no departamento ou servizo no cal se ubica na vixente relación de postos de traballo, que se valorará ata 6 puntos.

Para formar o seu xuízo, a Comisión de Valoración acordará a práctica das probas, que poderán ser tipo test ou ben probas prácticas, e que versarán sobre aspectos relativos ás tarefas propias do posto.

A puntuación de cada aspirante nas diferentes probas correspondentes a este apartado será a media aritmética das cualificacións de todos os membros da Comisión asistentes á sesión -exceptuado o Secretario/a-.

Non se valorarán a puntuación mais alta e a mais baixa (unicamente unha delas en caso de empate) sempre que entre elas exista unha diferenza de 3 puntos ou máis.

#### **2.- Grao persoal:**

- 
- O mesmo grao persoal ou superior ó do posto a que se aspira: 2 puntos.

- Un nivel inferior: 1,5 puntos
- Dous niveis inferiores ou menos: 1 punto.
- Tres niveis inferiores ou menos: 0,5 puntos.

### **3.- Antigüidade.**

Por cada ano ou fracción de servizos prestados ao Concello con cargo a prazas do cadro de persoal, e os recoñecidos con anterioridade á adquisición da condición de funcionarios de carreira: 0,10 puntos, ata un máximo de 3.

### **4. Cursos de formación e perfeccionamento.**

Unicamente teránse en conta os cursos que esten relacionados coas funcións do posto ao que se aspira nos que o certificado de asistencia sexa expedido por un organismo oficial, centro homologado para a impartición docente ou colexio profesional; así cursos impartidos polo Instituto Nacional de Administración Pública, Escola Galega de Administración Pública, cursos oficiais derivados do cumprimento dos acordos de formación continua de administracións públicas (I, II, III e IV AFCAP), dentro do seu labor de formación e capacitación permanente do persoal, Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP) ou outros organismos oficiais competentes para impartir os cursos, cursos incluídos nos plans anuais de formación do Concello, sempre que o certificado de asistencia o expida o Concello e cursos impartidos por colexios profesionais e centros homologados.

No suposto de persoal de oficios tamén computarán como mérito os cursos impartidos polo Servizo Público de Emprego Estatal (SEPE) ou organismo que o substitúa nas distintas comunidades autónomas sempre que teñan relación directa coas funcións do posto ao que se aspira.

Así mesmo, tamén poderán avaliarse os impartidos por outros organismos oficiais competentes para impartir os cursos propios de cada oficio e os derivados dos acordos nacionais de formación continua (FORCEM) impartidos por sindicatos ou confederación de empresarios, sempre e cando teñan relación coas funcións do posto ao que se aspira.

— Por cada curso de 60 horas de duración, ou no seu defecto 10 xornadas como mínimo: 0,60 puntos.

— Por cada curso entre 30 e 59 horas de duración ou no seu defecto de 5 a 9 xornadas: 0,40 puntos.

— Por cada curso entre 10 e 29 horas de duración ou no seu defecto entre 2 e 4 xornadas: 0,20 puntos.

— Por cada curso no que non se especifique a duración, ou inferior a dúas xornadas: 0,10 puntos.





## Concello de Vigo

No caso de centros ou cursos homologados, na certificación que o/a aspirante presente dentro do prazo para isto establecido, deberá constar a resolución expresa de homologación.

Nas convocatorias específicas poderá figurar a relación de cursos con dereito a poder ser valorados.

A puntuación máxima por este apartado non poderá exceder de 4 puntos.

Os cursos sobre linguaxe non sexista, prevención do acoso, sobre igualdade e corresponsabilidade e violencia de xénero recoñecidos polas administracións públicas, serán tidos en conta nos baremos de méritos para a carreira profesional.

### **5.- Titulacións académicas.**

- a).- Por estar en posesión de titulación superior á esixida para o acceso á praza: 1 punto.
- b).- Por estar en posesión doutras titulacións superiores, excluída a que serviu para obter a que se alega como mérito, sempre que teña relación directa coas funcións do posto e que sexa superior respecto da do apartado anterior: 1 punto.

### **6. Coñecemento do idioma galego.**

Por superar o curso/validación de iniciación: 0,50 puntos.

Por superar o curso/validación de perfeccionamento ou curso básico de linguaxe xurídico administrativa: 1 puntos.

Por superar o curso medio de linguaxe xurídico- administrativa: 1,5 puntos.

Por superar o curso superior de linguaxe xurídico-administrativa: 2 puntos.

Puntuaráse soamente o superior alegado e xustificado como mérito.

Ao/á aspirante que non acredite ter realizado ningún dos anteriores cursos efectuaráselle unha proba de coñecementos, que se valorará cun máximo de 0,50 puntos. Dita proba terá lugar sempre antes da realización da proba de coñecemento do posto ao que se opta, e convocarase a través do taboleiro de anuncios e edictos aos/ás aspirantes que non acrediten contar con ningún curso de lingua galega.

Puntuación mínima.- Para poder ter dereito a ser nomeado ao posto de traballo convocado, o/a candidato/a deberá obter un mínimo de 9 puntos conforme ao baremo de méritos anterior.

A puntuación por cada un dos devanditos apartados non poderá ser superior ao 40%, nin inferior ao 10% da puntuación total do baremo.

Criterios de desempate.- Os empates dirimiranse en función da puntuación outorgada aos méritos enunciados, pola orde establecida; de persistir pola antigüidade na administración e, por último, pola idade.

As bases deberán recoller o compromiso do Concello de Vigo coa igualdade de oportunidades entre homes e mulleres así como o compromiso das Comisións de valoración no cumprimento deste principio

## ANEXO II

### **BASES REITORAS DO CONCURSO DE TRASLADOS PARA A PROVISIÓN DEFINITIVA DE POSTOS DE TRABAJO (SUBGRUPOS C1, C2 e AP).**

**PRIMEIRA.- Obxecto.-** Constitúe o obxecto da presente convocatoria a provisión dos postos de traballo encadrados nos subgrupos C1, C2 e Agrupación Profesional en situación de cobertura provisional ou vacante, susceptibles de ser convocados para a súa provisión definitiva, segundo informe técnico de data 31/03/23, excluindo os postos que teñan adscrito persoal funcionario de carreira por motivos de saúde ou rehabilitación ou por motivos de violencia de xénero.

#### **SEGUNDA.- Condición dos aspirantes e requisitos de participación.**

a).- Poderá participar no concurso interno de traslados obxecto de convocatoria o persoal do Concello de Vigo que reúna os seguintes requisitos:

- ostentar a condición de funcionario/a de carreira ou de persoal laboral fixo do Concello de Vigo -agás o persoal suspenso en firme- que cumpra os requisitos de titulación que en cada caso se establezan.
- atoparse incluído no subgrupo de titulación da praza asociada ao posto de traballo ofertado no concurso.
- levar máis de 2 anos desempeñando un posto de traballo incluído no grupo ou escala de orixe como funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo.
- requisitos legalmente establecidos segundo a lexislación vixente e artigo 56 TREBEP.

No suposto de persoal funcionario de novo ingreso, é requisito necesario para poder participar no concurso, en todo caso, unha antigüidade mínima de dous anos desde o nomeamento como personal funcionario de carreira.



## Concello de Vigo

O persoal da “Xerencia Municipal de Urbanismo” que conte coa condición de persoal funcionario de carreira poderá participar nos concursos internos de traslados, sempre que na RPT municipal o posto de traballo ao cal se opta se atope en situación de vacante, ou exista vacante adecuada para adscribir ao funcionario/a que ocupaba ese posto.

No caso de que o posto ofertado esté reservado para persoal laboral, os/as aspirantes deberán asemade levar desempeñando mais de 2 anos en réxime laboral fixo un posto de traballo encadrado na categoría profesional á que pertence o posto ofertado.

b).- Supostos nos que existe a obriga de participación para determinado persoal funcionario de carreira:

De conformidade co establecido na Lei 2/2015, de 29 de abril do Emprego Público de Galicia, e demais normativa de concordante aplicación, estará obrigado a participar nos concursos ordinarios de provisión de postos de traballo o persoal funcionario de carreira que se atope nalgún dos seguintes supostos:

- a) Persoal removido do posto obtido por concurso ordinario ou específico, excepto que acceda a outro posto con carácter definitivo.
- b) Persoal removido do posto obtido mediante libre designación, excepto que acceda a outro posto con carácter definitivo.
- c) Persoal con posto de traballo que sexa obxecto de amortización.
- d) Persoal adscrito con carácter provisional a un posto de traballo. (artigo 97 LEPG)
- e) Persoal que non se atope adscrito a un determinado posto de traballo.
- f) Persoal funcionario de carreira que solicite o reingreso ao servizo activo e que non teña reservado o posto de traballo. (artigo 178.2 e 97.5 LEPG).

O incumprimento da obriga de participación determinará a declaración da situación de excedencia voluntaria por interese particular.

### **TERCEIRA.-Identificación dos postos. Denominación, nivel, localización e requisitos indispensables para o desempeño do posto.**

a).- Os postos que se inclúen no concurso interno de traslados obxecto da presente convocatoria e Bases, relaciónanse no informe técnico de data 29/09/23 incorporando a relación á presente proposta como ANEXO III (sen prexuízo de que sexa cuberta por persoal de novo ingreso procedente das Ofertas de Emprego Público como posto de entrada.

b).- Os requisitos para o desempeño de cada posto de traballo incluídos no concurso, establécense de conformidade coa Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo.

**CUARTA.- Baremo para puntuación dos méritos.** Os méritos que comprenden o baremo resultan en consecuencia da normativa e do acordo de aplicación integrándose polos seguintes méritos avaliáveis:

**1.- Coñecemento do posto ao que se opta:** Valorarásese de 0 a 6 puntos.

Consistirá nunha proba práctica na que se acrediten os coñecementos específicos do posto de traballo, en atención ao destino concreto no departamento ou servizo no cal se ubica na vixente relación de postos de traballo, que se valorará ata 6 puntos.

Para formar o seu xuízo, a Comisión de Valoración acordará a práctica das probas, que poderán ser tipo test ou ben probas prácticas, e que versarán sobre aspectos relativos ás tarefas propias do posto.

A puntuación de cada aspirante nas diferentes probas correspondentes a este apartado será a media aritmética das cualificacións de todos os membros da Comisión asistentes á sesión -exceptuado o Secretario/a-.

Non se valorarán a puntuación mais alta e a mais baixa (unicamente unha delas en caso de empate) sempre que entre elas exista unha diferenza de 3 puntos ou máis.

**2.- Grao persoal:**

- O mesmo grao persoal ou superior ó do posto a que se aspira: 2 puntos.
- Un nivel inferior: 1,5 puntos
- Dous niveis inferiores ou menos: 1 punto.
- Tres niveis inferiores ou menos: 0,5 puntos.

**3.- Antigüidade.**

Por cada ano ou fracción de servizos prestados ao Concello con cargo a prazas do cadro de persoal, e os recoñecidos con anterioridade á adquisición da condición de funcionarios de carreira: 0,10 puntos, ata un máximo de 3.

**4. Cursos de formación e perfeccionamento.**

Unicamente teráanse en conta os cursos que esten relacionados coas funcións do posto ao que se aspira nos que o certificado de asistencia sexa expedido por un organismo oficial, centro homologado para a impartición docente ou colexio profesional; así cursos impartidos polo Instituto Nacional de Administración Pública, Escola Galega de Administración Pública, cursos oficiais derivados do cumprimento dos acordos de formación continua de



## Concello de Vigo

administracións públicas (I, II, III e IV AFCAP), dentro do seu labor de formación e capacitación permanente do persoal, Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP) ou outros organismos oficiais competentes para impartir os cursos, cursos incluídos nos plans anuais de formación do Concello, sempre que o certificado de asistencia o expida o Concello e cursos impartidos por colexios profesionais e centros homologados.

No suposto de persoal de oficios tamén computarán como mérito os cursos impartidos polo Servizo Público de Emprego Estatal (SEPE) ou organismo que o substitúa nas distintas comunidades autónomas sempre que teñan relación directa coas funcións do posto ao que se aspira.

Así mesmo, tamén poderán avaliarse os impartidos por outros organismos oficiais competentes para impartir os cursos propios de cada oficio e os derivados dos acordos nacionais de formación continua (FORCEM) impartidos por sindicatos ou confederación de empresarios, sempre e cando teñan relación coas funcións do posto ao que se aspira.

— Por cada curso de 60 horas de duración, ou no seu defecto 10 xornadas como mínimo: 0,60 puntos.

— Por cada curso entre 30 e 59 horas de duración ou no seu defecto de 5 a 9 xornadas: 0,40 puntos.

— Por cada curso entre 10 e 29 horas de duración ou no seu defecto entre 2 e 4 xornadas: 0,20 puntos.

— Por cada curso no que non se especifique a duración, ou inferior a dúas xornadas: 0,10 puntos.

No caso de centros ou cursos homologados, na certificación que o/a aspirante presente dentro do prazo para isto establecido, deberá constar a resolución expresa de homologación.

Nas convocatorias específicas poderá figurar a relación de cursos con dereito a poder ser valorados.

A puntuación máxima por este apartado non poderá exceder de 4 puntos.

Os cursos sobre linguaxe non sexista, prevención do acoso, sobre igualdade e corresponsabilidade e violencia de xénero recoñecidos polas administracións públicas, serán tidos en conta nos baremos de méritos para a carreira profesional.

### **5.- Titulacións académicas.**

a).- Por estar en posesión de titulación superior á esixida para o acceso á praza: 1 punto.

b).- Por estar en posesión doutras titulacións superiores, excluída a que serviu para obter a que se alega como mérito, sempre que teña relación directa coas funcións do posto e que sexa superior respecto da do apartado anterior: 1 punto.

## **6. Coñecemento do idioma galego.**

Por superar o curso/validación de iniciación: 0,50 puntos.

Por superar o curso/validación de perfeccionamento ou curso básico de linguaxe xurídico administrativa: 1 puntos.

Por superar o curso medio de linguaxe xurídico- administrativa: 1,5 puntos.

Por superar o curso superior de linguaxe xurídico-administrativa: 2 puntos.

Puntuaráse soamente o superior alegado e xustificado como mérito.

Ao/á aspirante que non acredite ter realizado ningún dos anteriores cursos efectuaráselle unha proba de coñecementos, que se valorará cun máximo de 0,50 puntos. Dita proba terá lugar sempre antes da realización da proba de coñecemento do posto ao que se opta, e convocarase a través do taboleiro de anuncios e edictos aos/ás aspirantes que non acrediten contar con ningún curso de lingua galega.

Puntuación mínima.- Para poder ter dereito a ser nomeado ao posto de traballo convocado, o/a candidato/a deberá obter un mínimo de 9 puntos conforme ao baremo de méritos anterior.

A puntuación por cada un dos devanditos apartados non poderá ser superior ao 40%, nin inferior ao 10% da puntuación total do baremo.

Criterios de desempate.- Os empates dirimiranse en función da puntuación outorgada aos méritos enunciados, pola orde establecida; de persistir pola antigüidade na administración e, por último, pola idade.

As bases deberán recoller o compromiso do Concello de Vigo coa igualdade de oportunidades entre homes e mulleres así como o compromiso das Comisións de valoración no cumprimento deste principio

### **QUINTA.- Comisión de Valoración**

A Comisión de Valoración é un órgano colexiado de carácter técnico encargado da valoración dos méritos e capacidades e, en su caso, aptitudes dos candidatos. A súa composición responde ao principio de profesionalidade e especialización dos seus membros e se adecuará ao criterio de paridade entre muller e home. O seu funcionamento axustarase ás a las regras de imparcialidade e obxectividade así como ao disposto na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector Público e Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.



## Concello de Vigo

O órgano de selección encargado da realización do proceso selectivo terá carácter colexiado e estará integrado un número impar de membros con dereito a voto, debendo ter a condición de funcionario de carreira de Corpos ou Escalas pertencentes a un grupo de titulación igual ou superior ao esixido para os postos convocados e ter todos eles titulación igual ou superior á esixida para o acceso ao posto.

Actuarán con voz e voto -a excepción do Secretario/a-, podendo acordar o nomeamento dun/dunha asesor/a especialista na materia (xefatura da Área ou Servizo do posto obxecto do concurso), que deberá comparecer a título individual, e que asistirá con voz e sen voto.

Presidente/a:

-Un/ha funcionario/a con habilitación de carácter estatal, encadrado no subgrupo A1 de titulación, ou ben un funcionario/a do Concello encadrado nos subgrupos A1 ou A2 de titulación, designado/a pola Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal en base á proposta técnica que se emita en informe previo da Area de RRHH e Formación.

Corresponde á/ao Presidente/a acordar as convocatorias das sesións ordinarias e extraordinarias, presidir as sesións, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas, asegurar o cumprimento das leis, dirimir co seu voto os empates nos termos legalmente previstos, visar as actas e certificacións dos acordos do órgano de selección e as demais que lle outorgue a lexislación vixente.

Secretario/a:

-Un/ha funcionario/a con habilitación de carácter estatal ou técnico/a de administración xeral do Concello de Vigo encadrado no subgrupo A1 de titulación, designado/a pola Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, en base á proposta técnica que se emita en informe previo da Área de RRHH e Formación, que intervirá con voz e sen voto, con funcións de asesoramento legal ao órgano de selección, custodia dos exames e actas, elaboración de actas dos acordos e informe xurídico en relación cos recursos administrativos que podan presentarse contra os actos e acordos do órgano de selección. Igualmente deberá realizar as funcións previstas nas Lei 39 e 40/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo e do Réxime Xurídico das Administracións Públicas.

Vogais:

-Tres funcionarios/as do Concello de Vigo integrados como mínimo no subgrupo C1 de titulación, que dispoñan do título de Bacharelato Superior, FP-2 ou equivalente, tamén como mínimo, propostos pola Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal en base á proposta técnica que se emita en informe previo da Area de RRHH e Formación, que comparecerán en todo caso a título individual.

Simultaneamente cos titulares designarase aos respectivos/as suplentes.

Os/as seus/súas integrantes deberán absterse de tomar parte no proceso selectivo cando concorran as causas de abstención e recusación contidas nos artigos 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público. Asemade, os aspirantes poderán recusar aos mesmos nos supostos previstos no artigo 24 da mesma norma.

Polo Órgano de Selección deberá acordarse na sesión constitutiva o número máximo de sesións, debendo facerse constar na correspondente acta, podendo ampliarse unicamente por causa xustificada mediante novo acordo do mesmo, debidamente motivarse na acta.

A Comisión de Valoración poderá, mediante acordo expreso documentado na acta da primeira sesión ou da sesión constitutiva, de estimalo necesario e imprescindible para o adecuado desenvolvemento do proceso de selección, solicitar o apoio técnico e administrativo do persoal adscrito á Área de Recursos Humanos e Formación, que en ningún caso poderá custodiar documentación nin actas; nin estar presente nas deliberacións, correccións e/ou avaliacións que se realicen polo órgano de selección, baixo a responsabilidade directa da Presidencia do órgano de selección.

A actuación da Comisión de Valoración, en canto que órgano colexiado, rexerese no non previsto na normativa sectorial vixente polas disposicións das Lei 39 e 40/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo e do Réxime Xurídico das Administracións Públicas.

A Comisión de valoración, unha vez rematada a selección, elevará proposta ao órgano municipal competente sobre os postos de traballo a asignar, propoñendo á persoa candidata que obtivera maior puntuación, sendo a proposta vinculante sempre que se axuste a Dereito.

#### **SEXTA.- Presentación das solicitudes de participación e forma de presentación da documentación.**

a).- Prazo de presentación.

O prazo de presentación de instancias será de quince días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo das publicacións que se efectúen no Diario Oficial de Galicia, taboleiro de anuncios e edictos do Concello de Vigo e no apartado de emprego da sede electrónica do Concello de Vigo.

b).- Presentación electrónica obrigatoria.-

Os/as aspirantes deberán presentar obrigatoriedade a solicitude xunto coa documentación acreditativa dos méritos evaluables segundo a base IV anterior, mediante solicitude electrónica ao Excmo. Alcalde-Presidente no Rexistro Xeral do Concello de Vigo- sede electrónica accesible vía web municipal [www.vigo.org](http://www.vigo.org)- de conformidade co establecido no artigo 14.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e no Real Decreto 203/2021, polo que se aproba o Regulamento de actuación e funcionamento do Sector público por medios electrónicos.

No suposto de que algunha das persoas interesadas presente a súa solicitude presencialmente, requiríraselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que sexa realizada a emenda.





## Concello de Vigo

c).- Constará Modelo de Solicitud normalizada e as solicitudes xunto a seguinte documentación, deberán achegarse exclusivamente dentro do prazo de presentación establecido:

-relación debidamente numerada da documentación acreditativa dos méritos alegados polos/as aspirantes.

-documentación acreditativa dos méritos alegados polos/as aspirantes.

- A acreditación dos méritos de antigüidade e grao no Concello de Vigo, o/a aspirante deberá facer constar tal circunstancia na declaración responsable, a cal deberá achegarse xunto coa solicitude, desagregando a data ou datas de inicio e finalización dos servizos prestados ao Concello, así como a Área, Departamento, Servizo ou Unidade na que se prestaron. Nestes supostos a acreditación a fará de oficio, sempre que o/a aspirante alegue os mérito na súa instancia, no caso contrario deberá achegarse a correspondente certificación dos servizos prestados por parte do/da aspirante.
- A acreditación dos méritos de antigüidade e grao na Xerencia Municipal de Urbanismo, o/a aspirante deberá achegar no prazo o correspondente certificado de servizos prestados.
- A acreditación dos restantes méritos, deberá efectuarse dentro do prazo establecido, valorándose en base á documentación achegada polo/a aspirante.

Para a xustificación dos méritos, o/a aspirante que deba achegar documentación procedente doutros organismos oficiais, e que estes non facilitasen antes da finalización do prazo de presentación de instancias, deberá achegar no devandito prazo a correspondente solicitude ou copia compulsada vía electrónica, xunto cunha declaración responsable comprometéndose a presentala nos dous días seguintes a aquél no que lle fose expedida. En todo caso non procederá a súa valoración se non fose achegada antes da data de celebración da sesión de valoración do concurso.

A comisión de valoración poderá solicitar que se complete ou aclare a documentación presentada para xustificar os méritos alegados, pero non poderá pedir nova documentación para acreditar méritos unicamente alegados e non acreditados.

d).- Expresión da orde de preferencia dos postos solicitados.- No suposto de que sexan varios os postos de traballo que se soliciten, deberá indicarse a preferencia respecto dos postos incluídos no concurso aos que se aspira, indicando a orde na solicitude de participación.

Da circunstancia posta de manifesto pola intervención municipal deuse traslado á entidade interesada "Redares S.L."; outorgándolle trámite de audiencia polo prazo de dez días para que puidese formular alegacións e presentar documentos e xustificacións que estimase pertinentes para a defensa dos seus dereitos. Consta acuse de recibo do 19.09.2023.

Transcorrido o citado prazo de 10 hábiles a entidade “Redares S.L.” non presentou alegacións.

### IV

Reúnese novamente a Comisión de Avaliación o día 4 de outubro do 2023 conforme a cláusula décima das bases da convocatoria, quen procede novamente a avaliar as solicitudes excluindo as presentadas pola entidade “Redares Trading S.L” polos motivos expostos no informe da xefa do Servizo de Fiscalización e interventor xeral do Concello do 08.09.2023 e seguindo os criterios estipulados na base décima, co seguinte resultado:

SOLICITANTE	ACTIVIDADE	VIABILIDADE ECONÓMICA E FINANCIERA-ATA 15 PUNTOS	TRAXECTORIA ATA 25 PUNTOS	VOLUME DE GASTOS ATA 40 PUNTOS	PREZO DA ENTRADA ATA 20 PUNTOS	TOTAL PUNTOS/ACTIV
OIDE	EL MÉDICO, EL MUSICAL, 11/11/2022	5	20	40	5	70
OIDE	EL MÉDICO, EL MUSICAL 12/11/2022	5	20	40	5	70
OIDE	EL MÉDICO, EL MUSICAL 13/11/2022	5	20	40	5	70
OIDE	PETER, EL MUSICAL 02/12/2022	5	20	40	5	70
OIDE	PETER, EL MUSICAL 03/12/2022	5	20	40	5	70
OIDE	PETER, EL MUSICAL 04/12/2022	5	20	40	5	70
OIDE	LA BELLA Y LA BESTIA	5	20	30	10	65
OIDE	DANI MARTÍNEZ	5	20	30	10	65
OIDE	BALLET EL CASCANUECES	5	20	25	5	55
OIDE	MÚSICA DE CINE	5	20	25	5	55





## Concello de Vigo

SOLICITANTE	ACTIVIDADE	VIABILIDADE ECONÓMICA E FINANCIERA-ATA 15 PUNTOS	TRAXECTORIA ATA 25 PUNTOS	VOLUME DE GASTOS ATA 40 PUNTOS	PREZO DA ENTRADA ATA 20 PUNTOS	TOTAL PUNTOS/ACTIV
OIDE	TRIBUTO A FROZEN	5	20	15	15	55
OIDE	JOHAN STRAUSS-CONCIERTO DE AÑO NUEVO	5	20	25	5	55
OIDE	MOCEDADES	5	20	15	5	45
OIDE	BALLET EL LAGO DE LOS CISNES	5	20	25	5	55
OIDE	WALT DISNEY IN CONCERT	5	20	25	5	55
OIDE	CARMINA BURANA	5	20	25	5	55
OIDE	MACACO	5	20	30	7	62
OIDE	COLOMBIA, MI ENCANTO	5	20	25	10	60
OIDE	EL BARBERO DE SEVILLA	5	20	15	5	45
OIDE	¡!CHK, CHK, CHK	5	20	40	5	70
OIDE	KITTY, DAISY & LOUIS	5	20	30	10	65
	<b>PUNTUACIONES OIDE</b>	105	420	620	137	1282
CENTRO GLOBAL ARDILIA S.L.U.	EXPOSICIÓN INMERSIVA VANGUARDIAS	5	25	40	10	80
CENTRO GLOBAL ARDILIA S.L.U.	KEVIN JOHANSEN,TÚ VE TOUR	5	25	30	7	67
CENTRO GLOBAL ARDILIA S.L.U.	EL SENTIDO DEL HUMOR	5	25	40	5	75
CENTRO GLOBAL ARDILIA S.L.U.	TADEO JONES	5	25	40	7	77
CENTRO GLOBAL ARDILIA S.L.U.	DE PEDRO	5	25	30	10	70
CENTRO GLOBAL ARDILIA S.L.U.	PANCHO VARONA Y LA BANDA DEL PIRATA COJO	5	25	15	15	60
CENTRO GLOBAL ARDILIA S.L.U.	ARDE BOGOTÁ	5	25	30	10	70
CENTRO GLOBAL ARDILIA S.L.U.	LA LA LOVE YOU	0	25	10	10	45
CENTRO GLOBAL ARDILIA S.L.U.	JULIETA VENEGAS	0	25	15	7	47
CENTRO GLOBAL ARDILIA S.L.U.	HARD GZ	0	25	10	15	50
	<b>TOTAL PUNTOS ARDILIA</b>	35	250	260	96	641
					<b>PUNTOS TOTALES</b>	<b>1923</b>

### V

Remitido o expediente, co correspondente informe proposta a XGL a Intervención Xeral data 24 de outubro de 2023, devolveo ao detectar erro material na táboa de valoración das solicitudes presentadas; concretamente, no importe da columna “**Importe de concesión exceso sobre o 50% orzamento**” do espectáculo “Tadeo

**Jones” presentado pola empresa CENTRO GLOBAL ARDILIA SLU, onde pon “20.020,77 €” debe poñer “16.752,85 €”.**

Por este motivo, no despacho do concelleiro delegado de Cultura, a comisión de valoración volve a reunirse con data 24 de outubro e procede a súa rectificación da que resulta a seguinte táboa de valoración:

SOLICITANTE	ACTIVIDADE	IMPORTE SOLICITADO	GASTOS	50% GASTOS	TOTAL PUNTOS/ACTIV	IMPORTE DE CONCESIÓN SEGUN PUNTUACIONES (1 PUNTO= 260,01)	IMPORTE DE CONCESIÓN EXCESO SOBRE EL 50% ORZAMENTO	IMPOTES DEFINITIVOS DE CONCESIÓN
OIDE	EL MÉDICO, EL MUSICAL, 11/11/2022	15.002,43 €	30.004,86 €	15.002,43 €	70	18.200,70 €	15.002,43 €	13.375,31 €
	EL MÉDICO, EL MUSICAL 12/11/2022	15.048,93 €	30.097,86 €	15.048,93 €	70	18.200,70 €	15.048,93 €	13.421,81 €
	EL MÉDICO, EL MUSICAL 13/11/2022	15.056,08 €	30.112,15 €	15.056,08 €	70	18.200,70 €	15.056,08 €	13.428,95 €
	PETER, EL MUSICAL 02/12/2022	15.159,30 €	30.318,60 €	15.159,30 €	70	18.200,70 €	15.159,30 €	13.532,18 €
	PETER, EL MUSICAL 03/12/2022	15.047,50 €	30.095,00 €	15.047,50 €	70	18.200,70 €	15.047,50 €	13.420,38 €
	PETER, EL MUSICAL 04/12/2022	15.341,20 €	30.682,40 €	15.341,20 €	70	18.200,70 €	15.341,20 €	13.714,08 €
	LA BELLA Y LA BESTIA	12.382,17 €	24.764,34 €	12.382,17 €	65	16.900,65 €	12.382,17 €	10.755,05 €
	DANI MARTÍNEZ	14.228,83 €	28.457,66 €	14.228,83 €	65	16.900,65 €	14.228,83 €	12.601,71 €
	BALLET EL CASCANUECES	8.735,00 €	17.470,00 €	8.735,00 €	55	14.300,55 €	8.735,00 €	7.107,88 €
	MÚSICA DE CINE	8.267,50 €	16.535,00 €	8.267,50 €	55	14.300,55 €	8.267,50 €	6.640,38 €
	TRIBUTO A FROZEN	6.070,00 €	12.140,00 €	6.070,00 €	55	14.300,55 €	6.070,00 €	4.442,88 €
	JOHAN STRAUSS- CONCIERTO DE AÑO NUEVO	7.680,83 €	15.361,65 €	7.680,83 €	55	14.300,55 €	7.680,83 €	6.053,70 €
	MOCEDADES	7.117,77 €	14.235,53 €	7.117,77 €	45	11.700,45 €	7.117,77 €	5.490,64 €
	BALLET EL LAGO DE LOS CISNES	8.827,87 €	17.655,74 €	8.827,87 €	55	14.300,55 €	8.827,87 €	7.200,75 €
	WALT DISNEY IN CONCERT	7.828,84 €	15.657,67 €	7.828,84 €	55	14.300,55 €	7.828,84 €	6.201,71 €
	CARMINA BURANA	7.768,47 €	15.536,94 €	7.768,47 €	55	14.300,55 €	7.768,47 €	6.141,35 €
	MACACO	12.635,96 €	25.271,92 €	12.635,96 €	62	16.120,62 €	12.635,96 €	11.008,84 €



## Concello de Vigo

SOLICITANTE	ACTIVIDADE	IMPORTE SOLICITADO	GASTOS	50% GASTOS	TOTAL PUNTOS/ACTIV	IMPORTE DE CONCESIÓN SEGUN PUNTUACIÓN (1 PUNTO=260,01)	IMPORTE DE CONCESIÓN EXCESO SOBRE EL 50% ORZAMENTO	IMPORTE DEFINITIVOS DE CONCESIÓN
	COLOMBIA, MI ENCANTO	8.593,39 €	17.186,78 €	8.593,39 €	60	15.600,60 €	8.593,39 €	6.966,27 €
	EL BARBERO DE SEVILLA	5.831,85 €	11.663,70 €	5.831,85 €	45	11.700,45 €	5.831,85 €	4.204,73 €
	¡¡CHK, CHK, CHK	17.045,64 €	34.091,28 €	17.045,64 €	70	18.200,70 €	17.045,64 €	15.418,52 €
	KITTY, DAISY & LOUIS	10.500,00 €	21.000,00 €	10.500,00 €	65	16.900,65 €	10.500,00 €	8.872,88 €
		234.169,56 €		<b>TOTAL OIDE</b>	<b>1282</b>	<b>333.332,82 €</b>	<b>234.169,54 €</b>	<b>200.000,00 €</b>
CENTRO GLOBAL ARDILIA S.L.U.	EXPOSICIÓN INMERSIVA VANGUARDIAS	50.028,79 €	100.057,59 €	50.028,80 €	80	20.800,80 €	20.800,80 €	20.800,80 €
	KEVIN JOHANSEN, TÚ VE TOUR	12.223,29 €	24.446,58 €	12.223,29 €	67	17.420,67 €	12.223,29 €	12.223,29 €
	EL SENTIDO DEL HUMOR	20.566,65 €	41.133,30 €	20.566,65 €	75	19.500,75 €	19.500,75 €	19.500,75 €
	TADEO JONES	16.752,85 €	33.505,70 €	16.752,85 €	77	20.020,77 €	16.752,85 €	16.752,85 €
	DE PEDRO	14.334,65 €	28.669,29 €	14.334,65 €	70	18.200,70 €	14.334,65 €	14.334,65 €
	PANCHO VARONA Y LA BANDA DEL PIRATA COJO	5.619,50 €	11.239,01 €	5.619,51 €	60	15.600,60 €	5.619,51 €	5.619,51 €
	ARDE BOGOTÁ	11.698,05 €	23.396,10 €	11.698,05 €	70	18.200,70 €	11.698,05 €	11.698,05 €
	LA LA LOVE YOU	7.600,00 €	7.600,00 €	3.800,00 €	45	11.700,45 €	3.800,00 €	3.800,00 €
	JULIETA VENEGAS	13.500,00 €	13.500,00 €	6.750,00 €	47	12.220,47 €	6.750,00 €	6.750,00 €
	HARD GZ	7.850,00 €	7.850,00 €	3.925,00 €	50	13.000,50 €	3.925,00 €	3.925,00 €
		160.173,78 €		<b>TOTAL ARDILIA</b>	<b>641</b>	<b>166.666,41 €</b>	<b>118.672,81 €</b>	<b>115.404,89 €</b>
				<b>PUNTUACIÓN TOTAL</b>	<b>1923</b>		<b>IMPORTE TOTAL DE CONCESION</b>	<b>315.404,89 €</b>

Á vista do exposto, e de acordo co establecido na base décima segunda, apartado 4, das bases, previo informe da Intervención Municipal, e coa conformidade xurídica da letrada-xefa de asesoramento e dos concelleiro delegados de Cultura, concelleira da Area de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística e do concelleiro da Area de Orzamentos e Facenda, se emite a seguinte:

**PROPOSTA:**

**PRIMEIRO.-** Conceder as subvencións para actividades socioculturais realizadas por empresas e/ou empresarios/as no Auditorio-Pazo de Congressos “Mar de Vigo” a favor das entidades e proxectos que se relacionan e polas contías que se detallan, segundo acta de avaliación do 4 de outubro do 2023, así como dispoñer o gasto e recoñecer a obriga polos importes das ditas axudas que ascenden á cantidade total de 315.404,89) € € (trescentos quince mil catrocentos catro euros con oitenta e nove céntimos), con cargo á aplicación 3331.470.0002 do programa orzamentario de Promoción Cultural para o vixente exercicio.

SOLICITANTE	ACTIVIDADE	IMPORTE SOLICITADO	GASTOS	50% GASTOS	TOTAL PUNTOS/ ACTIV	IMPORTE DE CONCESION SEGUN PUNTUACIONES (1 PUNTO= 260,01)	IMPORTE DE CONCESIÓN EXCESO SOBRE EL 50% ORZAMENTO	IMPORTES DEFINITIVOS DE CONCESIÓN
OIDE	EL MÉDICO, EL MUSICAL, 11/11/2022	15.002,43 €	30.004,86 €	15.002,43 €	70	18.200,70 €	15.002,43 €	13.375,31 €
	EL MÉDICO, EL MUSICAL 12/11/2022	15.048,93 €	30.097,86 €	15.048,93 €	70	18.200,70 €	15.048,93 €	13.421,81 €
	EL MÉDICO, EL MUSICAL 13/11/2022	15.056,08 €	30.112,15 €	15.056,08 €	70	18.200,70 €	15.056,08 €	13.428,95 €
	PETER, EL MUSICAL 02/12/2022	15.159,30 €	30.318,60 €	15.159,30 €	70	18.200,70 €	15.159,30 €	13.532,18 €
	PETER, EL MUSICAL 03/12/2022	15.047,50 €	30.095,00 €	15.047,50 €	70	18.200,70 €	15.047,50 €	13.420,38 €
	PETER, EL MUSICAL 04/12/2022	15.341,20 €	30.682,40 €	15.341,20 €	70	18.200,70 €	15.341,20 €	13.714,08 €
	LA BELLA Y LA BESTIA	12.382,17 €	24.764,34 €	12.382,17 €	65	16.900,65 €	12.382,17 €	10.755,05 €
	DANI MARTÍNEZ	14.228,83 €	28.457,66 €	14.228,83 €	65	16.900,65 €	14.228,83 €	12.601,71 €
	BALLET EL CASCANUECES	8.735,00 €	17.470,00 €	8.735,00 €	55	14.300,55 €	8.735,00 €	7.107,88 €
	MÚSICA DE CINE	8.267,50 €	16.535,00 €	8.267,50 €	55	14.300,55 €	8.267,50 €	6.640,38 €
	TRIBUTO A FROZEN	6.070,00 €	12.140,00 €	6.070,00 €	55	14.300,55 €	6.070,00 €	4.442,88 €
	JOHAN STRAUSS- CONCIERTO DE AÑO NUEVO	7.680,83 €	15.361,65 €	7.680,83 €	55	14.300,55 €	7.680,83 €	6.053,70 €
	MOCEDADES	7.117,77 €	14.235,53 €	7.117,77 €	45	11.700,45 €	7.117,77 €	5.490,64 €



## Concello de Vigo

SOLICITANTE	ACTIVIDADE	IMPORTE SOLICITADO	GASTOS	50% GASTOS	TOTAL PUNTOS/ACTIV	IMPORTE DE CONCESIÓN SEGUN PUNTUACIONES (1 PUNTO= 260,01)	IMPORTE DE CONCESIÓN EXCESO SOBRE EL 50% ORZAMENTO	IMPORTES DEFINITIVOS DE CONCESIÓN
	BALLET EL LAGO DE LOS CISNES	8.827,87 €	17.655,74 €	8.827,87 €	55	14.300,55 €	8.827,87 €	7.200,75 €
	WALT DISNEY IN CONCERT	7.828,84 €	15.657,67 €	7.828,84 €	55	14.300,55 €	7.828,84 €	6.201,71 €
	CARMINA BURANA	7.768,47 €	15.536,94 €	7.768,47 €	55	14.300,55 €	7.768,47 €	6.141,35 €
	MACACO	12.635,96 €	25.271,92 €	12.635,96 €	62	16.120,62 €	12.635,96 €	11.008,84 €
	COLOMBIA, MI ENCANTO	8.593,39 €	17.186,78 €	8.593,39 €	60	15.600,60 €	8.593,39 €	6.966,27 €
	EL BARBERO DE SEVILLA	5.831,85 €	11.663,70 €	5.831,85 €	45	11.700,45 €	5.831,85 €	4.204,73 €
	¡!!CHK, CHK, CHK	17.045,64 €	34.091,28 €	17.045,64 €	70	18.200,70 €	17.045,64 €	15.418,52 €
	KITTY, DAISY & LOUIS	10.500,00 €	21.000,00 €	10.500,00 €	65	16.900,65 €	10.500,00 €	8.872,88 €
		234.169,56 €		<b>TOTAL OIDE</b>	<b>1282</b>	<b>333.332,82 €</b>	<b>234.169,54 €</b>	<b>200.000,00 €</b>
CENTRO GLOBAL ARDILIA S.L.U.	EXPOSICIÓN INMERSIVA VANGUARDIAS	50.028,79 €	100.057,59 €	50.028,80 €	80	20.800,80 €	20.800,80 €	20.800,80 €
	KEVIN JOHANSEN, TÚ VE TOUR	12.223,29 €	24.446,58 €	12.223,29 €	67	17.420,67 €	12.223,29 €	12.223,29 €
	EL SENTIDO DEL HUMOR	20.566,65 €	41.133,30 €	20.566,65 €	75	19.500,75 €	19.500,75 €	19.500,75 €
	TADEO JONES	16.752,85 €	33.505,70 €	16.752,85 €	77	20.020,77 €	16.752,85 €	16.752,85 €
	DE PEDRO	14.334,65 €	28.669,29 €	14.334,65 €	70	18.200,70 €	14.334,65 €	14.334,65 €
	PANCHO VARONA Y LA BANDA DEL PI-RATA COJO	5.619,50 €	11.239,01 €	5.619,51 €	60	15.600,60 €	5.619,51 €	5.619,51 €
	ARDE BOGOTÁ	11.698,05 €	23.396,10 €	11.698,05 €	70	18.200,70 €	11.698,05 €	11.698,05 €
	LA LA LOVE YOU	7.600,00 €	7.600,00 €	3.800,00 €	45	11.700,45 €	3.800,00 €	3.800,00 €
	JULIETA VENEGAS	13.500,00 €	13.500,00 €	6.750,00 €	47	12.220,47 €	6.750,00 €	6.750,00 €
	HARD GZ	7.850,00 €	7.850,00 €	3.925,00 €	50	13.000,50 €	3.925,00 €	3.925,00 €
		160.173,78 €		<b>TOTAL ARDILIA</b>	<b>641</b>	<b>166.666,41 €</b>	<b>118.672,81 €</b>	<b>115.404,89 €</b>
				<b>PUNTUACIÓN TOTAL</b>	<b>1923</b>		<b>IMPORTE TOTAL DE CONCESION</b>	<b>315.404,89 €</b>

**SEGUNDO.-** Desestimar a solicitude presentada pola entidade "Redares Trading S.L." ao non pode adquirir a condición de beneficiaria polo motivo exposto no informe da xefa do Servizo de Fiscalización e do interventor xeral do 08.09.2023.

**TERCEIRO-**Consonte o previsto na Lei 19/2013 de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, publicar este acordo no portal de transparencia municipal.

**CUARTO.-** Dar traslado deste acordo ás entidades interesadas. "

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **12(898).- ENCOMENDA Á ENTIDADE CONCESIONARIA AQUALIA FCC-VIGO UTE DA REDACCIÓN DO “PROXECTO DE IMPLANTACIÓN DO PLAN DE ACTUACIÓNS PARA MINIMIZAR AS PERDAS NA REDE DE ABASTECIMENTO”. EXPTE. 1793/441.**

Dáse conta do informe-proposta de data 24/10/2023, asinado pola técnica de xestión e o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

**I.-** A Xunta de Goberno Local, en sesión de 30 de decembro de 2020, acordou aprobar a prórroga da concesión administrativa para a xestión integral do servizo de abastecemento e saneamento de augas de Vigo, outorgada a Aqualia FCC-Vigo UTE, en virtude do acordo plenario de 25 de outubro de 1990, por un período con vixencia de cinco anos, con efectos dende o 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2025.

**II.-** No devandito acordo de prórroga, no apartado primeiro, recóllese a execución dun plan de investimentos, cuxa contía anual se especifica no cadro que figura no mesmo apartado primeiro.

No devandito plan figura un apartado denominado “outros investimentos”, que deben ser concretados nos correspondentes proxectos técnicos que deberán observar o procedemento acordado pola XGL en sesións de datas 08.03.2013 e 22.03.2013 (modificado en data 06.05.2021), o informe “análise de necesidades de investimento a curto prazo para a xestión do ciclo integral da auga” de data 28.12.2020 e o cadro de prezos das unidades de obra que rexerán nas obras de inversión da dita concesionaria, aprobado pola XGL en data 22.03.2013.

**III.-** No punto III, relativo aos “Actos administrativos a través dos que se exercitará o control das obras de inversión da entidade concesionaria Aqualia” do devandito Acordo de 8 de marzo de 2013, aprobatorio do procedemento para a execución do plan de inversións, establécese que dende a Área de Fomento proporase á Xunta de Goberno Local a encomenda á entidade concesionaria Aqualia da redacción dos correspondentes proxectos técnicos para a súa inclusión no Plan de Investimentos, previa xustificación da conveniencia e idoneidade do investimento.



## Concello de Vigo

**IV.-** Con data 19 de outubro de 2023 o Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos municipal emitiu informe xustificativo da conveniencia, idoneidade e do carácter prioritario e non aprazable da actuación consistente na **“PROXECTO DE IMPLANTACIÓN DO PLAN DE ACTUACIÓNS PARA MINIMIZAR AS PERDAS NA REDE DE ABASTECIMENTO”**. O devandito informe indica o seguinte:

*“ A rede de abastecemento de Vigo conta na actualidade con 1.028 quilómetros de lonxitude. O servizo municipal de abastecemento e saneamento de Vigo ven levando a cabo actuacións para reducir as perdas de auga, co fin de conseguir o mellor aproveitamento dos recursos hídricos dispoñibles.*

*Resulta necesario intensificar estas actuacións nos vindeiros anos, ante un escenario de cambio climático, onde o réxime de precipitacións fai prever unha maior recorrencia dos episodios de seca, e en consecuencia menor dispoñibilidade de recursos hídrico.*

*Ao obxecto de planificar ditas actuacións, na Xunta de Goberno Local do 28/06/2023 aprobouse o “Plan de actuacións para minimizar as perdas na rede de abastecemento”. Neste documento faise unha análise do sistema de abastecemento municipal, e se propoñen unha serie de actuacións co fin de minimizar as perdas na rede.*

*Unha vez aprobado o Plan, e co fin de avanzar na súa implementación, considérase necesario redactar un “Proxecto de implantación de actuacións para minimizar as perdas na rede de abastecemento”, onde se recollan as actuacións a executar para lograr ditos fins. Así, considérase necesario abordar a instalación de caudalímetros en instalacións do sistema (estacións de bombeo, depósitos...); a xestión activa de presións na rede mediante a instalación de controladores de presión e válvulas reductoras de presión; a instalación de equipamento para a monitorización de presións na rede de distribución e melloras na sectorización da rede de abastecemento, co fin de obter un mellor control dos volumes que circulan pola rede e anticipar a detección de fugas.”*

**V.-** A vista deste informe, con data 20 de outubro de 2023 o Concelleiro Delegado da Area de Goberno de Fomento e Servizos resolveu iniciar o correspondente expediente para o encargo á Entidade Concesionaria Aqualia FCC-Vigo UTE da redacción do correspondente **“PROXECTO DE IMPLANTACIÓN DO PLAN DE ACTUACIÓNS PARA MINIMIZAR AS PERDAS NA REDE DE ABASTECIMENTO”**

**VI.-** O proxecto a redactar debera adecuarse ao citado cadro de prezos de unidades de obra, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de 22 de marzo de 2013. No caso de unidades de obra que non figuren no mesmo, se deberá adecuar aos prezos xerais de mercado, tal e como se establece no citado Acordo.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

## **ACORDO**

Encomendar á Entidade Concesionaria Aqualia FCC-Vigo UTE a redacción do proxecto técnico das obras de **““PROXECTO DE IMPLANTACIÓN DO PLAN DE ACTUACIÓN PARA MINIMIZAR AS PERDAS NA REDE DE ABASTECIMENTO”**

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **13(899).- PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE RECOLLIDA, TRANSPORTE E ENTREGA A XESTOR AUTORIZADO DOS RESIDUOS PROCEDENTES DE CONSTRUCCIÓN E DEMOLICIÓN XERADOS POLO TALLER DE VÍAS E OBRAS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 87033/250.**

Visto o informe de xurídico de data 19/09/2023 e o informe de fiscalización do 27/10/2023, dáse conta do informe-proposta de data 30/08/2023, asinado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos, o xefe da Área de Investimentos e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

#### **I.- ANTECEDENTES.**

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 14/10/2021, na súa calidade de órgano de contratación, acordou adxudicar a GONZALEZ COUCEIRO S.L.U. (B-36.179.299) o contrato do servizo de recollida, transporte e entrega a xestor autorizado dos residuos procedentes de construcións e demolicións xerados polo Taller de Vías e Obras do Concello de Vigo Expediente 87033/250 por procedemento aberto e por un prezo total do contrato é de 200.872,58 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 18.261,14 euros, e unha porcentaxe única de desconto do 13,24 % a aplicar aos prezos unitarios do cadro de prezos do Capítulo I do orzamento recollido no Anexo IV do prego de prescricións técnicas particulares.

**Segundo.-** O contrato formalizouse en documento administrativo en data 11/11/2021 e na súa Cláusula Cuarta figura o prazo do contrato, o cal é de dous anos que se empezarán a contar a partir do día seguinte á da última sinatura dixital.

#### **II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS.**

**Primeiro.-** O artigo 29.2 da Lei 9/2017, 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro (LCSP), establece que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas, sen prexuízo das modificacións que se poidan introducir de conformidade co establecido nos artigos 203 a 207 da lei.





## Concello de Vigo

A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu aviso previo se produza polo menos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato, salvo que no prego que rexa o contrato se estableza un maior.

**Segundo.-** O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares aprobado pola Xunta de Goberno Local establece expresamente na Cláusula 7.3 que o contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C da FEC, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o aviso previo se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de aviso previo os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses.

O referido apartado 4 das FEC establece un prazo de execución do contrato de dous anos coa previsión no seu apartado C) de unha única prórroga dun ano de duración.

**Terceiro.-** Considérase conveniente polo técnico que subscribe a proposición da prórroga do contrato do servizo de recollida, transporte e entrega a xestor autorizado dos residuos procedentes de construcións e demolicións xerados polo Taller de Vías e Obras do Concello de Vigo (Expte. 87033/250) por un período dun ano, toda vez que o funcionamento do contrato durante este prazo de execución foi satisfactorio cumpríndose correctamente as condicións marcadas á adxudicataria.

**Cuarto.-** Ao abeiro do establecido na Disposición Adicional 2a apartado 4 da LCSP a competencia como órgano de contratación corresponde á Xunta de Goberno Local.

**Quinto.-** O período da prórroga do contrato comprenderá dende o 12/11/2023 ao 11/11/2024, sendo que o prezo anual ascende a un total de CEN MIL CATROCIENTOS TRINTA E SEIS CON VINTE NOVE CÉNTIMOS (100.436,29 euros) lve do 10% engadido, sendo a cota correspondente ao lve de 9.130,57 € .

**Sexto.-** O importe da prórroga imputarase á aplicación orzamentaria 1532.210.00.00 "Conservación de vías e espazos públicos", segundo a seguinte distribución anual:

PERIODO	APLICACION ORZAMENTARIA	IMPORTE
Do 12/11/2023 ata o 31/12/2023	1532.210.00.00	13.758,40€
Do 01/01/2024 ata o 11/11/2024	1532.210.00.00	86.677,89 €
	<b>TOTAL</b>	<b>100.436,29 €</b>

Polo exposto, e previo informe xurídico e de fiscalización da Intervención xeral **PROPONSE** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

### ACORDO

**Primeiro.-** Aprobar a prórroga dun ano de duración do vixente contrato do servizo de recollida, transporte e entrega a xestor autorizado dos residuos procedentes de construcións e demolicións xerados polo Taller de Vías e Obras do Concello de Vigo (Expte. 87033/250),

formalizado coa entidade mercantil GONZALEZ COUCEIRO S.L.U. (B-36.179.299) polo período comprendido dende o 12.11.2023 ata o 11.11.2024.

**Segundo-** Autorizar o gasto estimado do contrato do servizo de recollida, transporte e entrega a xestor autorizado dos residuos procedentes de construcións e demolicións xerados polo Taller de Vías e Obras do Concello de Vigo Expediente 87033/250 en favor da entidade GONZALEZ COUCEIRO S.L.U. (B-36.179.299) por importe de CEN MIL CATROCIENTOS TRINTA E SEIS CON VINTE NOVE CÉNTIMOS (100.436,29 euros) Ive engadido, sendo a cota correspondente ao Ive de 9.130,57 € ; imputando o devandito gasto á aplicación orzamentaria 1532.210.00.00 “Conservación de vías e espazos públicos”, segundo a seguinte distribución anual:

<b>PERIODO</b>	<b>APLICACION ORZAMENTARIA</b>	<b>IMPORTE</b>
Do 12/11/2023 ata o 31/12/2023	1532.210.00.00	13.758,40€
Do 01/01/2024 ata o 11/11/2024	1532.210.00.00	86.677,89 €
	<b>TOTAL</b>	<b>100.436,29 €</b>

**Terceiro.-** Notificar á empresa adxudicataria GONZALEZ COUCEIRO S.L.U. (B-36.179.299) indicando que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a súa notificación, ou impugnalalo directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu caso calquera outro que estimen procedente.

Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

**Cuarto.-** Remitir ao Consello de Contas a prórroga do contrato, en cumprimento do artigo 335.2 da LCSP.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.



## Concello de Vigo

- .- Resolución de mutuo acordo do contrato de servizos da xestión e dinamización do Centro de Documentación e Recursos Feministas. Expte. 12025/224.
- .- Resolución de mutuo acordo do contrato de servizos da xestión e dinamización da Casa das Mulleres. Expte. 12024/224.
- .- Proposta de anulación dos documentos contables emitidos na contratación dun patrocinio publicitario para celebrar un concerto internacional no estadio de Balaídos en xuño de 2023. Expte. 9713/335.
- .- Ampliación do prazo de xustificación da convocatoria de subvencións para a organización de eventos e congresos de interese turístico no ano 2023. Expte. 8493/104.
- .- Ampliación do prazo de xustificación da convocatoria específica para a concesión de subvención para a organización de eventos deportivos de interese turísticos no ano 2023. Expte. 8463/104.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

### **14(900).- RESOLUCIÓN DE MUTUO ACORDO DO CONTRATO DE SERVIZOS DA XESTIÓN E DINAMIZACIÓN DO CENTRO DE DOCUMENTACIÓN E RECURSOS FEMINISTAS. Expte. 12025/224.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe-proposta de data 27/10/2023, asinado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos e conformado pola concelleira da Área de Goberno, a letrada-titular de Asesoría Xurídica e polo interventor xeral, que di o seguinte:

### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA)
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto dos servizos de xestión e dinamización do “Centro de Documentación e Recursos Feministas” (PCAP)
- Prego de prescricións técnicas para a contratación por procedemento aberto dos servizos de xestión e dinamización do “Centro de Documentación e Recursos Feministas” (PPT)

## **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Na sesión do 27 de abril de 2023 a Xunta de Goberno local (en adiante XGL) acordou aprobar o expediente de contratación, autorizar o gasto, e a apertura do procedemento de licitación para a contratación do servizo de xestión e dinamización do “Centro de Documentación e Recursos Feministas”.

**Segundo.-** A XGL, na sesión ordinaria do 7 de xullo de 2023, acordou adxudicar a XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L., o citado procedemento.

**Terceiro.-** O contrato formalizouse o 31 de agosto de 2023 prevendo o inicio a súa execución o 9 de novembro de 2023.

**Cuarto.-** O prazo do contrato, segundo a cláusula 4.A da FEC do PCAP é de 2 anos. Ten prevista tres prórrogas dun ano de duración.

**Quinto.-** En data 6 de setembro de 2023, D. Xosé Antón Fernández Rojo, en representación de XERMOLO, presenta escrito no Rexistro Xeral deste Concello no que expón a comisión dun erro na formulación da súa oferta e solicita que se recoñeza o mesmo, e a si mesmo, a causa da inviabilidade de execución do contrato por mor deste erro, a renuncia ao contrato.

**Sexto.-** A axente de igualdade de oportunidades e a Xefa do servizo de Igualdade en informe do 14 de setembro de 2023 .



**Concello de Vigo**

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**-I-**

### **Lexislación aplicable**

Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a lexislación aplicable a este contrato. Os contratos réxense, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento no que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda do CC), é dicir:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP.
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña ao TRLCSP

Determinada a lexislación aplicable cómpre determinar que tipo de contrato é o que nos ocupa, pois segundo o tipo de contrato aplicaranse distintas causas de resolución e os seus correspondentes efectos. Segundo o previsto na cláusula 2.1 do PCAP, trátase dun contrato típico de servizo.

**-II-**

### **Da resolución**

A lexislación de contratos do sector público reconece ao órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de acordar a resolución dos contratos e determinar os seus efectos (artigos 190 LCSP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén reconecida con respecto a este concreto contrato nas cláusulas 2.3 e 43 do PCAP.

A resolución é unha das formas de finalización do contrato administrativo. A lexislación contractual subsume baixo este termo todas as causas de extinción do vínculo contractual distintas da súa conclusión por cumprimento. Presupón, pois, a aparición dalgunha circunstancia na vida do contrato que impide ou fai inconveniente a súa prosecución ata a súa normal extinción. En definitiva, por resolución entende a

lei todas aquelas causas de finalización anticipada do contrato. Neste senso establece o artigo 209 LCSP que os contratos se extinguirán por cumprimento ou resolución.

A lexislación de contratos, ao regular a resolución, establece por un lado unhas causas e efectos xenéricos aplicables a todo tipo de contratos, e por outro, dentro da regulación de cada tipo de contrato típico, establece unhas causas e efectos específicos para os mesmos.

O PCAP que rexe este contrato regula a resolución na cláusula 42 nos seguintes termos:

*“1.- A resolución do contrato rexerá polo establecido con carácter xeral nos artigos 211 a 213 da LCSP e especificamente para o contrato de subministros nos artigos 306 e 307 de devandita Lei.*

*2.- Serán causas de resolución:*

- a) O incumprimento reiterado da normativa laboral, de Seguridade Social e de seguridade e saúde laboral, ou da Guía de Coordinación de Actividades Empresariais do Concello de Vigo, publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 61 do 29 de marzo de 2011.*
- b) O incumprimento reiterado das obrigas aplicables en materia ambiental, social ou laboral establecidas no dereito da Unión Europea, o dereito nacional, os convenios colectivos ou polas disposicións de dereito internacional ambiental, social e laboral que vinculen ao Estado e en particular as establecidas nos convenios que se recollen no Anexo V da LCSP.*
- c) O incumprimento do código ético recollido na cláusula 19.1 deste prego durante a execución do contrato.*

*3.- A adscrición ao contrato dos medios persoais e materiais que se detallan no apartado 5.F das FEC terá o carácter de obriga esencial para os efectos do previsto no artigo 211.f) da LCSP. No entanto, o órgano de contratación se así o estima conveniente para o interese público, poderá optar por requirirille ao contratista o cumprimento desta obriga e imporlle as penalidades previstas na cláusula 37.2a). Esta opción só poderá exercitarse unha vez.*

*4.- O incumprimento da condición especial de execución prevista na cláusula 28.1 deste prego terá o carácter de obriga esencial para os efectos do previsto no artigo 211.f) da LCSP, e será causa de resolución do contrato.*

*5.- No apartado 16.D das FEC poderán establecerse outras causas específicas de resolución do contrato”.*

O apartado 16.D das FEC non establece ningunha causa específica de resolución deste contrato.

Dunha interpretación conxunta dos artigos 211 e 313 da LCSP, que establecen as causas de resolución dos contratos en xeral e as específicas do contrato de servizos respectivamente, podemos concluír que son causas de resolución deste contrato as seguintes:



## Concello de Vigo

Con carácter xeral (artigo 211 da LCSP):

- a) A morte ou incapacidade sobrevida do contratista individual ou a extinción da personalidade xurídica da sociedade contratista, sen prexuízo do previsto no artigo 98 relativo á sucesión do contratista.
- b) A declaración de concurso ou a declaración de insolvencia en calquera outro procedemento.
- c) **O mutuo acordo entre a Administración e o contratista.**
- d) A mora no cumprimento dos prazos por parte do contratista.
- e) A mora no pagamento por parte da Administración por prazo superior ao establecido no apartado 6 do artigo 198 ou o inferior que se tivese fixado ao abeiro do seu apartado 8.
- f) O incumprimento da obriga principal do contrato, e das restantes obrigacións contractuais esenciais, cualificadas como tales nos pregos ou no contrato. En concreto, no que nos ocupa, o PCAP consigna na cláusula 22 as seguintes:
  - A obriga do contratista de estar ao corrente dos pagamentos cos seus subcontratistas e subministradores no ámbito deste contrato.
  - Nos contratos nos que opere a cesión de datos, a obriga do contratista de someterse á normativa nacional e da Unión Europea en materia de protección de datos.
  - O cumprimento das prestacións esenciais obxecto do contrato.
- g) A imposibilidade de executar a prestación nos termos inicialmente pactados, cando non sexa posible modificar o contrato conforme aos artigos 204 e 205; ou cando dándose as circunstancias establecidas no artigo 205, as modificacións impliquen, illada ou conxuntamente, alteracións do seu prezo, en contía superior, en máis ou en menos, ao 20 por cento do prezo inicial do contrato, con exclusión do IVE.
- h) As que se sinalen especificamente para cada categoría de contrato nesta Lei.
- i) A falta de pagamento, durante a execución do contrato, dos salarios por parte do contratista aos traballadores que estiveran participando na mesma, ou o incumprimento das condicións establecidas nos Convenios colectivos en vigor para estes traballadores tamén durante a execución do contrato.

Para as contratos de servizos (artigo 313 da LCSP):

- j) A desistencia antes de iniciar a prestación do servizo ou a suspensión por causa imputable ao órgano de contratación da iniciación do contrato por prazo su-

perior a catro meses a partir da data nel sinalada para o seu comezo, agás que no prego se sinale outro menor.

- k) A desistencia unha vez iniciada a prestación do servizo ou a suspensión do contrato por prazo superior a oito meses acordada polo órgano de contratación, agás que no prego se sinale outro menor.
- l) Os contratos complementarios quedarán resoltos, en todo caso, cando se resolva o contrato principal.

No caso que nos ocupa, o contratista solicita ou recoñecemento do seu erro e a renuncia do contrato:

*“(…) Por unha incorrecta interpretación do texto do Sobre C, entendemos como “prezo sen ive do contrato” o “prezo sen ive dunha anualidade de contrato” (26.428,73). Este importe, polo tanto, é incorrecto dado que ao ser 2 anos a duración deste, necesariamente tería que ser o dobre tal e como se xustifica de seguido.*

*4. O importe sen ive dunha anualidade de contrato foi calculado en 26.428,73 euros -igual ao prezo de referencia anual establecido na Memoria económica- para dar cobertura aos custes dun ano de:*

- a. Salarios: 12.666,15. Calculado na memoria económica sobre base de 16h/semanais dunha técnica especialista do Grupo III con titulación de grao, seguindo o convenio de Oio e Tempo libre*
- b. Gastos de material e de programación: 10.000,00, correspondente a: contratacións externas, gastos de desprazamentos e gastos de material para a realización de 2 actividades por semana.*
- c. Gastos xerais e de estrutura (6% de a) + b) ): 1.359,97.*
- d. Beneficio empresarial (10% de a) + b) + c) ): 2.402,61.*

*5. Resulta inviable con 26.428,73 euros abordar 2 anos de contrato, o que ocasionaría unhas perdas por importe de 24.026,12 euros na medida en que os apartado a), b) e c) citados no apartado anterior supoñen custes a soportar a adxudicataria cada ano.*

**SOLICITA:**

*O recoñecemento do erro de interpretación no concepto “prezo de contrato” ao entendela como “prezo de anualidade de contrato”, tal e como se expuxo anteriormente, que levaría asociada unha perda económica de entorno a 24.026,12 euros para a adxudicataria e fai inviable a prestación do servizo.*

*Asemade, polo motivo de non viabilidade na prestación do servizo, solicita a renuncia do contrato “SERVIZO DA XESTIÓN E DINAMIZACIÓN DO CENTRO DE DOCUMENTACIÓN E RECURSOS FEMINISTAS”.*





## Concello de Vigo

O certo é que o contrato xa está formalizado e non é posible cambiar o seu prezo por un suposto erro do contratista ao formular a súa oferta, que é tanto como alterar un dos seus elementos esenciais, o que suporía unha modificación do contrato. Esta non parece viable por canto non se axusta a regulación da modificación nos artigos 203 e seguintes da LCSP.

A axente de igualdade de oportunidades e a Xefa do servizo de Igualdade en informe do 14 de setembro de 2023 confirman a inviabilidade do contrato co prezo ofertado, resultando imposible garantir que se poidan realizar as prestacións obxecto do contrato cubrindo os custes de persoal, os gastos xerais e garantindo o beneficio industrial ao contratista, tal e como esixen os artigos 100, 101 e 102 da LCSP. Así, di o citado informe que *“A xuízo deste Servizo de Igualdade, a execución do contrato sería inviable se o prezo reflectido no contrato se referise a dúas anualidades, pois con ese prezo non se poderían atender os custes mínimos necesarios para cumprir coas obrigas establecidas no contrato, en base ás seguintes consideracións: Como xa se explicou no apartado anterior, a contía mínima que este servizo xestor estimou que sería necesario destinar anualmente para facer fronte aos custos de persoal son 12.666,15 €. Se a adxudicataria destinase a metade neste concepto, estaría incumprindo a normativa laboral. Se pola contra destinase todo o seu orzamento para cubrir os gastos de persoal, non tería orzamento suficiente para cubrir o resto de obrigas do contrato: a programación de 2 actividades/semana, destinando un orzamento mínimo de 10.000 € cada ano, como se esixe nos pregos”*.

O contratista solicitou, en escrito de 6 de setembro de 2023, o recoñecemento da comisión dun erro na formulación da súa oferta e a renuncia ao mesmo, por mor da inviabilidade da súa execución co prezo ofertado. No entanto, a lei so regula a renuncia da Administración ao contrato, non do contratista, e con carácter previo a adxudicación do contrato no artigo 152. Hai que ter en conta que o contrato que nos ocupa xa está formalizado, se ben non se ten iniciado a prestación do servizo. A xuízo da informante, o que procedería sería a resolución de mutuo acordo do contrato, tendo en conta que non se aprecia ningunha causa de resolución imputable ao contratista e que a responsable do contrato informa sobre a inviabilidade de executar o contrato co prezo ofertado, pois non é suficiente para cubrir os custes de persoal e executar as prestacións obxecto do contrato. En consecuencia, procede incoar expediente para a resolución do contrato de mutuo acordo propoñendo que non procede recoñecer compensación económica a ningunha das partes.

Podemos concluír, pois, tras o exame das citadas causas de resolución, que o caso que nos ocupa se pode subsumir no suposto mencionado no apartado c) da anterior enumeración, que se corresponde co disposto no artigo 211.c da LCSP: *“O mutuo acordo entre a Administración e o contratista”*.

Para aplicar esta causa de resolución a lei esixe dous requisitos:

- Que non concorran outras causas de resolución imputable ao contratista.

- Que razóns de interese público fagan innecesaria ou inconveniente a permanencia do contrato.

Analizaremos a continuación a concorrencia dos mesmos:

1.- Que non concorra causa de resolución imputable ao contratista

Como se pode colixir, tanto do escrito do contratista como do informe do servizo xestor non concorre ningunha causa de resolución imputable ao contratista. Trátase dun erro na formulación da proposición económica onde oferta como prezo do contrato o importe dunha anualidade.

2.- Que razóns de interese público fagan innecesaria ou inconveniente a permanencia do contrato

Do citado informe dedúcese tamén que é de interese público resolver este contrato, por canto non é suficiente para cubrir os custes de persoal e executar as prestacións obxecto do contrato.

Á vista do exposto, podemos concluír que, é preciso proceder a resolución deste contrato. Deste xeito é posible iniciar un expediente de contratación para adxudicar un novo contrato que garanta a subministración do mobiliario urbano.



**Concello de Vigo**

–III–

### **Do procedemento de resolución**

Constatada a existencia dunha causa de resolución, procede iniciar o procedemento de resolución do contrato.

De conformidade co artigo 211.2 a resolución do contrato acordarase polo órgano de contratación, de oficio ou a instancia do contratista, no seu caso, seguindo o procedemento que nas normas de desenvolvemento da LCSP se estableza, agás no suposto no artigo 211.1i) que non concorre neste contrato.

Aínda que o procedemento de resolución queda remitido á norma regulamentaria, o artigo 191 da LCSP establece, ao igual que as Leis anteriores, dous trámites de obrigado cumprimento: a audiencia ao contratista e o ditame do Consello de Estado ou órgano equivalente da Comunidade Autónoma respectiva cando se formule oposición pola súa parte.

En espera do desenvolvemento regulamentario, o procedemento aplicable será o previsto no RXLCAP, en vigor no que non se opoña ás novas disposicións legais. Con carácter supletorio aplicarase, como determina a disposición final 2ª.1 da LCSP, a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común (LPAC).

En consecuencia, segundo o previsto nos artigos 191 da LCSP e 109 do RXLCAP, os requisitos do procedemento de resolución son os seguintes:

- Audiencia ao contratista por prazo de dez días naturais.
- Audiencia ao avalista ou asegurador cando se propoña a incautación da garantía, no mesmo prazo anterior.
- Informe da Asesoría Xurídica.
- Informe preceptivo do órgano consultivo da Comunidade Autónoma cando se formule oposición á resolución por parte do contratista.

A estes requisitos é preciso engadir, consonte ao previsto no artigo 114.3 TRRL:

- Fiscalización pola Intervención Xeral

A resolución poderá instarse por aquela parte á que non lle sexa imputable a circunstancia que dera lugar a ela (artigo 212.2 da LCSP), neste caso concreto por calquera das dúas partes.

Á vista dos trámites enumerados, o procedemento de resolución é un procedemento de carácter contradictorio. Como tal, é trámite preceptivo a audiencia do contratista, a

fin de que este poida formular as alegacións que o seu dereito estime convenientes. E a lei, como garantía dos dereitos do contratista, establece que, se este formulase oposición, é preceptivo solicitar o ditame do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva.

Examinaremos a concorrencia dos citados requisitos:

1.- Audiencia ao contratista

Consta no expediente a conformidade do contratista, en escrito de 6 de setembro de 2023 solicita a resolución, polo que non é necesario evacuar un novo trámite de audiencia.

2.- Audiencia ao avalista ou asegurador

Non procede por canto non se propón a incautación da garantía.

3. e 4.- Informe da Asesoría xurídica e Fiscalización pola Intervención

Deberán realizarse con carácter previo á adopción do acordo da proposta de resolución por parte do órgano de contratación.

5.- Informe preceptivo do órgano consultivo da Comunidade Autónoma

Dado que consta a conformidade do contratista resulta innecesario o informe do Consello Consultivo.

Unha vez adoptado o acordo de resolución do contrato, deberá publicarse no perfil de contratante segundo o previsto no artigo 63.3e) da LCSP.

No presente caso, dado que non se recoñecen compensacións económicas a ningunha das partes non é precisa a liquidación do contrato.

-IV-

**Dos efectos da resolución**



## Concello de Vigo

Os efectos da resolución do contrato veñen regulados con carácter xeral no artigo 213 da LCSP. Nos catros primeiros apartados e no último establece as regras aplicables segundo a causa de resolución, e no apartado 5 establece regras comúns aplicables a todos os supostos.

Con respecto á resolución de mutuo acordo, o seu apartado primeiro se limita a prever que os dereitos das partes axustaranse ao validamente estipulado por elas. No caso que nos ocupa, non procede que as partes se restitúan o recibido con ocasión do contrato, nin procede aboamento nin indemnización ningún.

**-V-**

### **Do prazo para ditar resolución**

A Administración ten a obriga de ditar resolución expresa en todos os procedementos que instrúa, e a notificala calquera que sexa a súa forma de iniciación (artigo 21 LPAC), con excepción dos supostos de terminación do procedemento por pacto ou convenio, ou nos procedementos sometidos unicamente ao deber de comunicación previa á Administración.

Prevé o artigo 212.8 da LCSP, a diferenza das disposicións precedentes en materia de contratación, que o prazo máximo no que os procedementos de resolución deberán ser instruídos e resoltos é de oito meses, a contar, como establece o artigo 21.3 da LPAC, desde a data do acordo de iniciación no caso de incoarse o procedemento de oficio, ou desde que a solicitude tivo entrada no rexistro electrónico da Administración ou Organismo competente para a súa tramitación, nos supostos nos que sexa solicitada a resolución polo contratista.

**-VI-**

### **Competencia**

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención xeral (artigo 114.3 TRRL e apartado 8 da disposición adicional segunda da LCSP), non sendo necesario o informe do Consello Consultivo por ter prestado a conformidade o contratista.

**-VII-**

### **Acordo**

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local, en calidade de órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

*1º.- Resolver o contrato dos servizos de xestión e dinamización do "Centro de Documentación e Recursos Feministas" (Expediente 12025-224) adxudicado pola Xunta de Goberno local a XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L., na sesión do 7 de xullo de 2023, por mutuo acordo entre as partes, causa prevista no artigo 211.1 c da LCSP.*

*2º.- Anular a autorización e disposición do gasto por importe de 63.957,52 €, documento A nº 138545 do 29 de xuño de 2023 por importe de 5.039,08 € e o AFUT nº138546 do 29 de xuño de 2023 por importe de 58.918,44 € repoñendo o crédito a aplicación orzamentaria 23112279906 "Plan municipal igualdade de oportunidades".*

*3º.- Notificar este acordo ao contratista e publicalo no perfil de contratante".*

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **15(901).- RESOLUCIÓN DE MUTUO ACORDO DO CONTRATO DE SERVIZOS DA XESTIÓN E DINAMIZACIÓN DA CASA DAS MULLERES. Expte. 12024/224.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Dáse conta do informe-proposta de data 27/10/2023, asinado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos e conformado pola concelleira da Área de Goberno, a letrada-titular de Asesoría Xurídica e polo interventor xeral, que di o seguinte:

#### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)



## Concello de Vigo

- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA)
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto da xestión e dinamización da Casa das Mulleres (12024-224) (PCAP)
- Prego de prescricións técnicas para a contratación por procedemento aberto da xestión e dinamización da Casa das Mulleres (PPT)

### ANTECEDENTES

**Primeiro.-** Na sesión do 27 de abril de 2023 a Xunta de Goberno local (en adiante XGL) acordou aprobar o expediente de contratación, autorizar o gasto, e a apertura do procedemento de licitación para a contratación da xestión e dinamización da Casa das Mulleres.

**Segundo.-** A XGL, na sesión ordinaria do 7 de xullo de 2023, acordou adxudicar a XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L., o citado procedemento.

**Terceiro.-** O contrato formalizouse o 31 de agosto de 2023 prevendo o inicio a súa execución o 9 de novembro de 2023.

**Cuarto.-** O prazo do contrato, segundo a cláusula 4.A da FEC do PCAP é de 2 anos. Ten prevista tres prórrogas dun ano de duración.

**Quinto.-** En data 6 de setembro de 2023, D. Xosé Antón Fernández Rojo, en representación de XERMOLO, presenta escrito no Rexistro Xeral deste Concello no que expón a comisión dun erro na formulación da súa oferta e solicita que se recoñeza o mesmo, e a si mesmo, a causa da inviabilidade de execución do contrato por mor deste erro, a renuncia ao contrato.

**Sexto.-** A axente de igualdade de oportunidades e a Xefa do servizo de Igualdade en informe do 14 de setembro de 2023 .

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

#### Lexislación aplicable

Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a lexislación aplicable a este contrato. Os contratos réxense, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento no que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda do CC), é dicir:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento

Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).

- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP.
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña ao TRLCSP

Determinada a lexislación aplicable cómpre determinar que tipo de contrato é o que nos ocupa, pois segundo o tipo de contrato aplicaranse distintas causas de resolución e os seus correspondentes efectos. Segundo o previsto na cláusula 2.1 do PCAP, trátase dun contrato típico de servizo.

-II-

### **Da resolución**

A lexislación de contratos do sector público reconece ao órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de acordar a resolución dos contratos e determinar os seus efectos (artigos 190 LCSP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este concreto contrato nas cláusulas 2.3 e 43 do PCAP.

A resolución é unha das formas de finalización do contrato administrativo. A lexislación contractual subsume baixo este termo todas as causas de extinción do vínculo contractual distintas da súa conclusión por cumprimento. Presupón, pois, a aparición dalgunha circunstancia na vida do contrato que impide ou fai inconveniente a súa prosecución ata a súa normal extinción. En definitiva, por resolución entende a lei todas aquelas causas de finalización anticipada do contrato. Neste senso establece o artigo 209 LCSP que os contratos se extinguirán por cumprimento ou resolución.

A lexislación de contratos, ao regular a resolución, establece por un lado unhas causas e efectos xenéricos aplicables a todo tipo de contratos, e por outro, dentro da regulación de cada tipo de contrato típico, establece unhas causas e efectos específicos para os mesmos.

O PCAP que rexe este contrato regula a resolución na cláusula 42 nos seguintes termos:

*“1.- A resolución do contrato rexerese polo establecido con carácter xeral nos artigos 211 a 213 da LCSP e especificamente para o contrato de subministros nos artigos 306 e 307 de devandita Lei.*

*2.- Serán causas de resolución:*





## Concello de Vigo

- a) *O incumprimento reiterado da normativa laboral, de Seguridade Social e de seguridade e saúde laboral, ou da Guía de Coordinación de Actividades Empresariais do Concello de Vigo, publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 61 do 29 de marzo de 2011.*
- b) *O incumprimento reiterado das obrigas aplicables en materia ambiental, social ou laboral establecidas no dereito da Unión Europea, o dereito nacional, os convenios colectivos ou polas disposicións de dereito internacional ambiental, social e laboral que vinculen ao Estado e en particular as establecidas nos convenios que se recollen no Anexo V da LCSP.*
- c) *O incumprimento do código ético recollido na cláusula 19.1 deste prego durante a execución do contrato.*

*3.- A adscrición ao contrato dos medios persoais e materiais que se detallan no apartado 5.F das FEC terá o carácter de obriga esencial para os efectos do previsto no artigo 211.f) da LCSP. No entanto, o órgano de contratación se así o estima conveniente para o interese público, poderá optar por requirirlle ao contratista o cumprimento desta obriga e imporlle as penalidades previstas na cláusula 37.2a). Esta opción só poderá exercitarse unha vez.*

*4.- O incumprimento da condición especial de execución prevista na cláusula 28.1 deste prego terá o carácter de obriga esencial para os efectos do previsto no artigo 211.f) da LCSP, e será causa de resolución do contrato.*

*5.- No apartado 16.D das FEC poderán establecerse outras causas específicas de resolución do contrato” .*

O apartado 16.D das FEC non establece ningunha causa específica de resolución deste contrato.

Dunha interpretación conxunta dos artigos 211 e 313 da LCSP, que establecen as causas de resolución dos contratos en xeral e as específicas do contrato de servizos respectivamente, podemos concluír que son causas de resolución deste contrato as seguintes:

Con carácter xeral (artigo 211 da LCSP):

- a) A morte ou incapacidade sobrevida do contratista individual ou a extinción da personalidade xurídica da sociedade contratista, sen prexuízo do previsto no artigo 98 relativo á sucesión do contratista.
- b) A declaración de concurso ou a declaración de insolvencia en calquera outro procedemento.
- c) **O mutuo acordo entre a Administración e o contratista.**
- d) A mora no cumprimento dos prazos por parte do contratista.
- e) A mora no pagamento por parte da Administración por prazo superior ao establecido no apartado 6 do artigo 198 ou o inferior que se tivese fixado ao abeiro do seu apartado 8.

- f) O incumprimento da obriga principal do contrato, e das restantes obrigacións contractuais esenciais, cualificadas como tales nos pregos ou no contrato. En concreto, no que nos ocupa, o PCAP consigna na cláusula 22 as seguintes:
  - A obriga do contratista de estar ao corrente dos pagamentos cos seus subcontratistas e subministradores no ámbito deste contrato.
  - Nos contratos nos que opere a cesión de datos, a obriga do contratista de someterse á normativa nacional e da Unión Europea en materia de protección de datos.
  - O cumprimento das prestacións esenciais obxecto do contrato.
- g) A imposibilidade de executar a prestación nos termos inicialmente pactados, cando non sexa posible modificar o contrato conforme aos artigos 204 e 205; ou cando dándose as circunstancias establecidas no artigo 205, as modificacións impliquen, illada ou conxuntamente, alteracións do seu prezo, en contía superior, en máis ou en menos, ao 20 por cento do prezo inicial do contrato, con exclusión do IVE.
- h) As que se sinalen especificamente para cada categoría de contrato nesta Lei.
- i) A falta de pagamento, durante a execución do contrato, dos salarios por parte do contratista aos traballadores que estiveran participando na mesma, ou o incumprimento das condicións establecidas nos Convenios colectivos en vigor para estes traballadores tamén durante a execución do contrato.

Para as contratos de servizos (artigo 313 da LCSP):

- j) A desistencia antes de iniciar a prestación do servizo ou a suspensión por causa imputable ao órgano de contratación da iniciación do contrato por prazo superior a catro meses a partir da data nel sinalada para o seu comezo, agás que no prego se sinale outro menor.
- k) A desistencia unha vez iniciada a prestación do servizo ou a suspensión do contrato por prazo superior a oito meses acordada polo órgano de contratación, agás que no prego se sinale outro menor.
- l) Os contratos complementarios quedarán resoltos, en todo caso, cando se resolva o contrato principal.

No caso que nos ocupa, o contratista solicita ou recoñecemento do seu erro e a renuncia do contrato:

*“(...) Por unha incorrecta interpretación do texto do Sobre C, entendemos como “prezo sen iva do contrato” o “prezo sen iva dunha anualidade de contrato” (30.000). Este importe, polo tanto, é incorrecto dado que ao ser 2 anos a duración deste, necesariamente tería que ser o dobre tal e como se xustifica de seguido.*



## Concello de Vigo

4. O importe sen iva dunha anualidade de contrato foi calculado en 30.000 euros -inferior ao prezo de referencia anual establecido na Memoria económica de 32.289,09 euros ao rebaixar o beneficio empresarial do 10% ao 2,2%- para dar cobertura aos custes dun ano de:

a. Salarios: 13.692,18. Calculado na memoria económica sobre base de 20h/semanais dunha animadora sociocultural en convenio de Oio e Tempo libre

b. Gastos de material e de programación: 14.000,00, correspondente a:

contratacións externas: 12.000 euros -que por bases inclúe 240 horas, e que aplicando a referencia de prezo/hora de 50 euros resulta 12.000 euros-, e material: 2.000 euros -segundo a referencia da memoria económica-.

c. Gastos xerais e de estrutura (6% de a) + b) ): 1.661,54

d. Beneficio empresarial (2.2% de a) + b) + c) ): 646,29

5. Resulta inviable con 30.000 euros abordar 2 anos de contrato, o que ocasionaría unhas perdas por importe de 29.354 euros na medida en que os apartado a), b) e c) citados no apartado anterior supoñen custes a soportar a adxudicataria cada ano.

**SOLICITA:**

O recoñecemento do erro de interpretación no concepto “prezo de contrato” ao entendela como “prezo de anualidade de contrato”, tal e como se expuxo anteriormente, que levaría asociada unha perda económica de entorno a 29.354 euros para a adxudicataria e fai inviable a prestación do servizo.

Asemade, polo motivo de non viabilidade na prestación do servizo, solicita a renuncia do contrato “SERVIZO DA XESTIÓN E DINAMIZACIÓN DA CASA DAS MULLERES”.

O certo é que o contrato xa está formalizado e non é posible cambiar o seu prezo por un suposto erro do contratista ao formular a súa oferta, que é tanto como alterar un dos seus elementos esenciais, o que suporía unha modificación do contrato. Esta non parece viable por canto non se axusta a regulación da modificación nos artigos 203 e seguintes da LCSP.

A axente de igualdade de oportunidades e a Xefa do servizo de Igualdade en informe do 14 de setembro de 2023 confirman a inviabilidade do contrato co prezo ofertado, resultando imposible garantir que se poidan realizar as prestacións obxecto do contrato cubrindo os custes de persoal, os gastos xerais e garantindo o beneficio industrial ao contratista, tal e como esixen os artigos 100, 101 e 102 da LCSP. Así, di o citado informe que “A xuízo deste Servizo de Igualdade, a execución do contrato sería inviable se o prezo reflectido no contrato se referise a dúas anualidades, pois con ese prezo non se poderían atender os custes mínimos necesarios para cumprir

*coas obrigas establecidas no contrato, en base ás seguintes consideracións: Como xa se explicou no apartado anterior, a contía mínima que este servizo xestor estimou que sería necesario destinar anualmente para facer fronte aos custos de persoal son 13.692,18 €. Se a adxudicataria destinase a metade neste concepto, estaría incumprindo a normativa laboral. Se pola contra destinase todo o seu orzamento para cubrir os gastos de persoal, non tería orzamento suficiente para cubrir o resto de obrigas do contrato: a programación de 240 horas/ano de actividades, destinando o material e o monitorado cualificado e suficiente”.*

O contratista solicitou, en escrito de 6 de setembro de 2023, o recoñecemento da comisión dun erro na formulación da súa oferta e a renuncia ao mesmo, por mor da inviabilidade da súa execución co prezo ofertado. No entanto, a lei so regula a renuncia da Administración ao contrato, non do contratista, e con carácter previo a adxudicación do contrato no artigo 152. Hai que ter en conta que o contrato que nos ocupa xa está formalizado, se ben non se ten iniciado a prestación do servizo. A xuízo da informante, o que procedería sería a resolución de mutuo acordo do contrato, tendo en conta que non se aprecia ningunha causa de resolución imputable ao contratista e que a responsable do contrato informa sobre a inviabilidade de executar o contrato co prezo ofertado, pois non é suficiente para cubrir os custes de persoal e executar as prestacións obxecto do contrato. En consecuencia, procede incoar expediente para a resolución do contrato de mutuo acordo propoñendo que non procede recoñecer compensación económica a ningunha das partes.

Podemos concluír, pois, tras o exame das citadas causas de resolución, que o caso que nos ocupa se pode subsumir no suposto mencionado no apartado c) da anterior enumeración, que se corresponde co disposto no artigo 211.c da LCSP: “O mutuo acordo entre a Administración e o contratista”.

Para aplicar esta causa de resolución a lei esixe dous requisitos:

- Que non concorra outra causa de resolución imputable ao contratista.
- Que razóns de interese público fagan innecesaria ou inconveniente a permanencia do contrato.

Analizaremos a continuación a concorrencia dos mesmos:

1.- Que non concorra causa de resolución imputable ao contratista

Como se pode colixir, tanto do escrito do contratista como do informe do servizo xestor non concorre ningunha causa de resolución imputable ao contratista. Trátase dun erro na formulación da proposición económica onde oferta como prezo do contrato o importe dunha anualidade.

2.- Que razóns de interese público fagan innecesaria ou inconveniente a permanencia do contrato



## Concello de Vigo

Do citado informe dedúcese tamén que é de interese público resolver este contrato, por canto non é suficiente para cubrir os custes de persoal e executar as prestacións obxecto do contrato.

Á vista do exposto, podemos concluír que, é preciso proceder a resolución deste contrato. Deste xeito é posible iniciar un expediente de contratación para adxudicar un novo contrato que garanta a subministración do mobiliario urbano.

–III–

### **Do procedemento de resolución**

Constatada a existencia dunha causa de resolución, procede iniciar o procedemento de resolución do contrato.

De conformidade co artigo 211.2 a resolución do contrato acordarase polo órgano de contratación, de oficio ou a instancia do contratista, no seu caso, seguindo o procedemento que nas normas de desenvolvemento da LCSP se estableza, agás no suposto no artigo 211.1i) que non concorre neste contrato.

Aínda que o procedemento de resolución queda remitido á norma regulamentaria, o artigo 191 da LCSP establece, ao igual que as Leis anteriores, dous trámites de obrigado cumprimento: a audiencia ao contratista e o ditame do Consello de Estado ou órgano equivalente da Comunidade Autónoma respectiva cando se formule oposición pola súa parte.

En espera do desenvolvemento regulamentario, o procedemento aplicable será o previsto no RXLCAP, en vigor no que non se opoña ás novas disposicións legais. Con carácter supletorio aplicarase, como determina a disposición final 2ª.1 da LCSP, a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común (LPAC).

En consecuencia, segundo o previsto nos artigos 191 da LCSP e 109 do RXLCAP, os requisitos do procedemento de resolución son os seguintes:

- Audiencia ao contratista por prazo de dez días naturais.
- Audiencia ao avalista ou asegurador cando se propoña a incautación da garantía, no mesmo prazo anterior.
- Informe da Asesoría Xurídica.
- Informe preceptivo do órgano consultivo da Comunidade Autónoma cando se formule oposición á resolución por parte do contratista.

A estes requisitos é preciso engadir, consonte ao previsto no artigo 114.3 TRRL:

➤ Fiscalización pola Intervención Xeral

A resolución poderá instarse por aquela parte á que non lle sexa imputable a circunstancia que dera lugar a ela (artigo 212.2 da LCSP), neste caso concreto por calquera das dúas partes.

Á vista dos trámites enumerados, o procedemento de resolución é un procedemento de carácter contradictorio. Como tal, é trámite preceptivo a audiencia do contratista, a fin de que este poida formular as alegacións que o seu dereito estime convenientes. E a lei, como garantía dos dereitos do contratista, establece que, se este formulase oposición, é preceptivo solicitar o ditame do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva.

Examinaremos a concorrencia dos citados requisitos:

1.– Audiencia ao contratista

Consta no expediente a conformidade do contratista, en escrito de 6 de setembro de 2023 solicita a resolución, polo que non é necesario evacuar un novo trámite de audiencia.

2.– Audiencia ao avalista ou asegurador

Non procede por canto non se propón a incautación da garantía.

3. e 4.– Informe da Asesoría xurídica e Fiscalización pola Intervención

Deberán realizarse con carácter previo á adopción do acordo da proposta de resolución por parte do órgano de contratación.

5.– Informe preceptivo do órgano consultivo da Comunidade Autónoma

Dado que consta a conformidade do contratista resulta innecesario o informe do Consello Consultivo.

Unha vez adoptado o acordo de resolución do contrato, deberá publicarse no perfil de contratante segundo o previsto no artigo 63.3e) da LCSP.



## Concello de Vigo

No presente caso, dado que non se recoñecen compensacións económicas a ningunha das partes non é precisa a liquidación do contrato.

### -IV-

#### **Dos efectos da resolución**

Os efectos da resolución do contrato veñen regulados con carácter xeral no artigo 213 da LCSP. Nos catros primeiros apartados e no último establece as regras aplicables segundo a causa de resolución, e no apartado 5 establece regras comúns aplicables a todos os supostos.

Con respecto á resolución de mutuo acordo, o seu apartado primeiro se limita a prever que os dereitos das partes axustaranse ao validamente estipulado por elas. No caso que nos ocupa, non procede que as partes se restitúan o recibido con ocasión do contrato, nin procede aboamento nin indemnización ningún.

### -V-

#### **Do prazo para ditar resolución**

A Administración ten a obriga de ditar resolución expresa en todos os procedementos que instrúa, e a notificala calquera que sexa a súa forma de iniciación (artigo 21 LPAC), con excepción dos supostos de terminación do procedemento por pacto ou convenio, ou nos procedementos sometidos unicamente ao deber de comunicación previa á Administración.

Prevé o artigo 212.8 da LCSP, a diferenza das disposicións precedentes en materia de contratación, que o prazo máximo no que os procedementos de resolución deberán ser instruídos e resoltos é de oito meses, a contar, como establece o artigo 21.3 da LPAC, desde a data do acordo de iniciación no caso de incoarse o procedemento de oficio, ou desde que a solicitude tivo entrada no rexistro electrónico da Administración ou Organismo competente para a súa tramitación, nos supostos nos que sexa solicitada a resolución polo contratista.

### -VI-

#### **Competencia**

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención xeral (artigo 114.3 TRRL e apartado 8 da disposición adicional segunda da LCSP), non

sendo necesario o informe do Consello Consultivo por ter prestado a conformidade o contratista.

**-VII-**

**Acordo**

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local, en calidade de órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

*1º.- Resolver o contrato de servizos de xestión e dinamización da Casa das Mulleres (Expediente 12024-224) adxudicado pola Xunta de Goberno local a XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L., na sesión do 7 de xullo de 2023, por mutuo acordo entre as partes, causa prevista no artigo 211.1 c da LCSP.*

*2º.- Anular a autorización e disposición do gasto por importe de 78.139,60 €, documento A nº 138531 do 29 de xuño de 2023 por importe de 6.156,45 € e o AFUT nº 138534 do 29 de xuño de 2023 por importe de 71.983,15 € repoñendo o crédito a aplicación orzamentaria 23112279910 "Dinamización casa das Mulleres".*

*3º.- Notificar este acordo ao contratista e publicalo no perfil de contratante".*

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**16(902).-PROPOSTA DE ANULACIÓN DOS DOCUMENTOS DOCUMENTOS CONTABLES EMITIDOS NA CONTRATACIÓN DUN PATROCINIO PUBLICITARIO PARA CELEBRAR UN CONCERTO INTERNACIONAL NO ESTADIO DE BALAÍDOS EN XUÑO DE 2023. Expte. 9713/335**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Dáse conta do informe-proposta de data 30/10/2023, asinado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos, a xefa do Departamento de Alcaldía e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

**LEXISLACIÓN APLICABLE**





## Concello de Vigo

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011.
- Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLFL), aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local (RDCI).
- RD 500/1990, do 20 de abril.
- Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral de orzamentos (LGP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).
- Orden HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local.

### ANTECEDENTES

**Primeiro.-** Con data do 24 de abril de 2023 a Xunta de Goberno local (en adiante, XGL), acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto, dun patrocinio publicitario para celebrar un concerto internacional no estadio de Balaídos en xuño de 2023 (9.713-335), autorizar o gasto e abrir a licitación.

**Segundo.-** O presuposto base de licitación é de 1.891.946,12. No expediente de contratación constan os oportunos certificados de existencia de crédito RC 202300048907 por importe de 1.200.000,00 euros e RC 20230004906 por importe de 691.946,12, debidamente asinados polo responsable de contabilidade, con cargo as aplicacións orzamentarias 9120.2279903 e 3380.226090, respectivamente.

**Terceiro.-** O día 25 de abril de 2023 publicouse anuncio no perfil de contratante aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público, rematando o prazo para a presentación das proposicións o 10 de maio. Durante este prazo presentouse SWEET NOCTURNA, S.L.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 1 de xuño de 2023 acordou non admitir ao único licitador presentado, SWEET NOCTURNA, S.L., por non ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos dentro do prazo concedido, e propoñer ao órgano de contratación a declaración de deserto deste procedemento.

**Quinto.-** A XGL, na sesión do 8 de xuño, acordou declarar deserto o citado procedemento.

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

**Primeiro.-** É un requisito indispensable do expediente de contratación o certificado de existencia de crédito ou documento equivalente que acredite a existencia de crédito (artigo 116.3 LCSP), e a fiscalización previa da intervención, se é o caso, nos termos previstos na LGP.

O artigo 31 do RD 500/1990, dispón que a retención de crédito é o acto polo que, respecto dunha partida orzamentaria, expídese certificación da existencia de saldo suficiente para a autorización dun gasto ou transferencia de crédito, por un importe determinado, producíndose unha reserva por dito importe.

A expedición do certificado de existencia de crédito adoita realizarse mediante a expedición do documento contable RC de retención de crédito na aplicación orzamentaria que financiará o gasto, acreditando formalmente que existe un saldo acreedor dispoñible para as ditas solicitudes e importes.

No caso que nos ocupa, una vez declarado deserto o procedemento, procede anular as retencións de crédito realizadas para garantir a existencia de crédito para a contratación, tal e como esixe o artigo 116 da LCSP:

- RC 202300048907 por importe de 1.200.000,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 9120.2279903, asinada o 21 de abril de 2023 pola dirección superior contable e orzamentaria.
- RC 20230004906 por importe de 691.946,12, con cargo á aplicación orzamentaria 3380.2260904 (Patrocinio Concertos) asinada o 21 de abril de 2023 pola dirección superior contable e orzamentaria.

**Segundo.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previa fiscalización da Intervención xeral (artigo 114.3 TRRL e apartado 8 da disposición adicional segunda da LCSP).

En mérito ao exposto, propónse á Xunta de Goberno local, en calidade de órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

*“Anular os documentos contables RC nº 202300048907, por importe de 1.200.000,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 9120.2279903, e RC nº 20230004906 por importe de 691.946,12, con cargo á aplicación orzamentaria 3380.2260904 asinados o 21 de abril de 2023 pola dirección superior contable e orzamentaria, repoñendo o crédito as citadas aplicacións orzamentarias”.*

**ACORDO**



## Concello de Vigo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **17(903).- AMPLIACIÓN DO PRAZO DE XUSTIFICACIÓN DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA A ORGANIZACIÓN DE EVENTOS E CONGRESOS DE INTERÉS TURÍSTICO, NO ANO 2023. Expte. 8493/104.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico de 02/11/2023, dáse conta do informe-proposta de data 02/11/2023, asinado pola técnica de actividades turísticas e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

#### **I.- ANTECEDENTES**

Con data 17/04/2023 aprobouse a iniciación dun expediente administrativo para a redacción e aprobación de “BASES E CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA A ORGANIZACIÓN DE EVENTOS DEPORTIVOS DE INTERÉS TURÍSTICOS NO ANO 2023”

Os obxectivos xerais destas subvencións responden ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na busca da potenciación de sinerxías no ámbito turístico, destacando:

- Contribuír á desestacionalización turística co fin de xerar un interese turístico estable ao longo do ano.
- Optimización dos recursos para a dinamización do turismo.
- Concienciación do interese xeral do capital humano no ámbito turístico.
- Crear un tecido asociativo transversal da nosa cidade, en defensa dos intereses xerais da poboación local.
- A colaboración con axentes que desenvolven actividades transversais ao turismo co fin de xerar novos produtos turísticos que resulten atractivos para a mellora da afluencia turística á cidade.
- Diversificar a oferta turística mediante o apoio a actividades transversais ao turismo que xeren un atractivo turístico engadido
- Contribuír a xerar unha identidade turística de marca Vigo.

O obxecto desta convocatoria ven a desenvolver eventos deportivos con especial interese turístico no ámbito local, de conformidade co artigo 25.2.h da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, (modificación introducida pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local), segundo a cal, o municipio exercerá como competencia propia nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, a información e promoción da actividade turística de interese de ámbito local, así mesmo os artigos 80.1 e 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, recollen que o municipio exercerá as competencias relativas ao turismo, en relación a este ámbito competencial a Lei 7/2011 de 27 de outubro

de Turismo de Galicia, no seu art.5 dispón que corresponde aos Concellos, sen prexuízo das competencias establecidas pola lexislación de réxime local, a promoción e protección dos recursos turísticos de seu término municipal.

A Xunta de Goberno Local aproba, en sesión ordinaria de 5 de maio de 2023, as “ BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE “SUBVENCIONS PARA A ORGANIZACION DE EVENTOS DEPORTIVOS CON FINES DE INTERESE TURISTICO NO ANO 2023”. EXPTE. 8463/104” que con posterioridade, o 15 de maio, foron publicadas no BOPPO (núm. 92).

## **II. AMPLIACIÓN DO PLAZO DE XUSTIFICACIÓN.**

A cláusula decimo quinta das bases da xustificación das subvención, establece que “As beneficiarias das subvencións teñen de prazo ata o 6 de novembro de 2023 (Incluído) para dar cumprimento das finalidades para as que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos.”

O artigo 70 do RLXS dispón que << 1. *El órgano concedente de la subvención podrá otorgar, salvo precepto en contra contenido en las bases reguladoras, una ampliación del plazo establecido para la presentación de la justificación, que no exceda de la mitad de mismo y siempre que con ello no se perjudiquen derechos de tercero.*

2. *Las condiciones y el procedimiento para la concesión de la ampliación son los establecidos en el artículo 49 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común*>>

*Así mismo o artigo 32 da LPAC vixente dispón << 1. La Administración, salvo precepto en contrario, podrá conceder de oficio o a petición de los interesados, una ampliación de los plazos establecidos, que no exceda de la mitad de los mismos, si las circunstancias lo aconsejan y con ello no se perjudican derechos de tercero. El acuerdo de ampliación deberá ser notificado a los interesados.*

(..)>>

En base ao exposto, a nova data límite de xustificación da subvención respecta o sinalado no punto 38.11 de bases de execución do orzamento do Concello de Vigo dispón que “as bases da convocatoria terán que regular a xustificación das axudas no mesmo ano no que se outorgan, o prazo de xustificación non será despois da segunda semana do mes de novembro..>>

*E por isto que non habéndose adoptado acordo de concesión das subvención considerase conforme ao interese xeral a ampliación do prazo de xustificación de subvencións ata o día 07/12/2023 non advertíndose que coa mesma se prexudiquen intereses a terceiros.*

Por todo o exposto, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

1.- Ampliar o prazo da xustificación da subvención, ata o 7 de decembro de 2023 (incluído) para dar cumprimento das finalidades para as que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos.

## **ACORDO**



## Concello de Vigo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **18(904).- AMPLIACIÓN DO PRAZO DE XUSTIFICACIÓN DA CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DE EVENTOS DEPORTIVOS DE INTERÉS TURÍSTICOS NO ANO 2023. Expte. 8463/104.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico de 02/11/2023, dáse conta do informe-proposta de data 02/11/2023, asinado pola técnica de actividades turísticas e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

#### **I.- ANTECEDENTES.**

Con data 17/04/2023 aprobouse a iniciación dun expediente administrativo para a redacción e aprobación de “BASES E CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA A ORGANIZACIÓN DE EVENTOS DEPORTIVOS DE INTERÉS TURÍSTICOS NO ANO 2023”

A Xunta de Goberno Local aproba, en sesión ordinaria de 5 de maio de 2023, as “ BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE “SUBVENCIÓNS PARA A ORGANIZACIÓN DE EVENTOS DEPORTIVOS CON FINES DE INTERESE TURÍSTICO NO ANO 2023”. EXPTE. 8463/104” que con posterioridade, o 15 de maio, foron publicadas no BOPPO (núm. 92).

Establece a cláusula terceira que a cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 90.000,00€ (noventa mil euros) e segundo a cláusula oitava, unha vez valorados os criterios de puntuación de todas as solicitudes, estas ordenaranse de maior a menor a puntuación obtida, outorgándose a subvención en rigorosa orde de prelación, ata esgotar o crédito existente.

#### **II. AMPLIACIÓN DO PLAZO DE XUSTIFICACIÓN.**

A cláusula decimo quinta das bases da xustificación das subvención, establece que “As beneficiarias das subvencións teñen de prazo ata o 6 de novembro de 2023 (Incluído) para dar cumprimento das finalidades para as que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos.”

O artigo 70 do RLXS dispón que << 1. *El órgano concedente de la subvención podrá otorgar, salvo precepto en contra contenido en las bases reguladoras, una ampliación del plazo establecido para la presentación de la justificación, que no exceda de la mitad de mismo y siempre que con ello no se perjudiquen derechos de tercero.*

*2. Las condiciones y el procedimiento para la concesión de la ampliación son los establecidos en el artículo 49 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común>>*

*Así mismo o artigo 32 da LPAC vixente dispón << 1. La Administración, salvo precepto en contrario, podrá conceder de oficio o a petición de los interesados, una ampliación de los plazos establecidos, que no exceda de la mitad de los mismos, si las circunstancias lo aconsejan y con ello no se perjudican derechos de tercero. El acuerdo de ampliación deberá ser notificado a los interesados.*

*(..)>>*

En base ao exposto, a nova data límite de xustificación da subvención respecta o sinalado no punto 38.11 de bases de execución do orzamento do Concello de Vigo dispón que "as bases da convocatoria terán que regular a xustificación das axudas no mesmo ano no que se outorgan, o prazo de xustificación non será despois da segunda semana do mes de novembro..>>

*E por isto que non habéndose adoptado acordo de concesión das subvención considerase conforme ao interese xeral a ampliación do prazo de xustificación de subvencións ata o día 07/12/2023 non advertíndose que coa mesma se prexudiquen intereses a terceiros.*

Por todo o exposto, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

1.- Ampliar o prazo da xustificación da subvención, ata o 7 de decembro de 2023 (incluído) para dar cumprimento das finalidades para as que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos.

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## **19(905).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.



## **Concello de Vigo**

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez